



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 141

IX lexislatura

Serie Pleno

Sesión plenaria 10 de febreiro de 2016

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira

ORDE DO DÍA (Continuación.)

Punto 4. Propositions non de lei en Pleno

4.1 32068 (09/PNP-002330)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Santalices Vieira, Miguel Ángel, e sete deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa adherencia ao tratamento farmacolóxico en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 410, do 05.02.2015

4.2 38458 (09/PNP-002801)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Sánchez García, Antón

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central e á Unión Europea en relación coa práctica de *dumping*, ou competencia desleal, no transporte de mercadorías por estrada

Publicación da iniciativa, BOPG nº 509, do 27.08.2015

4.3 44244 (09/PNP-003217)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Sánchez García, Antón

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co Real decreto 900/2015, do 9 de outubro, polo que se regula o autoconsumo de enerxía eléctrica

Publicación da iniciativa, BOPG nº 564, do 02.12.2015

4.4 44372 (09/PNP-003226)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Romero Fernández, Cristina Isabel, e sete deputados/as máis

Sobre a posta en marcha polo Goberno galego dun programa de mercados no Camiño de Santiago

Publicación da iniciativa, BOPG nº 564, do 02.12.2015

4.5 44916 (09/PNP-003255)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Soneira Tajés, María Soledad, e dous deputados/as máis

Sobre a presentación polo Goberno galego no Parlamento de Galicia dun paquete de medidas para corrixir a situación demográfica de Galicia e facilitarlle á mocidade galega o acceso ao traballo na súa terra

Publicación da iniciativa, BOPG nº 573, do 16.12.2015

4.6 45374 (09/PNP-003283)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodas Chapela, Daniel

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa redacción que presenta o Anteproxecto de lei de acuicultura de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 585, do 20.01.2016

4.7 45615 (09/PNP-003298)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez Romeu, José Luis, e dous deputados/as máis

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da realización das modificacións normativas necesarias para permitir a compatibilidade da percepción das pensións coas derivadas dos dereitos de autor

Publicación da iniciativa, BOPG nº 590, do 27.01.2016

4.8 45772 (09/PNP-003310)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pombo Rodríguez, Cosme Eladio, e seis deputados/as máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa aplicación en Galicia da Lei orgánica para a mellora da calidade educativa e a demanda que debe realizar ao Goberno central ao respecto

Publicación da iniciativa, BOPG nº 590, do 27.01.2016

Punto 5. Interpelacións

5.1 41921 (09/INT-001591)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Acuña do Campo, María Carmen, e dous deputados/as máis

Sobre a política do Goberno galego en materia de atención psiquiátrica

Publicación da iniciativa, BOPG nº 527, do 30.09.2015

5.2 44814 (09/INT-001703)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre a precarización do mercado laboral

Publicación da iniciativa, BOPG nº 569, do 10.12.2015

5.3 45351 (09/INT-001718)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Fajardo Recousó, Juan Manuel

Sobre o impacto do Anteproxecto de lei de acuicultura de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 585, do 20.01.2016

Punto 6. Preguntas para resposta oral ao presidente da Xunta

6.1 46329 (09/POPX-000167)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego en relación coa prórroga da permanencia de ENCE na ría de Pontevedra

Publicación da iniciativa, BOPG nº 594, do 3.02.2015

6.2 46332 (09/POPX-000168)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez Romeu, José Luis

Sobre a garantía pola política económica da Xunta de Galicia da saída de crise

Publicación da iniciativa, BOPG nº 594, do 3.02.2015

6.3 46363 (09/POPX-000169)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Sánchez García, Antón

Sobre a xestión do Goberno galego en relación cos sectores produtivos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 594, do 3.02.2015

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 46330 (09/PUP-000247)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa

Sobre a xestión da Presidencia da Deputación provincial de Ourense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 594, do 3.02.2015

7.2 46364 (09/PUP-000248)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Beiras Torrado, Xosé Manuel, e cinco deputados/as máis

Sobre as manobras da OTAN na provincia de Lugo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 594, do 3.02.2015

7.3 45801 (09/POP-004239)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Docasar Docasar, Ricardo Vicente, e catro deputados/as máis

Sobre as queixas formuladas respecto da resolución da Secretaría Xeral de Igualdade referida ás axudas ás ANPA dos centros educativos públicos e destinadas á realización de actividades extraescolares e complementarias para facilitar a conciliación da vida persoal, laboral e familiar

Publicación da iniciativa, BOPG nº 590, do 27.01.2016

7.4 45635 (09/POP-004263)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Barreira, María Julia, e sete deputados/as máis

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para solucionar os problemas de conexión do sistema de saneamento no Porto Seco de Monforte de Lemos para facilitar a implantación de empresas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 585, do 20.01.2016

7.5 45570 (09/POP-004196)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme, e Pombo Rodríguez, Cosme Eladio

Sobre as medidas adoptadas polo Goberno galego para o desenvolvemento no ámbito educativo da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transsexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 590, do 27.01.2016

7.6 45428 (09/POP-004168)

Grupo Parlamentario Mixto

Martínez García, María Consuelo

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para recuperar o dinamismo demográfico e económico nos concellos do medio rural

Publicación da iniciativa, BOPG nº 585, do 20.01.2016

7.7 45369 (09/POP-004159)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

García García, Pablo, e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para facilitarles ás persoas interesadas o acceso á formación necesaria para a obtención do carné de manipulador de produtos fitosanitarios de nivel básico

Publicación da iniciativa, BOPG nº 585, do 20.01.2016

7.8 45491 (09/POP-004178)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel, e seis deputados/as máis

Sobre os obxectivos previstos no Anteproxecto de lei de acuicultura de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 590, do 27.01.2016

Retómase a sesión ás dez e dous minutos da mañá.

O señor presidente comunica a inasistencia xustificada do Sr. Beiras Torrado (AGE). (Páx. 10.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Francisco Xesús Jorquera Caselas, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego en relación coa prórroga da permanencia de Ence na ría de Pontevedra. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: Sr. Jorquera Caselas (BNG). (Páx.10.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 10.)

Réplica do autor: Sr. Jorquera Caselas (BNG). (Páx. 11.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 12.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. José Luis Méndez Romeu, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a garantía pola política económica da Xunta de Galicia da saída da crise. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: Sr. Méndez Romeu (S). (Páx. 13.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 14.)

Réplica do autor: Sr. Méndez Romeu (S). (Páx.14.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 15.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Antón Sánchez García, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre a xestión do Goberno galego en relación cos sectores produtivos. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: Sr. Sánchez García (AGE). (Páx. 16.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 16.)

Réplica do autor: Sr. Sánchez García (AGE). (Páx. 17.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 18.)

Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co Real decreto 900/2015, do 9 de outubro, polo que se regula o autoconsumo de enerxía eléctrica. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. Vázquez Díaz (AGE). (Páx. 19.)

Intervención dos grupos parlamentarios: Sra. Martínez García (M) (Páx. 21.), Sra. Adán Villamarín (BNG) (Páx. 22.), Sr. Losada Álvarez (S) (Páx. 23.) e Sr. Santos Regueiro (P). (Páx. 24.)

Nova intervención do señor Vázquez Díaz (AGE). (Páx. 26.)

Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Cristina Isabel Romero Fernández e sete deputados/as máis, sobre a posta en marcha polo Goberno galego dun programa de mercados no Camiño de Santiago. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 27.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Romero Fernández (P).* (Páx. 27.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Fernández Rodríguez (M)* (Páx. 29.) e *Sr. Gallego Lomba (S).* (Páx. 30.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Ron Fernández (AGE)* (Páx. 31.) e *Sra. Prado Cores (BNG).* (Páx. 33.)

A señora Romero Fernández (P) intervéñ para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 34.)

Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Soledad Soneira Tajés e dous deputados/as máis, sobre a presentación polo Goberno galego no Parlamento de Galicia dun paquete de medidas para corrixir a situación demográfica de Galicia e facilitarlle á mocidade galega o acceso ao traballo na súa terra. (Punto cuarto da orde do día.)

A señora presidenta (Rodríguez Arias) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 35.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Soneira Tajés (S).* (Páx. 36.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Fernández Rodríguez (M)* (Páx. 38.) e *Sr. Dorado Soto (P).* (Páx. 39.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Sánchez García (AGE)* (Páx. 40.) e *Sra. Prado Cores (BNG).* (Páx. 42.)

A señora Soneira Tajés (S) intervéñ para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 43.)

Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Daniel Rodas Chapela, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa redacción que presenta o Anteproxecto de lei de acuí-cultura de Galicia. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Rodas Chapela (BNG).* (Páx. 44.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Martínez García (M)* (Páx. 46.), *Sr. Fajardo Recousó (AGE)* (Páx. 47.), *Sr. Val Alonso (S)* (Páx. 48.) e *Sr. Balseiro Orol (P).* (Páx. 49.)

Nova intervención do señor Rodas Chapela (BNG). (Páx. 50.)

Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. José Luís Méndez Romeu e dous deputados/as máis, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da realización das modificacións normativas necesarias para permitir a compatibilidade da percepción das pensións coas derivadas dos dereitos de autor. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 51.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Méndez Romeu (S).* (Páx. 51.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Puy Fraga (P).* (Páx. 53.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Martínez García (M)* (Páx. 54.), *Sr. Ron Fernández (AGE)* (Páx. 55.) e *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 56.)

O señor Méndez Romeu (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 57.)

Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Cosme Eladio Pombo Rodríguez e seis deputados/as máis, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa aplicación en Galicia da Lei orgánica para a mellora da calidade educativa e a demanda que debe realizar ao Goberno central ao respecto. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. Pombo Rodríguez (BNG). (Páx. 58.)

Intervención dos grupos parlamentarios: Sra. Iglesias Sueiro (M) (Páx. 59.), Sr. Vázquez Díaz (AGE) (Páx. 60.), Sr. Docasar Docasar (S) (Páx. 61.) e Sr. Fariñas Sobrino (P). (Páx. 62.)

Nova intervención do señor Pombo Rodríguez (BNG). (Páx. 64.)

Votación das proposicións non de lei

Votación da Proposición non de lei do G.P. Popular, por iniciativa de D. Miguel Ángel Santalices Vieira e sete deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa adherencia ao tratamento farmacolóxico en Galicia: aprobada por 40 votos a favor, 32 en contra e ningunha abstención. (Páx. 64.)

Votación da Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e á Unión Europea en relación coa práctica de dumping, ou competencia desleal, no transporte de mercadorías por estrada: rexeitada por 32 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención. (Páx. 64.)

Votación da Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co Real decreto 900/2015, do 9 de outubro, polo que se regula o autoconsumo de enerxía eléctrica: rexeitada por 32 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención. (Páx. 65.)

Votación da Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Cristina Isabel Romero Fernández e sete deputados/as máis, sobre a posta en marcha polo Goberno galego dun programa de mercados no Camiño de Santiago: aprobada por 40 votos a favor, 31 en contra e 1 abstención. (Páx. 65.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Soledad Soneira Tajés e dous deputados/as máis, sobre a presentación polo Goberno galego no Parlamento de Galicia dun paquete de medidas para corrixir a situación demográfica de Galicia e facilitarlle á mocidade galega o acceso ao traballo na súa terra: rexeitada por 32 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención. (Páx. 65.)

Votación da Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Daniel Rodas Chapela, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa redacción que presenta o Anteproxecto de lei de acuicultura de Galicia: rexeitada por 32 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención. (Páx. 65.)

O señor Méndez Romeu (S) dá lectura ao texto transaccionado da Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da realización das modificacións normativas necesarias para permitir a compatibilidade da percepción das pensións coas derivadas dos dereitos de autor. (Páx. 66.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. José Luis Méndez Romeu e dous deputados/as máis, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da realización das modificacións normativas nece-

sarias para permitir a compatibilidade da percepción das pensións coas derivadas dos dereitos de autor: *aprobada por 72 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 66.)

Votación da Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Cosme Eladio Pombo Rodríguez e seis deputados/as máis, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa aplicación en Galicia da Lei orgánica para a mellora da calidade educativa e a demanda que debe realizar ao Goberno central ao respecto: *rexeitada por 32 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Pax. 66.)

Declaración institucional

O señor presidente, por pedimento dos grupos parlamentarios, le unha declaración institucional referida ao apoio do Parlamento de Galicia aos oito sindicalistas de Airbus, que se aproba por asentimento. (Páx. 66.)

Interpelación de D. Juan Manuel Fajardo Recouso, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre o impacto do Anteproxecto de lei de acuicultura de Galicia. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Fajardo Recouso (AGE).* (Páx. 67.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo).* (Páx. 69.)

Réplica do autor: *Sr. Fajardo Recouso (AGE).* (Páx. 71.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo).* (Páx. 73.)

Suspéndese a sesión ás tres e dous minutos da tarde e retómase ás catro e trinta minutos.

Interpelación de D^a María Carmen Acuña do Campo e dous deputados/as máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en materia de atención psioxeriatría. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Acuña do Campo (S).* (Páx. 74.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña).* (Páx. 75.)

Réplica da autora: *Sra. Acuña do Campo (S).* (Páx. 78.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña).* (Páx. 79.)

Interpelación de D^a María Montserrat Prado Cores, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a precarización do mercado laboral. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Prado Cores (BNG).* (Páx. 80.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López).* (Páx. 82.)

Réplica da autora: *Sra. Prado Cores (BNG).* (Páx. 84.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López).* (Páx. 86.)

Pregunta de D^a María Tereixa Paz Franco, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a xestión da Presidencia da Deputación Provincial de Ourense. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Paz Franco (BNG).* (Páx. 87.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela).* (Páx. 88.)

Réplica da autora: *Sra. Paz Franco (BNG).* (Páx. 88.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela).* (Páx. 89.)

Pregunta de D. Ramón Vázquez Díaz e cinco deputados/as máis, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre as manobras da OTAN na provincia de Lugo. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Vázquez Díaz (AGE)*. (Páx. 89.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 90.)

Réplica do autor: *Sr. Vázquez Díaz (AGE)*. (Páx. 91.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 91.)

Pregunta de D. Ricardo Vicente Docasar Docasar e catro deputados/as máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as queixas formuladas respecto da resolución da Secretaría Xeral de Igualdade referida ás axudas ás ANPA dos centros educativos públicos e destinadas á realización de actividades extraescolares e complementarias para facilitar a conciliación da vida persoal, laboral e familiar. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Docasar Docasar (S)*. (Páx. 92.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 93.)

Réplica do autor: *Sr. Docasar Docasar (S)*. (Páx. 94.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 94.)

Pregunta de D^a María Julia Rodríguez Barreira e sete deputados/as máis, do G.P. Popular de Galicia, sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para solucionar os problemas de conexión do sistema de saneamento no Porto Seco de Monforte de Lemos para facilitar a implantación de empresas. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Rodríguez Barreira (P)*. (Páx. 96.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 97.)

Réplica da autora: *Sra. Rodríguez Barreira (P)*. (Páx. 97.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 98.)

Modificación da orde do día

A señora presidenta (Rodríguez Arias) informa de que se retirou a pregunta número 45491, do Grupo Parlamentario Popular. (Páx. 98.)

Pregunta de D^a Carmen Adán Villamarín e D. Cosme Eladio Pombo Rodríguez, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas adoptadas polo Goberno galego para o desenvolvemento no ámbito educativo da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Adán Villamarín (BNG)*. (Páx. 99.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González)*. (Páx. 99.)

Réplica da autora: *Sra. Adán Villamarín (BNG)*. (Páx. 100.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González)*. (Páx. 101.)

Pregunta de D^a María Consuelo Martínez García, do G.P. Mixto, sobre as medidas previstas polo Goberno galego para recuperar o dinamismo demográfico e económico nos concellos do medio rural. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Martínez García (M)*. (Páx. 102.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 103..)

Réplica da autora: *Sra. Martínez García (M)*. (Páx. 103.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 104.)

Pregunta de D. Pablo García García e dous deputados/as máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para facilitarlles ás persoas interesadas o acceso á formación necesaria para a obtención do carné de manipulador de produtos fitosanitarios de nivel básico. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. García García (S)*. (Páx. 105.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 106.)

Réplica do autor: *Sra. García García (S)*. (Páx. 106.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 107.)

Remata a sesión ás sete da tarde.

Retómase a sesión ás dez e dous minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días, señorías e público que nos acompaña. Imos escomenzar a sesión.

Grazas.

Antes de escomenzar co punto 6º, que se corresponde co de preguntas con resposta oral ao presidente da Xunta de Galicia, quixera desculpar a asistencia do señor Beiras, que hoxe á mañá se puxo en contacto comigo e non pode asistir a esta sesión.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Francisco Xesús Jorquera Caselas, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego en relación coa prórroga da permanencia de Ence na ría de Pontevedra

O señor PRESIDENTE: Para formular a pregunta ten a palabra o señor Jorquera.

O señor JORQUERA CASELAS: Grazas, señor presidente.

Señor Feijóo, propóñolle un novo lema para o seu partido, o título dunha comedia española dos anos noventa: *Todo por la pasta*.

Pola pasta, un goberno en funcións entrega a ría de Pontevedra a Ence durante 60 anos. Pola pasta, señor Feijóo, a de papel e a outra, porque, a cambio de compromisos de investimento de 61 millóns de euros, privatizan o dominio público para asegurarlle a unha empresa privada ganancias de 2.000 millóns. Unha decisión inxusta e covarde, señor Feijóo.

Covarde porque non o fixeron antes do remate da lexislatura estatal por medo ao custo político. E fano agora por medo a non seguir gobernando no Estado.

Covarde porque vostede propuxo limitar as decisións dun goberno en funcións a asuntos de trámite, e agora pretenden presentarnos esta decisión como se fose a culminación dun simple trámite administrativo.

Covarde porque o mesmo Goberno que despachou aos nosos representantes da frota do cerco dicindo que un gober-

no estando en funcións non podía modificar as cotas de pesca, regala agora a ría de Pontevedra a unha empresa privada.

Mire, iso é todo un exemplo de para quen gobernan vostedes. Aos mariñeiros do cerco, coas portas no nariz, e a Ence, portas xiratorias. Porque iso é o que se esconde tras esta decisión, señor Feijóo, supeditar o interese xeral aos intereses dun consello de administración. Consello –¡faltaría máis!– no que están colocados a señora Isabel Tocino, o señor Carlos del Álamo e unha longa nómina de amigos.

Vostede non pode dar a calada por resposta como presidente da Xunta, señor Feijóo. Non pode dar a calada por resposta porque o seu goberno é responsábel. É responsábel, primeiro, por traizoar os seus compromisos electorais. Segundo, é responsábel por emitir un informe favorábel. Terceiro, é responsábel por ter permitido unha modificación da Lei de costas que invadía as nosas competencias. Unha modificación da Lei de costas que prorrogou durante outros 75 anos as concesións en dominio público. E é responsábel en última instancia porque a prórroga de Ence está amparada pola Xunta de Galiza, que aceptou a chantaxe imposta pola empresa.

Por iso, señor Feijóo, ¿está disposto vostede a rectificar? ¿Está disposto a escoitar o clamor inmensamente maioritario da sociedade de Pontevedra? ¿Vai adoptar, en definitiva, algunha medida ante a prórroga de 60 anos para que Ence permaneza na ría de Pontevedra?

Moitas garzas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Jorquera.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, a ubicación da papeleira Ence na ría de Pontevedra a todos os que estamos aquí non nos gusta. *(Murmuros.)*

Permítanme, señorías, reiterarlles que nin ao Goberno nin ao grupo maioritario nin aos escanos da oposición lle

gusta a ubicación da papeleira Ence na ría de Pontevedra, e iso non é novo, porque o partido ao que pertenzo propuxo valorar e estudar un posible traslado desa papeleira.

Señoría, hai máis ou menos un ano vostede pregúntame sobre Ence. Hai máis ou menos un ano respostáballe do mesmo xeito. Os galegos temos dereito a saber que en Ence hai dúas opcións: pechala e, en consecuencia, centenares de persoas ao paro e miles de familias diminuindo os seus ingresos pola venda da madeira, ou ben facilitar que siga aberta cumprindo sempre, efectivamente, dúas condicións.

Primeiro, que cumpra sempre a normativa española e europea medioambiental. Digo sempre. E, segundo, procurar certezas económicas, emprego e investimentos concretos desa compañía.

Señoría, vostede e eu sabemos que non hai ningunha alternativa mais que estas dúas: ou pechala, ou facilitar, cumprindo a normativa medioambiental, a actual ubicación.

E dígoo, señorías, porque vostedes levan tanto tempo en Galicia coma nós e nunca propuxeron unha ubicación alternativa; nunca falaram a onde se podía levar. ¿Por que? Porque os galegos sabemos que para ter unha papeleira como a de Ence necesitamos un caudal de auga diario similar ao consumo de 200.000 persoas. Sabemos que para ubicar unha papeleira necesitamos a proximidade dun río ou do mar. Sabemos que necesitamos a proximidade dun porto internacional de calado. E sabemos tamén que necesitamos unha forza eléctrica de 30 megavatios, similar ao consumo da metade da cidade de Vigo, diariamente.

Por iso, señorías, estabamos nun dilema e seguimos nese dilema; e por iso vostedes levan gobernando moito tempo en Pontevedra e nunca propuxeron unha alternativa para Ence, salvo pechar e ir ao paro centenares de familias, e miles de familias que vexan diminuídos os seus ingresos pola venda da madeira.

Señoría, ¿que fixo a Xunta de Galicia? O mesmo que a Xunta do Bipartito, exactamente o mesmo: comprobar se cumpre os compromisos medioambientais. Vostedes o acreditaron na declaración de impacto ambiental do ano 2008 que asinou o seu goberno. E nós volvemos acreditala agora, asinada por este goberno.

Señoría, o que fixo a Xunta do Bipartito e a Xunta actual é exactamente o mesmo: ver se cumpren ou non cumpren as normativas. Agora, señoría, vostede pregúntame algo máis. ¿Que vai facer a actual Xunta? Mire, señoría, nós sabemos que Ence acaba de asumir unha gran débeda con Pontevedra cidade, Pontevedra comarca e Galicia no seu conxunto. E por iso imos exixirlle que cumpra os investimentos previstos, que manteña o emprego previsto e que cumpra ano a ano e mes a mes as normativas medioambientais que se lle exixen.

E eu engadiría, e ademais imos exixirlle algo máis: que siga cumprindo por riba dos límites legais a normativa medioambiental europea. Dous: que faga investimentos no ámbito do sector forestal. E, tres, que traia novos proxectos industriais á comarca de Pontevedra...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...e a Galicia.

Señoría, nós non lles imos mentir aos galegos.

Moitas grazas, señoría. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Réplica, señor Jorquera.

O señor JORQUERA CASELAS: Señor Feijóo, ¡tarde piou!, porque lles mentiu vostede aos galegos cando no programa electoral do Partido Popular figuraba a reubicación de Ence. *(Aplausos.)*

Mire, señor Feijóo, quen goberna en Galiza, de momento, é vostede. É vostede quen ten que decidir onde se reubica Ence, porque Pontevedra non é un bo emprazamento para Ence.

En segundo lugar, señor Feijóo, deixe de utilizar o emprego como coartada. Mire, Ence só é o sector número 20 na xeración de emprego en Pontevedra. Ence destrúe máis emprego do que crea, en Pontevedra e en Galiza, señor Feijóo, porque impón un modelo de monocultivo forestal, un modelo depredador de recursos públicos, de recursos naturais e depredador tamén de postos de traballo.

Mire, señor Feijóo, se tanto lle preocupan os postos de traballo, podería preocuparse de que Galiza estea á cabeza na destrución de emprego, de que levemos cinco meses consecutivos medrando o paro, señor Feijóo. Pero vostede non defende os postos de traballo, ¿ese é o problema, señor Feijóo! Vostede o que defende son os intereses dunha dunha empresa amiga. ¿Pode explicarme por que a Xunta de Galiza asinou un convenio que rebaixa até un 60 % a taxa que paga Ence por usar o porto de Ribadeo? Mire, para facerlle un favor a Ence, deixamos de percibir ao ano medio millón de euros. Vostedes xustificaron a sinatura deste convenio para que non se perdese ese tráfico de mercadorías, e resulta que nin sequera no convenio supeditan a sinatura deste acordo ao mantemento dese tráfico.

Mire o que di o convenio, señor Feijóo, vou ler textualmente: “Obligaciones de la empresa. Movimientos necesarios hasta la implantación operativa del proyecto que Ence ha acordado con FEVE y el puerto de Gijón”. Mire, pero siga: “Para el transporte por ferrocarril con origen o destino en nuestra factoría de Navia”. En nuestra factoría de Navia, señor Feijóo.

¿Pode dicirme quen fixo este convenio? Mire, permítame que llo diga eu. Fíxoo Ence, a Xunta limitouse a asinar o que lle pasou Ence. A iso teñen vostedes reducido a Xunta de Galiza, señor Feijóo; esa é a desgraza deste país, que vostedes teñen reducido a Xunta de Galiza a unha estafeta que se limita a asinar o que ditan as súas empresas amigas e as grandes multinacionais.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Jorquera.

Peche, señor presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría, cando vostede me fala de emprego, laméntoo, porque a esta tribuna vén moita xente doutras empresas cada vez que hai algunha pregunta, e é sorprendente que non veña ningún traballador de Ence a esta tribuna, señor Jorquera. ¿Será porque todo o Comité de empresa de Ence está en contra das propostas de paro do BNG en relación con esa papeleira, señoría? *(Aplausos.)* ¿Será que os traballadores de Ence non están de acordo para nada coa súa proposta?

Mire, señoría, claro que nos preocupa o emprego, é a maior preocupación, e por iso o emprego hoxe en Galicia está mellor que o ano pasado e que o ano anterior, e o anterior e o anterior. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pero iso debaterémolo.

Mire, señoría, o emprego na comarca de Pontevedra de Ence está arredor de 800, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* máis os camioneiros, máis a metade do porto de Marín, máis 75.000 propietarios, 75.000 familias, que venden a madeira a Ence. ¿Cal é a proposta do BNG para eles, señoría? Vender a madeira a Ence, si, pero en Navia. É dicir, que os custos de transporte da madeira das provincias da Coruña e de Lugo se imputen ás familias para que paguen o transporte da madeira que se leva Ence a Navia. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Mire, señoría, o número de madeira que se produce en Galicia subiu un 30 %, e o volume con cortiza un 45 %. O volume de frondosas en Galicia, de madeira, subiu un 42 %. Señoría, temos madeira dabondo non para unha central de pasta, non, para dúas ou tres. *(Murmurios.)* Si, señoría, temos madeira instalada e temos un país capacitado para producir madeira e poñela en valor. Lamento, señoría, que vostede non estee de acordo coa industrialización de Galicia. Cada vez que o intentamos, vostede está en contra.

Señoría, ¿a que movemento de esquerdas pertence vostede? Mire, cando Ence pechou a factoría en Huelva, houbo todo un movemento dos concellos de esquerda a favor da permanencia de Ence en Huelva; *(Murmurios.)* mocións dos concellos do Partido Socialista plantexando que Ence se quedara en Huelva. E vostedes o que piden é que Ence amplíe as súas instalacións en Asturias e nós quedemos sen ningunha industria de tratamento da madeira en Galicia. *(Murmurios.)* Por iso, señoría, é sorprendente a súa proposta.

Pero mire, señoría, eu comprendo que dende os escanos é moi fácil falar das familias que quedan sen traballo. Dende as butacas deste Parlamento é fácil falar ás familias que traballan e ás familias que venden a madeira simplemente que nos estorba a papeleira. A vostede e a min estórbanos a papeleira, o que non nos estorba son as miles de familias que viven do sector da madeira en Galicia, señoría. Eses non nos estorban. *(Aplausos.)*

Por iso, señoría, cando vostede me plantexa a pregunta sexa honesto. Diga: mire, señor Feijóo, queremos que peche Ence e, en consecuencia, que as familias busquen un posto de traballo alá onde poidan. ¿Esa é a proposta do BNG? Señoría, a nosa proposta é (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) que Ence siga cumprindo a normativa medioambiental, que Ence siga facendo máis investimentos dos que fai no forestal galego, que Ence traia máis proxectos industriais a Galicia..., (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...e mentres sexa presidente, loitarei por iso, señorías. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Agora di que a min me corresponde sinalar o emprazamento de Ence. Mire, señor Jorquera, levan 17 anos gobernando en Pontevedra, ¿cal é o emprazamento que vostedes propuxeron?

(*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Levan vostedes catro anos no Bipartito, señoría, e aquí está o documento do Bipartito... (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Remate. Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...a declaración ambiental a favor de Ence...

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...leva a sinatura do Goberno do que vostede formaba parte.

Moitas grazas, señoría. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. José Luis Méndez Romeu, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a garantía pola política económica da Xunta de Galicia da saída da crise

O señor MÉNDEZ ROMEU: Señor Feijóo, a pasada semana pregunteille de novo polo escándalo de tráfico de influencias

dunha persoa do seu círculo privado. Coma sempre, evitou contestarme, como se non se enterase ou non fose relevante.

Que vostede non se entera de nada é un clásico. Non se enteraba como membro da dirección do PP nin da Gürtell nin de Bárcenas nin do latrocinio a grande escala do seu partido en Valencia. Hoxe non se coñecen, pero hai ben pouco vostedes compartían escenarios e decisións, e aquí están todos ben retratados: vostede, Acebes, Rita Barberá, Camps e Mariano Rajoy.

A maior parte deles xa están imputados polos asuntos que vostede debería coñecer pero non se enterou. Así que hoxe non lle vou preguntar, voulle dar unha información para o seu coñecemento. O seu vello amigo Marcial Dorado, que está na cadea por narcotráfico, vén de ser condenado de novo por branquear –di a sentenza– enormes cantidades de cartos precisamente nos anos de amizade con vostede. Seguramente vostedes non falaban de asuntos menores como drogas ou branqueo, seguramente só falaban de asuntos insubstanciais como a neve e outros.

Señor presidente, nestes días vostede multiplica os discursos sobre os demais partidos, alimenta descaradamente as especulacións sobre o seu futuro e evita abordar os grandes problemas do país. Anuncian obxectivos para o 2020 que supoñen, en moitos casos, voltar aos datos de 2009. É dicir, unha década perdida. Os últimos datos de emprego son terribles: na EPA, no paro rexistrado, no número de ocupados, no número de parados, e resúmense en dúas cifras. Dende que vostede goberna, perdemos 138.000 ocupados e gañamos 60.000 parados. Ademais, con vostede perdemos 52.000 contratos indefinidos, 37.000 temporais e 150.000 contratos a tempo completo. Os salarios están en caída libre e a terceira parte da poboación en risco de pobreza. Velaí o balance: máis paro, galopante pobreza, desigualdade extrema.

Vostede leva moitos meses en actitude de partida, enredando e non gobernando, e a súa política económica é un fracaso. Só poden negar iso aqueles adúladores que están subvencionados. ¿Ou acaso vostede dá por boas estas cifras? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Méndez Romeu.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Señoría, se quere vostede falar de economía, falamos. Se quere falar doutra cousa, tamén. Eu non son o portavoz do señor Besteiro, son o portavoz de min mesmo. Por iso, señoría, como creo que ten máis interese en falar de economía, imos falar de economía.

Fálame vostede da EPA, agradézollo. A EPA acaba de saír e mide o emprego do ano 2015. Di tres cousas. Primeiro, que se volve crear emprego. Segundo, que diminúe o paro. E terceiro, que tanto o emprego como o paro teñen mellor comportamento que na media de España.

A EPA di exactamente que o aumento da ocupación en Galicia no ano 2015 foi de 32.100; é dicir, 3,2, e en España 3,9. A EPA di que a baixada do paro é de 41.100; baixada 15,6, e en España 12,4. Di, señoría, en consecuencia a EPA que dende o ano 2007 non tiñamos unha EPA mellor que esta do ano 2015.

Hai máis indicadores, señoría. O paro rexistrado. En Galicia o paro rexistrado baixa máis que en España; 8,7 en Galicia, 8,3 en España. Acabamos de coñecer o índice de produción industrial, en Galicia superior ao de España; en Galicia 4,1 e en España 3,2. Acabamos ou estamos a piques de coñecer as exportacións. O ano récord das exportacións da economía galega é o ano 2015, e sobe máis que España, sendo España o país da Unión Europea onde máis se incrementan as exportacións. Outro dato. O índice de vendas de comercio ao pormenor. En Galicia sobe máis que en España, a cuarta comunidade que máis sobe. A confianza empresarial en Galicia sobe máis que en España; e a confianza do consumidor en Galicia é mellor que no resto de España.

Señoría, ¿cre que todos estes son aduladores? ¿O INE é adulador?, ¿a EPA é aduladora?, ¿o paro rexistrado é adulador?, ¿o índice de prezos e o índice de produción industrial son cousas que paga o Partido Popular de Galicia?

Mire, señoría, temos un crecemento da economía o máis alto dende o ano 2008, cando vostedes gobernaban. Temos un paro rexistrado inferior ao do ano 2015, ao do ano 2014, ao do ano 2013, ao do ano 2012 e ao do ano 2011, e temos

máis afiliacións á Seguridade Social das que había no ano 2015, no ano 2014 e no ano 2013.

Señoría, isto é o que plantexamos, e ademais acabamos de traer á Cámara un plan estratéxico que están vostedes invitados, como é natural, polo menos a lelo, sería bo. E se queren propoñer, estamos moi interesados en escoitalos.

Si, señoría, se os problemas que acaban de aparecer na economía internacional e a inestabilidade política en España –cada vez máis crecente– non diminúen as nosas capacidades económicas, cremos que Galicia vai seguir crescendo unha media do 2,5 % nos próximos anos, ata o ano 2020, e que podemos crear 100.000 novos empregos.

Señoría, cremos que Galicia pode mellorar economicamente aínda máis do que estamos mellorando. Agora ben, señoría...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...perdóeme pero eu non pertenzo ao Partido Socialista. Hai máis de 220.000 persoas en Galicia que seguen na crise económica, que é a crise económica do paro.

Máis nada e moitas grazas, señoría. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Réplica, señor Méndez Romeu.

O señor MÉNDEZ ROMEU: Señor Feijóo, este grupo si que está obrigado a ler o plan estratéxico. Vostede abonda con que lea do seu plan a introdución, e verá as cifras dramáticas que aí están reflectidas, que son as das estatísticas oficiais.

Agora vostede déalle a volta. Voulle resumir o dato porque non lle escoitei que o dixera con claridade. Desde que está vostede, 138.000 ocupado menos e 60.000 parados máis. ¿Quere dicir vostede que estamos medrando como está medrando España, ou non se enterou de que hai un 33 % de diferenza? ¿Ou acaso están chegando aquí correndo, día tras día, os investidores? ¿Ou acaso están chegando aquí as persoas cualificadas para apuntarse a este novo El Dorado?

Sexa humilde, señor Feijóo, porque os datos, por desgraza, non o acompañan.

Mire, para falar da súa inconsecuencia abonda con ler o *Diario de Sesións* desta Cámara. Voulle lembrar algunhas perlas retóricas que vostede dixo aquí.

Dicía vostede ao anterior presidente: Temos un problema, levamos tres anos sen política económica. Non temos política económica na acuicultura, temos paralizado o sector; non temos política económica no sector lácteo nin no sector eólico nin no sector forestal. E aínda lle dicía máis ao anterior presidente. Dícialle: A efectos de pesca, Galicia non ten Goberno. A efectos de pesca, Galicia non ten presidente. ¡Oia, señor Feijóo, alomenos mírese no espello! Son frases de vostede no ano 2008. ¿Que fixo vostede oito anos máis tarde? Se vostede estaba preocupado, ¿como non fixo nada? ¿Ou daquela falaba por falar? ¿Un falabarato?

Dícialle vostede ao presidente galego, ademais, retórica e enfaticamente: Fáille vostede á xente, fáilles aos que teñen dificultades para chegar a fin de mes, fáilles vostede aos que teñen que abandonar Galicia porque non poden pagar a hipoteca e non teñen traballo.

Señor presidente, se estaba realmente preocupado e non era unha pose, ¿que fixo vostede por esas persoas? ¿Afundi-las definitivamente? ¿Rachar con toda esperanza? ¿Desprezar a súa formación? ¿Transformalas en man de obra barata? ¿Invitalas a emigrar? ¿Desposuílas de dereitos sociais?

Señor Feijóo, ¿como pode vostede ser tan inconsecuente, tan disciplinado cos poderosos...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor MÉNDEZ ROMEU: ...e tan explotador cos débiles? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Méndez Romeu.

Turno de peche, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señor Méndez Romeu, o que eu lle dicía ao Goberno do

que vostede formaba parte foi o que lle dixeron os galegos nas eleccións de marzo do ano 2009. Polo tanto, a maioría dos galegos estaban de acordo con nós cando lle dixeron ao seu goberno que deixara de gobernar e nos deron a maioría suficiente para estar aquí durante dúas lexislaturas continuadas, señoría. (*Aplausos.*)

Agora ben, alégrame que cite vostede o anterior presidente porque non hai diferenza dabondo entre o anterior presidente do Partido Socialista e o actual. Pero, en fin, esas son cousas do Partido Socialista.

Señor Méndez Romeu, vostede foi membro do Goberno do señor Zapatero, despois foi membro do Goberno do Bipartito e agora é un dos principais dirixentes socialistas do equipo do señor Besteiro. Dende logo, fai falla ser valente para falar de política económica co seu currículo.

Mire, señoría, di que hai menos persoas ocupadas. Temos menos poboación activa, efectivamente. ¿Por que? Porque hai un envellecemento alarmante da poboación. Pero o que di a EPA... ¿Acórdanse de cando falaban sempre da EPA? O que di a EPA é que temos 32.000 ocupados máis, e iso é un 3,2 % máis; é dicir, que crecemos en ocupación máis que España. O que di a EPA é que o paro baixou 41.100 persoas, un 15,6 %; máis que a media de España, que o fixo o 12,4 %. Iso é o que di a EPA, señoría. O que di a EPA é que a economía galega crece no ano 2015 máis do que creceu dende o ano 2008. O que di o paro rexistrado é que hoxe temos menos paro que no ano 2015, que no ano 2014, que no ano 2013, que no ano 2012 e que no ano 2011. O que din as afiliacións á Seguridade Social é que hoxe temos máis afiliados á Seguridade Social que no ano 2015, que no ano 2014 e que no ano 2013. E se vostede me pregunta se estamos satisfeitos, xa lle digo que non. ¿Que temos que seguir mellorando? Sen dúbida. Pero, collendo as receitas do Partido Socialista, comprenderá vostede que o que estamos é intentando solventar a recesión económica na que nos meteu o Partido Socialista Obreiro Español. (*Aplausos.*)

Mire, señoría, o que estamos facendo. Señor Méndez Romeu, apunte, por favor. Permítame este decálogo imposible dun goberno socialista: a economía crece, baixa o paro, sobe a afiliación, soben as exportacións, sobe a produción industrial, sobe a venda do comercio polo miúdo, sobe a confianza empresarial, sobe a confianza do consumidor, bai-

xan os impostos e os galegos non pagamos polo dereito de sucesións dende o 1 de xaneiro deste ano. *(Aplausos.)*

Mire, señor Méndez Romeu, este é o decálogo ao que vostede nunca se podería apuntar.

Moitas grazas, señor Méndez Romeu. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Antón Sánchez García, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre a xestión do Goberno galego en relación cos sectores produtivos

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Bos días, señor Feijóo.

Non quere falar de Marcial Dorado nin de Pachi de Lucas nin de Baltar. ¡Non me estraña! Dime con quen andas e direiche quen es.

Non sei se chamou ao señor Marcial Dorado para darlle o seu apoio como amigo despois da última sentenza por branquear diñeiro nos anos nos que andaba con vostede por Estoril, Londres, Andorra, Picos de Europa –donde había nieve– ou se polo menos lle mandou un SMS dicíndolle: “sé fuerte, Marcial”.

Pero imos falar da fase xestora, da que vostede presumía antes de chegar ao Goberno. Recentemente coñeciamos os datos do Ministerio de Agricultura do peche de explotacións lácteas no Estado español. Das 600 explotacións de leite que pecharon no Estado español, señor Feijóo, 425 eran galegas. ¡Un éxito! O 70 % das explotacións que pechan no Estado son galegas, señor Feijóo, e non é un dato illado nin é unha casualidade. Sistemática e constantemente os gandeiros galegos perciben os prezos máis baixos do Estado; en dous anos, unha redución do 26,91 %. Perciben dende hai demasiado tempo un prezo que non cobre custos, o que aboca os gandeiros á ruína. É a continuidade, señor Feijóo, da destrución dos sectores primarios causada polas súas políticas.

Hai un dato demoledor e revelador. Un pouco despois de cando vostede chegou ao Goberno, no terceiro trimestre de 2009, había no sector agrario, gandeiro, silvícola e na caza 71.600 ocupados. No último trimestre de 2015 había 45.000,

señor Feijóo. Son 25.000 empregos no sector agrogandeiro e forestal destruídos dende que vostede goberna. Máis dun 35 % do emprego destruído, señor Feijóo; outro éxito como xestor, señor Feijóo. Unha brutal reconversión silenciosa, incluso superior á xa grave do sector industrial, coa perda do 20 % do emprego, ou do 14 % do emprego destruído no sector do mar.

O seu paso polo Goberno, señor Feijóo, é un auténtico fracaso. Un fracaso no lácteo, onde vostede deixa tirados os gandeiros. Ante unha situación dramática que sofren, un Goberno desaparecido, irresponsable, incapaz, e que por riba ten a pouca vergoña de responsabilizar os gandeiros da súa situación. ¡Indignante!

O fracaso na pesca e o marisqueo, onde ten a todo o sector en contra e fôrzo a paralizar a Lei de acuicultura. E o fracaso absoluto no sector eólico, onde non ten instalado nin un megavatio do seu concurso, señor Feijóo, e onde paralizou o sector cando se podía estar creando emprego e riqueza.

E mentres a xente sufría, mentres era desafiuzada, mentres perdía o emprego, mentres perdía a súa prestación por desemprego, vostedes adicáronse a roubar, a estafar, a evadir impostos, a utilizar as administracións públicas no seu beneficio, a colocar amigos. E agora, vostedes só teñen capacidade para tratar de tapar os escándalos de corrupción que día si e día tamén saen do Partido Popular; e vostede, persoalmente, a amparar os corruptos como o señor Baltar, que leva anos utilizando a Deputación clientelar e caciquilmente...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...co seu amparo e coa súa defensa, señor Feijóo. ¡Vergonzoso!

¿Van ter capacidade para aportar solucións aos sectores produtivos de Galicia, ou van simplemente estar tratando de tapar a corrupción e amparando os corruptos? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señor presidente, señorías.

Resulta curioso que sexa precisamente vostede o que hoxe pregunte polos sectores produtivos galegos. Despois do que pasou aquí onte, é moi sorprendente que vostede pregunte polos sectores produtivos e por como van os traballadores galegos.

Mire, nós temos claro que o noso compromiso político é intentar mellorar os sectores produtivos de Galicia. É dicir, nós queremos que sexan capaces de xerar emprego e xerar riqueza. Vostedes non saben o que queren, ou, dito doutra forma, sempre que plantexan algo, sempre é en contra dos sectores produtivos. Acabámolo de comprobar. Efectivamente, tiñan vostedes unha gran oportunidade. Dado que plantexan o dereito a decidir en España, aquí nin sequera podemos debater unha emenda. Vostedes, agora que chegaron a Madrid –aínda que alí de momento non pintan nada–, din que queren o dereito a decidir, e sen embargo onte no Parlamento negáronnos a posibilidade de discutir. Son vostedes, sen ningunha dúbida, os novos demócratas, señoría. *(Aplausos.)*

Mire, señoría, lendo o seu curriculum, teño entendido que vostede é un empresario do sector da horticultura ecolóxica. Cústame entender, señoría, que, se vostede é un empresario, estea sempre posicionándose en contra dos sectores produtivos. Se vostede tivera unha empresa no sector da automoción, ocupara unha parcela, e o único que pedira é poder ampliar as súas instalacións sen ampliar para nada os límites da parcela, sen prexudicar os colindantes, sen avasallar a ningún veciño, ¿a vostede pareceríalle ben que non lle deixaran?

Mire, nós pertencemos a unha administración que o que intenta é remover obstáculos. Vostedes o que intentan, señoría, é que as familias de PSA-Peugeot-Citroën e do sector da automoción... ¡alá eles, señoría! Vostede está tan ricamente no seu escano no Parlamento.

Señoría, se vostede fora un empresario do sector naval, supoño que o que intentaría sería ter un goberno que o apoiara ante a denuncia do comisario socialista do *tax lease*. Nós fixémoslo, e vostedes criticáronnos por iso e por todo o que fixemos no sector naval. Hoxe hai traballo no sector naval en Galicia.

Se vostede, señoría, fose un empresario do sector da acuicultura, supoño que o que quedería sería unha lei; unha

lei para darlle seguridade xurídica. Nós o que queremos é unha lei, xustamente co sector, para darlle seguridade xurídica. Por iso non imos enganar nin ao sector naval nin ao sector da automoción nin ao sector da acuicultura, e por iso, señoría, non imos enganar ao sector lácteo, ¡para nada, señoría! ¿Por que? Porque estamos con el, exactamente porque estamos con el.

Mire, señoría, o que fixemos foi poñer impostos cero no rural, vostedes en contra. *(Murmurios.)*

Vostede, que é un empresario do rural, ¿está a favor ou en contra de que se poidan transmitir parcelas, permutar parcelas, adquirir parcelas, sen impostos?

Mire, señor Sánchez, os dous datos dos nosos compromisos co sector industrial non son datos do Goberno, é o dato do Índice de produción industrial. Aumentamos máis que a media de España; e o segundo dato, señoría, é que nós estamos exportando máis que o resto de España.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): E o sector lácteo é un dos sectores estratéxicos da economía galega. *(Murmurios.)*

Co sector lácteo estaremos, lamento que vostedes non estean con ninguén, salvo consigo mesmos.

Moitas grazas, señoría. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Réplica, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Señor Feijóo, si, son un traballador do sector hortícola.

Mire, a vostede non lle preocupan para nada os traballadores da Citroën, señor Feijóo. Ao contrario, utilízaos irresponsablemente como escudos para tentar impoñer unha norma que é prexudicial para Vigo e para os 313 concellos restantes.

Eu mesmo falei coa dirección de Citroën e cos traballadores, señor Feijóo. Conte que lle dixeron a vostede os tra-

balladores. Eu sei o que me dixeron a min. E o que queren tanto os traballadores como a dirección de Citroën é estar nun país onde o urbanismo lles dea a seguridade xurídica necesaria para poder facer os seus plans industriais sen ter que estar como agora, na inseguridade de que se poidan perder empregos por culpa da súa chafalleira forma de facer urbanismo. E a proba máis evidente do xeito chafalleiro de facer urbanismo é que vostedes non puideron aprobar a modificación do artigo 144 porque o presentaron fóra de prazo. *(Risos.)* ¡Nin sequera foron capaces, con 41 deputados e tendo maioría absoluta, de sacalo adiante!

Chafalleiro, improvisación, irresponsabilidade e unha cortina de fume para levar adiante outros plans que vostedes non queren dicir. Poñen de escudo os traballadores de xeito irresponsable.

Incapacidade, inutilidade. ¿Como pode ser que un señor da campaña, empresario do sector hortícola, bloquee unha lei que queira sacar a maioría absoluta do Partido Popular? Só é posible se son vostedes uns incapaces, ¿entende, señor Feijóo? Vostede está poñendo en perigo os traballadores da Citroën, vostede está prexudicando a Vigo e vostedes prexudicaron a Galiza co seu xeito caótico de facer urbanismo.

Os datos están aí, señor Feijóo, e non me contestou. Vostede, no sector industrial, perdeu 40.000 empregos dende que chegou. Vostede paralizou o sector eólico; cero megavatios instalados no seu concurso. Vostede anulou ilegalmente o concurso do Bipartito, señor Feijóo. Galicia era líder na instalación de megavatios cando vostede chegou e agora xa non o é, xa perdeu postos, xa perdemos emprego, xa perdemos riqueza, señor Feijóo.

Os gandeiros levan dous anos percibindo un prezo por debaixo dos custos de produción. E claro, vostede está aquí moi tranquilo, leva trinta anos vivindo da Administración pública e non ten que vivir o drama que viven os gandeiros cando non chegan a poder pagar nin os custos, señor Feijóo. Está moi tranquilo aquí, e seguramente cando deixe paso, porque vostede xa é pasado, xa non ten credibilidade ningunha, vostede terá boa colocación tamén...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...e non terá que pelexar todos os días, como teñen que pelexar os gandeiros, para poder subsistir sequera. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Pече, señor presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Mire, señoría, de momento o Partido Popular de Galicia mantén a súa autonomía para elixir os seus representantes. Aquí a casta de Podemos de Madrid non vén disolver o Partido Popular de Galicia como dissolve a súa formación política *(Aplausos.)* Non, señoría, nós temos autonomía para isto.

Xa sei, señoría, que algúns dos que están aí están de acordo, *(Risos.)* porque a pesar de estar no mesmo grupo son inimigos entre si; non hai máis que ver como está disposta a Cámara.

Mire, ¡claro que falei cos representantes de Citroën! ¿Sabe o que me dixeron? Seguro que vostede se pode poñer de acordo con AGE. E díxenlle: creo que vostede é moi optimista, pero eu estou localizado todos os días para ver se AGE... xa non pido que vote a favor, pero polo menos que nos deixe decidir. *(Murmurios.)* Que nos deixe decidir sobre o sector da automoción galego. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Mire, señoría, se lle molesta que lle chame empresario, retíroo. Pero vostede, que é un empresario, sorpréndeme coas súas propostas.

Vostede é un empresario e está en contra do sector aeronáutico en Galicia. Si, está en contra do sector aeronáutico e do investimento que estamos a piques de conquistar en Rozas, en Lugo.

Vostede, que é un empresario, está en contra do sector gasístico galego. Si, está en contra de Reganosa e quere que pechemos Reganosa para non ter gas en Galicia.

Vostede, que é un empresario, está en contra de Ence. Si. ¿Por que? Simplemente porque lle molesta. A min tamén, señoría. O que pasa, señoría, é que eu son unha persoa que dá

a cara, e os que non estean de acordo con Ence, asumo as súas críticas, señoría, o que non vou asumir en ningún caso son as trapalladas económicas e produtivas das que vostede me fala.

Señoría, hai dúas semanas falábame vostede da política social, e eu díxenlle que este goberno lle daba mil voltas á política social que vostedes estaban implementando nas cidades. Agora me fala de política económica, e reitérolle que este goberno lle dá tantas voltas como na política social ou máis. *(Aplausos.)* Protestar saben protestar dabondo, pero gobernar, señoría, vostede non goberna en ningún sitio.

Mire, señoría, que vostedes voten contra a automoción de Vigo convérteos nuns irresponsables. Pero que vostede agora me fale dos sectores produtivos en Galiza hoxe, ao día seguinte, convócaos a unha desvergonzaría política máxima. *(Protestas.)* Señoría, non xoguen coa xente, non utilicen a desvergoña para xogar coa xente e coas súas familias.

Mire, señoría, eu comprendo que vostedes teñan discusións co alcalde de Vigo, é fácil, pero é que non é isto do que estamos a tratar. Estamos a tratar do sector da automoción, estamos a traballar nun dos sectores clave do noso país.

Señoría, levan vostedes gobernando xa nove meses nas cidades, ¿hai algunha proposta coñecida en materia de emprego nas cidades onde gobernan? ¿Que aportaron vostedes en materia económica aos problemas de Galicia?

Señoría, levántense vostedes dos sillóns e empecen a gobernar e empecen a traballar, señoría.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Empecen a traballar por Galicia. *(Aplausos.)* Fágano, traballen algo polo país, e non soamente protesten e incumpran os compromisos do sector.

Traballen algo, señoría.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Por favor, non empecemos. Non empece, por favor, non empece.

Dixen que retomabamos a orde do día co punto de proposicións non de lei.

Silencio, por favor, para enterarnos do que imos debater.

Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co Real decreto 900/2015, do 9 de outubro, polo que se regula o autoconsumo de enerxía eléctrica

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas. Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Vázquez.

O señor VÁZQUEZ DÍAZ: Bo día. Bo día por dicir algo, despois da intervención do presidente que acabamos de escoitar.

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor VÁZQUEZ DÍAZ: Unha intervención na que o señor presidente facía referencias persoais á iniciativa... *(Murmurios.)* Non lles interesa, presidente

O señor PRESIDENTE: Xunte os micrófonos, se pode ser, os seus.

Grazas.

O señor VÁZQUEZ DÍAZ: Dicia que o presidente facía referencias persoais a iniciativas para impulsar a agricultura ecolóxica no noso país. *(Murmurios.)*

É que cortan os micrófonos mentres está o presidente. É unha táctica. *(Risos.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Servizos da Cámara, a ver se poden arranxar o tema dos micrófonos da tribuna.

O tempo está parado, tranquilo. *(Pausa.)* Probe agora, por favor.

O señor VÁZQUEZ DÍAZ: Si, probando. Vale.

Agora que non nos escoita o presidente, podemos dicir que, a pesar das súas referencias persoais aos proxectos de impulso da agricultura ecolóxica, nós xa sabemos que el é máis partidario doutro tipo de cultivos, máis relacionados cos alcaloides, ¿non? *(Risos.)* E por iso apoia os empresarios do sector, *(Aplausos.)* non dubida en sacar fotos con el. A agricultura ecolóxica non, non, esa non lle interesa.

Pero, ben, así pasa o que pasa, *(Murmurios.)* así pasa o que pasa, que mesmo..., non sei se é algo... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. *(Murmurios.)*
Silencio, por favor.

O señor VÁZQUEZ DÍAZ: Non sei se dixen algo que puidera molestar as súas señorías... *(Murmurios.)* ¡Ah! *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor VÁZQUEZ DÍAZ: Ben, digo que por iso pasa o que pasa, e por iso mesmo a Comisión Europea veuse obrigada en reiteradas ocasións a chamar a atención aos gobernos do Partido Popular polas súas frecuentes negligencias.

Neste caso, o pasado mes de novembro coñeciamos un informe da Comisión Europea onde se constataba a brutal dependencia enerxética de combustibles fósiles –o gas e o petróleo fundamentalmente– do Estado español. De feito, esta dependencia sitúase 17 puntos por riba da media dos países da Unión Europea no caso español. Nese mesmo informe a Comisión Europea amosábase moi crítica coa dependencia enerxética do noso país, pero tamén co cumprimento dos obxectivos fixados en materia de enerxías renovables, e especialmente cos prezos da electricidade. Iso dicía a Comisión Europea. Literalmente, establecíase, ditaminaba ese informe, que España necesita avaliar se as súas políticas son suficientemente eficaces para materializar os seus obxectivos... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Por favor, silencio.

O señor VÁZQUEZ DÍAZ: ...en materia de enerxías renovables.

Temos que recordar neste sentido que o obxectivo 2020 é que o noso país produza ou teña un consumo bruto dun 20 % en base a enerxías limpas. Ben, pois estamos moi lonxe de cumprir ese obxectivo 2020 cando evidentemente falta xa pouco tempo para chegar a esa data. A gran dependencia enerxética dos combustibles fósiles importados é pois moi grande e é, polo tanto, un problema de dimensións económicas, pero tamén –e sobre todo– un problema dunhas graves dimensións ambientais e ecolóxicas, que ten consecuencias non só para o noso país, senón, como todos coñecemos, para todo o planeta.

Diante da pasada celebración do Cumio do clima de París, científicos de todo o mundo advertían de que a loita contra o cambio climático e a redución das emisións contaminantes á atmosfera eran moito máis que un obxectivo de románticos ecoloxistas, senón unha obriga para a supervivencia do planeta. Pero o caso é que as consecuencias dun modelo enerxético como o vixente no noso país non só son ambientais, non son só macroeconómicas, senón que tamén teñen dramáticas consecuencias para as familias e para os particulares. En Galicia existen, viven 100.000 familias que sofren pobreza enerxética e estímase que cada ano morren 800 galegos e galegas por este problema. Hai medio millón de galegos e de galegas que dedican máis do 10 % de todos os seus ingresos anuais a asumir os gastos enerxéticos. Esta é a realidade que vive a xente a pé de rúa.

¿E que sucede? ¿Que está a acontecer mentres todo isto acontece? Pois que mentres no resto de Europa se están a desenvolver normativas acordes ás directivas europeas que defenden a promoción do autoconsumo como forma de concretar ese impulso das enerxías renovables, a eficiencia enerxética, a redución de gases de efecto invernadoiro, a mellora da economía das persoas, das pequenas e medianas empresas, mentres todo iso sucede na contorna europea, o Estado español, o Partido Popular, ten iniciado unha verdadeira, unha auténtica caza, unha auténtica cruzada contra o tipo de produción de enerxía renovable, contra a produción de enerxías limpas. E esta cruzada concrétese nun real decreto, o Real decreto de autoconsumo, aprobado no mes de outubro pasado, e que na práctica ten como único obxectivo –non o podemos entender doutra forma– pechar calquera porta para a realización de proxectos de autoconsumo, establecendo barreiras económicas, pero tamén administrativas, que bloquean calquera posibilidade real de futuro para este sector.

O real decreto impide que os usuarios particulares cobren polos excedentes de enerxía; é máis, os donos dunha instalación de autoconsumo son obrigados na práctica a regalar os seus excedentes. E dáse o caso de que o Estado español é practicamente o único do noso contorno que non compensa a enerxía vertida na rede.

O real decreto mantén o coñecido como “o imposto ao sol”, que non é outra cousa que un imposto revolucionario pola enerxía renovada e autoconsumida, sen que esta chegue en ningún momento a ser vertida na rede.

Establece ademais o real decreto cargos asociados ao mantemento do sistema eléctrico. Establece sancións moi importantes por non rexistrar as instalacións ao Rexistro de autoconsumo.

O real decreto vulnera, de feito, a Directiva europea do mercado interior, ao non considerar os beneficios para o sistema das instalacións de autoconsumo. Aquí non só non se consideran eses beneficios, senón que na práctica se penalizan os beneficios para o conxunto do sistema.

Vulnera a Directiva europea de renovables, que obriga os estados a aplicar normas non discriminatorias e simplificadas para favorecer os pequenos proxectos e a xeración distribuída, que agora precisan ademais de importantes trámites, custosos e verdadeiramente farragosos.

Vulnera a Directiva europea de eficiencia enerxética, que obriga a suprimir os incentivos nas tarifas que menoscaban a eficiencia enerxética e impiden a participación dos consumidores na xestión da demanda. Nesta mesma directiva ínstase a non permitir o abuso de posición dominante nas empresas distribuidoras, algo que, dende logo, é un feito máis que evidente no noso país, onde hai unha posición de verdadeiro dominio e de verdadeiro oligopolio das empresas distribuidoras e das empresas enerxéticas.

Estamos, en definitiva –e resumindo–, diante dun real decreto que é absolutamente irracional –non beneficia a ninguén–, é absolutamente antidemocrático, é verdadeiramente confiscatorio, absolutamente arbitrario, pero, sobre todo, é un real decreto profundamente inxusto e abusivo.

E nese contexto vénse insistindo nesta Cámara –tamén en comisión parlamentaria– na obriga que ten o Goberno galego de non permanecer impasible diante deste feito evi-

dentemente inxusto, diante dun real decreto absolutamente abusivo. Non pode ser un espectador pasivo da destrución dun sector que, ademais, ten un importantísimo potencial para a creación de riqueza e de emprego e con tantos beneficios posibles, de chegar a desenvolverse, en materia social e en materia medioambiental. Isto é o que debera facer calquera goberno sensato, non dar as costas ás enerxías renovables, e, por suposto, posibilitar o autoconsumo.

Por iso presentamos esta proposición non de lei. Presentámola para que o Goberno galego exixa do Goberno do Estado a retirada do Real decreto de autoconsumo. Pero non abonda con isto. Nós cremos que se ten que exixir un novo marco normativo e, polo tanto, plantexar unha alternativa, unha alternativa normativa que garanta que se establezan procedementos administrativos simplificados para as instalacións de autoconsumo e tamén para as pequenas producións, que garanta a eliminación de peaxes de respaldo, que preveña mecanismos de compensación diferida no tempo entre a produción e o consumo e que impulse a realización dunha auditoría independente que determine o custo real para os casos de produción-consumo baseados en balance neto.

Nós cremos que estas iniciativas –esta iniciativa, en concreto– e estas medidas son de obrigado cumprimento por parte do Goberno galego se queda un mínimo de criterio e un mínimo de racionalidade. Polo tanto, agardamos que sexa apoiado polos grupos da Cámara, pero sobre todo polo grupo maioritario.

Máis nada de momento. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Vázquez.

Grupo Parlamentario Mixto. Señora Martínez.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

O Real decreto de autoconsumo o que si podemos afirmar é que non defraudou a ninguén, agasallando e contendo –tal e como se esperaba– o oligopolio eléctrico, apostando por unha política enerxética totalmente oposta a unha sociedade máis xusta e socialmente responsable na que o futuro se basea na sostibilidade ambiental. Este real decreto

non impulsa as enerxías renovables. Dende o punto de vista dos profesionais do sector e dos potenciais consumidores, este real decreto non fomenta de modo ningún a utilización das enerxías renovables.

O real decreto é de aplicación a todas as modalidades de autoconsumo; no seu artigo 2 déixao claro: “O disposto neste real decreto é de aplicación ás instalacións conectadas no interior dunha rede, aínda que non vertan enerxía á rede de transporte e distribución en ningún instante”. A derivada inmediata é que a partir de agora o proceso de legalización será máis custoso e sobre todo moito máis burocrático.

Ademais, para as instalacións de autoconsumo ata o máximo de 100 quilovatios debe ter o mesmo titular o punto de subministración que todas as instalacións de xeración. Este é un dos aspectos máis polémicos do real decreto, xa que bloquea a posibilidade de ter, por exemplo, unha instalación fotovoltaica de autoconsumo nunha comunidade de veciños que alimente as vivendas de cada veciño. Para empezar o procedemento de tramitación, é necesario solicitar un punto de conexión á compañía eléctrica, incluso no caso de que non se vaia verter ningún excedente de produción eléctrica na mesma.

E, por suposto –como dicía o voceiro de AGE–, o imposto ao sol. Todas as instalacións de autoconsumo deberán pagar o imposto revolucionario para a enerxía xerada e autoconsumida, sen que esta pise en ningún momento a rede de distribución eléctrica. O imposto ao sol é, en realidade, a suma de dous conceptos que se deben pagar pola enerxía autoconsumida, é dicir, pola enerxía que un mesmo xera na súa propia instalación e que consome sen que saia en ningún momento da mesma.

Estes cargos con os cargos asociados aos custos do sistema eléctrico e que aparecen no artigo 17, que retribúen os custos do sistema eléctrico que non son transporte e distribución de enerxía. Isto é, entre outros –segundo o artigo 13 da Lei 24/2013, da retribución das enerxías renovables–, o sobrecusto de produción eléctrica de Baleares e Canarias, os pagos para retribuír as centrais térmicas que dan soporte ao sistema cando hai puntas de demanda, a xestión de residuos nucleares, a moratoria nuclear, a retribución á FNMOC, etc., etc. E outros cargos por outros servizos do sistema recollidos no artigo 18, como pago a realizar pola

función de respaldo que o conxunto do sistema eléctrico realiza para posibilitar a aplicación do autoconsumo, algo que xa está incluído no soporte que dan as centrais térmicas –pagos por capacidade– e que volve cobrarse outra vez neste concepto.

O real decreto, ademais, incumpre o artigo 9 da Lei 24/2013, do sector eléctrico, que recolle que todos os consumidores terán a obriga de contribuír aos custos e servizos do sistema pola enerxía autoconsumida e estarán obrigados a pagar as mesmas peaxes de acceso ás redes, cargos asociados e custos do sistema para a provisión dos servizos do respaldo que todos os demais, inda que non estean acollidos ao mesmo réxime de autoconsumo.

É obvio: para o autoconsumidor non está pagando os mesmos cargos asociados aos custos do sistema, xa que o real decreto obriga os autoconsumidores a pagar pola enerxía non comprada á compañía eléctrica, uns cargos que en ningún caso o resto dos consumidores deben pagar. Non é normal que, se non hai consumo, se pague un consumo; non é lóxico, é un atraco, un auténtico atraco, para impedir e para poñer todas as trabas posibles á xeración de enerxía polos propios consumidores.

En definitiva, un real decreto que vai en contra do futuro sostible e saudable e só favorece os intereses do oligopolio eléctrico, que pagará os favores activando a porta xiratoria que permite cómodos e ben pagados retiros da vida política pública.

Esperemos que un cambio de goberno no Estado permita a modificación radical desta política enerxética e remate coas portas xiratorias. Polo tanto, votarei a favor desta proposición non de lei da Alternativa Galega.

Nada máis, moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Martínez.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.
Señora Adán.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Grazas, presidente.

Bo día, señoras deputadas, señores deputados.

Efectivamente, esta iniciativa o que nos propón é a retirada do real decreto, tantas veces xa debatido nesta Cámara e tamén na Comisión 6ª, de Industria, que regula pois xustamente a subministración da enerxía eléctrica con autoconsumo e a produción en réxime de autoconsumo. Efectivamente, é un real decreto que se aprobou tendo 200.000 sinaturas en contra, 40.000 alegacións, todos os sectores vencellados ao ámbito do autoconsumo e da produción enerxética, do aforro enerxético, as asociacións ecolóxicas e consumidores en contra.

Este real decreto, pois, do que priva é da posibilidade dese autoconsumo que significa un aforro enerxético, unha eficiencia nas redes maior e unha redución de prezos no mercado. Todo o contrario, efectivamente, do que manifestan ou do que din as grandes eléctricas, que foron as promotoras xustamente de que non se aprobara o balance neto e de que se introducira ese denominado “imposto ao sol”, que, como ben se denomina na iniciativa, pois se chama “peaxe de respaldo”.

Efectivamente, nós consideramos que sería necesaria a regulación, incluso a regulación como ocorre noutras comunidades autónomas, dende a propia comunidade autónoma. Temos unha oportunidade no prazo de emendas, no que xa está a toma en consideración da ILP respecto da tarifa eléctrica galega e da pobreza enerxética. Creo que vai ser un momento para que os ponentes nesa lei poidamos tamén incluír e debater respecto do autoconsumo ou da regulación que debemos facer do mesmo, incluso das posibles subvencións ao autoconsumo.

Quero recordar que tanto as Illas Baleares como a Comunidade Valenciana, como Navarra, como a propia Deputación de Guipúscoa, ou incluso en Andalucía, Aragón, en menos nivel, existen axudas de promoción ao autoconsumo, co cal pois atopámonos que en Galiza se asume acriticamente, sen poñerlle ningunha pega a este real decreto. Incluso en todos os ámbitos de trámite deste real decreto Galiza ficou calada e non dixo nada ao respecto. Non existe promoción de autoconsumo, e cada vez que traemos a debate a esta Cámara unha iniciativa respecto do autoconsumo pois o Partido Popular vota en contra.

Nós, efectivamente, dende o Bloque Nacionalista Galego apoiaremos esta iniciativa. Cremos que é necesario derro-

gar este real decreto. Cremos que é necesario establecer un réxime de balance neto en relación coas persoas, cos clústers de autoconsumo, con aquelas persoas que están promovendo este xeito máis eficiente, máis ecolóxico e máis democrático da produción de enerxía, mais tamén consideramos que é necesario que dende Galiza se estableza un regulamento propio e tamén se estableza un réxime de subvencións que promocióne o autoconsumo.

Nada máis, moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señora Adán.

Grupo Parlamentario Socialista. Señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Bueno, eu quero comezar, despois da intervención do presidente, dicindo que eu non son empresario de ningún sector, son funcionario público nunha oposición convocada no BOE, non necesitei facer un sindicato amarelo que logo disolvín unha vez que era funcionario, e, polo tanto, creo que estou perfectamente habilitado para falar de practicamente calquera tema que afecte o interese público neste Parlamento *(Aplausos.)*

É verdade que tamén me estou recuperando emocionalmente do cambio de paradigma económico. A industria ía ben, o sector primario lanzado e a ocupación, a afiliación á Seguridade Social, todo ía mellor que España. Os datos oficiais din que medramos un 33 % menos que o conxunto de España. A min gustárame, de verdade, que alguén fose capaz de explicar aquí –o presidente, os conselleiros pertinentes ou os voceiros do ámbito económico do Grupo Popular– como se pode explicar isto, porque insisto en que o meu limitado coñecemento económico me impide entender cales son os mecanismos que están no fondo desta cuestión.

Eu sei cal é o mecanismo: mentira política de primeira orde. Nin a industria galega vai mellor que a industria española, nin o mercado laboral vai mellor que o mercado laboral español, nin o sector primario galego vai mellor que o sector primario español, e, polo tanto, seguimos exactamen-

te no PP: publicidade e propaganda. Aí é exactamente onde estamos, señores deputados.

En relación con esta iniciativa, o Grupo Parlamentario Socialista vaina apoiar, entre outras cousas porque levabamos no noso programa electoral nas últimas eleccións xerais un tema, unha redacción moi similar á plantexada pola Alternativa Galega de Esquerda e, sobre todo, porque neste momento de negociacións políticas a nivel do Goberno de España, na proposta de goberno presentada polo Partido Socialista ao resto dos grupos de esquerdas no Congreso dos Deputados, hai un parágrafo que di exactamente –e quero trasladalo para que conste en acta–: “Reformar” –vou traducir sobre a marcha– “o Real decreto 900/2015, que regula as modalidades de subministración de enerxía eléctrica con autoconsumo e de produción con autoconsumo, incluído o denominado “imposto ao sol”, e aprobar no seu lugar un marco regulatorio estable para o autoconsumo eléctrico e a xeración a pequena escala na modalidade de balance neto”.

Polo tanto, estamos falando todos do mesmo. Espero, efectivamente, a receptividade que este grupo ten no Parlamento galego, espéroa doutros grupos a nivel estatal.

En realidade, este real decreto de autoconsumo, bueno, pois é o último paso da reforma enerxética do Partido Popular, unha reforma enerxética que defendía os intereses que todos sabemos, os intereses de UNESA, das grandes empresas produtoras de enerxía eléctrica. Por certo, non o di o Partido Socialista, dixérono todos os axentes económicos que participan na xeración, distribución e consumo de enerxía, excepto as grandes empresas eléctricas e o Partido Popular. Insisto e quero repetir: todos, absolutamente todos os axentes económicos que participan en todo o proceso de produción, distribución e consumo de enerxía, excepto os membros de UNESA e o Partido Popular. Tamén é verdade que era difícil esperar outra cousa.

O que é lamentable, dende o Parlamento galego, é o silencio cómplice, absolutamente detestable, do Goberno galego ante este ataque. Porque este ataque, fundamentalmente ás renovables, máis alá do segundo paso que foi exactamente o autoconsumo, era un ataque a un sector estratéxico na economía de Galicia.

Como xa se dixo aquí, efectivamente o sector eólico quedou desmantelado, non só en termos de produción de enerxía,

que tamén –é un feito obxectivo e estatístico–, senón tamén nun tecido industrial cun nivel elevado de investigación e innovación, no que tiñamos unha posición líder moi consolidada, non só en España, senón no conxunto de Europa.

Todo isto está en vías de desaparición. O señor Conde non di nada, o señor presidente da Xunta non di nada, e, lamentablemente, seguimos movéndonos nesta absoluta indefinición. Iso si, continúa a publicidade e a propaganda. Na última resposta a este grupo parlamentario dada en relación coas inversións previstas no Plan Juncker, dise –escribese–, sen cortarse absolutamente nada, que unha das catro áreas –catro, definen catro áreas prioritarias e unha delas para Galicia nas inversións do Plan Juncker– son as enerxías renovables.

A min gustárame que alguén me dixera –e preguntarei– non na Comisión 6ª no seu momento–, que alguén me dixera exactamente en que se concretan esas liñas prioritarias de actuación, porque estamos perdendo posicións no conxunto de España en termos de produción en enerxía eólica, estanse perdendo empregos no sector metal mecánico vinculado ás renovables de maneira constante...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...–remato, señor presidente–, e, polo tanto, eu non sei exactamente onde están esas prioridades.

Eu sei onde están outras prioridades: as prioridades do incremento do 25 % nos dividendos das grandes empresas eléctricas e o incremento dos beneficios das grandes empresas eléctricas no ano 2015, por riba do 5 %, nun escenario de inflación cero. Aquí é onde están as prioridades deses que din gobernar para todos e para todas e que son os que apoian, cun silencio cómplice, –insisto– detestable, este decreto de autoconsumo.

Nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Losada.

Grupo Parlamentario Popular. Señor Santos.

O señor SANTOS REGUEIRO: Grazas, señor presidente.

Bueno, señor Losada, eu despois de traballar vinte e tres anos na empresa privada como asalariado, espero que non me considere desautorizado para falar tamén desde esta tribuna. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)*

Eu quería dicir que por primeira vez un goberno do Estado establece unha normativa regulatoria da xeración, distribuída de necesidade, a denominada “autoconsumo”, que con anterioridade se encontraba nunha situación alegal. É certo que esta normativa xa a prometeron outros gobernos anteriormente, pero tamén é certo que foron esquivos e nunca foron capaces de desenvolvela. Polo tanto, dende un punto de vista administrativo, temos unha norma que elimina incertezas, indefinicións e inseguridade xurídica.

No aspecto económico temos que dicir que este é un decreto prudente, que é necesario un mercado no contexto actual do sector eléctrico, no que é imprescindible manter unha sostibilidade medioambiental, pero tamén unha seguridade de subministración e tamén ser competitivo. E nese senso as decisións tomadas polo Ministerio na última lexislatura parece que foron bastante axeitadas.

Miren vostedes, a principios do ano 12 o déficit de tarifa estrutural que estaba previsto para ese ano era de 7.000 millóns de euros. O realmente obtido a final de ano, 5.600 millóns de euros. Para 2013, estaba previsto 10.500 millóns de déficit, e o obtido foron 3.400. Para 2014 volvían estar previstos outros 10.500, e o realmente obtido foron 600 millóns de euros de superávit.

Se non lle vale o déficit de tarifa, imos á factura. Mire, entre o ano 2008 e o 2011 a factura eléctrica incrementouse un 67 %. E entre o ano 2013 e 2014 baixou un 8,5 %. Este é o resultado. Si, si, está publicado en Rede Eléctrica Española.

Pero, centrándonos no autoconsumo, temos que diferenciar dous tipos claramente: un autoconsumidor, que xera a electricidade que consome, e que non está conectado á rede eléctrica; só ten que pagar o custo do investimento, non ten que pagar por outra cousa; non paga o custo de enerxía, non paga o IBI, non paga o imposto de electricidade, non paga peaxes, non paga transporte nin distribución, nin ningún outro tipo de custos.

Outra cousa distinta é o alto consumidor, que si está conectado á rede, é dicir, que está utilizando o sistema eléctrico, e, polo tanto, deberá pagar como calquera outro consumidor pola potencia contratada.

Para esta modalidade, resulta curioso que se fale dun novo “imposto ao sol”. Iso queda moi ben falalo noutros foros, pero aquí, na Cámara, considero que debemos ser máis rigorosos e máis precisos coas nosas palabras. Porque, señorías, o Real decreto 900/2015 non crea absolutamente ningún novo imposto. Dáselles aos que se acollen á modalidade de autoconsumo exactamente o mesmo trato que se lle dá ao resto dos consumidores.

Voulle explicar. Mire, no sistema eléctrico existen dous grandes grupos de custos: custos variables, derivados principalmente da enerxía consumida, e uns custos fixos, principalmente derivados das peaxes e das redes de transporte.

Vostedes o que están pedindo nesta iniciativa é que se eliminen parte destes custos fixos ao autoconsumo, incluso sabendo que detrás das enerxías renovables ten que haber unha tecnoloxía de respaldo por se nalgún momento cae o sistema porque non sopra o vento ou non quenta o sol. E ¿quen paga entón estes custos do sistema? Pois, sen dúbida, o resto dos autoconsumidores, perdón, o resto dos consumidores. O resto dos consumidores sen autoconsumo estarían subvencionando as instalacións de autoconsumo. Volveríamos, sen dúbida, a caer nos erros do pasado.

¿Acórdanse cando canto máis sopraba o vento ou máis quentaba o sol máis se encarecía a electricidade polo sistema de primas que había? Pois, con esta medida, canta máis electricidade se produza polo método de autoconsumo máis elevado sería o prezo da electricidade para o resto dos consumidores en xeral.

Polo tanto, non podemos compartir unha medida que supón unha transferencia de rendas duns consumidores a outros.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor SANTOS REGUEIRO: Para iso non está o sistema eléctrico, señorías, senón que está o sistema fiscal.

Como xa dixen, este é un decreto prudente, pola situación actual da burbulla eléctrica, con moita máis oferta que demanda. E, por suposto, consideramos que é susceptible de mellora, como tamén xa lles ten manifestado a Xunta de Galicia en comisión. Pero esta mellora consideramos que ten que ir polo camiño de compensar a enerxía consumida coa enerxía vertida á rede, o coñecido como balance neto.

Polo tanto, este decreto debe ser un punto de inicio, e debe ser para mellorar, non podemos admitir que sexa para derrogar...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor SANTOS REGUEIRO: ...que iso significaría un retorno a unha situación de alegaldade e a unha incerteza no sector.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Santos.

Grupo autor da proposición non de lei. Señor Vázquez.

O señor VÁZQUEZ DÍAZ: Bueno, esforzándose para non perder a capacidade de sorpresa, imos dicirlle, señor Santos, que cando vostede di que os proxectos de autoconsumo teñen que ter o mesmo trato que o resto dos consumidores, discrepo profundamente, porque se o que se pretende é impulsar este tipo de proxectos, non poden ter o mesmo tratamento, terán que ter algún mecanismo de incentivo, terán que ter un marco normativo que favoreza que se desenvolva. Pero é que non o digo eu, é que o din as normativas europeas; obrigan, son vinculantes co Estado español.

E, en segundo lugar, di vostede que o sistema non está para favorecer a transferencia de recursos duns consumidores cara a outros. Non. O sistema está para favorecer a transferencia de recursos dos usuarios ás grandes eléctricas, iso é para o que está o sistema vixente. Porque o que é evidente, o que é evidente, o que non se pode negar, é que o autoconsumo é bo para as contas e o balance do noso país, o balance comercial nun país que é absolutamente dependente de combustibles fósiles: petróleo e gas.

É bo para os usuarios, nunha crise económica onde moitos non son quen de pagar a súa factura eléctrica. O 10 % do

salario de moitos galegos, medio millón de galegos, vai para o gasto enerxético; o autoconsumo beneficiaría evidentemente moitas familias, cunha enerxía limpa e sostible.

É bo para o medio ambiente. Isto é evidente.

É bo, polo tanto, para o interese xeral, non prexudica a ninguén. Autocorríxome, si, prexudica a alguén. Prexudica as grandes eléctricas, esas eléctricas nas que engrosan os consellos de administración os cargos do Partido Popular.

Temos o ex presidente Aznar como asesor en Endesa; temos o ex ministro Acebes no Consello de Administración de Iberdrola; temos o marido da secretaria xeral do PP, a señora Cospedal, en Iberdrola; temos a Antonio Hernández Mancha en Enagás; temos a Rodolfo Martín Villa en Endesa; temos a Marcelino Oreja, fillo dun comisario europeo da Enerxía, en Enagás; a Ana Palacio en Enagás; a Isabel Tocino en Enagás... En fin, a lista é absolutamente interminable. Non é que haxa casos de porta xiratoria no Partido Popular, é que o Partido Popular é en si mesmo unha porta xiratoria. É, como dicía a canción de Xil Ríos, é como unha pedra de muíño, que roda e roda, pero tritura, non só á cidadanía, evidentemente, que o pasa mal, senón que tritura a economía do noso país.

Si, porque isto ten unhas consecuencias dramáticas tamén para Galicia, onde, como aquí se dixo claramente, as enerxías renovables son potencialmente, poderían ser un sector verdadeiramente estratéxico e que permitiría dende logo mellorar o campo da innovación e da tecnoloxía, moi necesitado de investimentos no noso país.

Hai unhas datas –e con isto remato– acudían a Galicia de todo o Estado estafados das enerxías fotovoltaicas, que foron prexudicados por este cambio normativo do Partido Popular. Aproximadamente hai 2.500 familias afectadas por este asunto, onde, cun marco normativo previsiblemente estable e en base ás directivas da Unión Europea, investiron unha grande cantidade de recursos e agora mesmo os van perder. E todo isto, igual que no caso das preferentes, coa complicidade do Partido Popular.

Máis nada. Agradezo o apoio do resto dos grupos. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Vázquez.

Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Cristina Isabel Romero Fernández e sete deputados/as máis, sobre a posta en marcha polo Goberno galego dun programa de mercados no Camiño de Santiago

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei presentáronse emendas do Grupo Parlamentario Mixto e do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G.P. Mixto, a través da súa deputada Mónica Fernández Rodríguez, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda de substitución a esta proposición non de lei, 44372 (09/PNP-003226).

Emenda de substitución.

Proponse substituír a parte resolutiva da proposición polo seguinte texto:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a poñer en marcha un Programa de Mercados no Camiño que aproveite as oportunidades que o Camiño de Santiago pode xerar para a economía galega en xeral, e para a local en particular; apoiando fronte a produtos foráneos e o oligopolio da distribución agroalimentar a promoción de produtos locais producidos por pequenos produtores nas prazas de abastos, mercados municipais e comercio de proximidade.”)

(O G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado José Manuel Gallego Lomba, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 44372).

Emenda de modificación.

Proponse unha nova redacción para a parte resolutiva da iniciativa, que terá o seguinte contido:

“O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a pór en marcha un Programa de mercados nos camiños xacobeos para aproveitar as oportunidades que se poden xerar para a economía galega en xeral, e para os pequenos produtores e as persoas comerciantes das prazas de abastos e mercados dos concellos polos que transcorre en particular, dotando este programa, polo menos, coas seguintes medidas:

1^a. Promover o uso dos distintivos de calidade que teñen recoñecidos os produtos alimentarios galegos.

2^a. Rehabilitar as prazas de abastos e mercados dos concellos dos camiños xacobeos para ofrecer instalacións dignas.

3^a. Consignar orzamentariamente unha partida específica para o desenvolvemento destas medidas ao longo de 2016 e en sucesivos orzamentos.”)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Romero.

A señora ROMERO FERNÁNDEZ: Moitísimas grazas, señor presidente.

Moi bos días a todas e a todos, señorías.

Ben, unha vez máis o Grupo Parlamentario Popular presenta hoxe nesta Cámara unha proposición de lei que ten que ver co turismo e co comercio, precisamente para aproveitar as sinerxías entre estes dous sectores económicos da nosa economía, o sector turístico e o sector comercial, pero centrado no referido ao comercio local.

Os últimos datos turísticos de Galicia consolidan este sector como estratéxico e como un dos motores da recuperación económica. Así, no ano 2015 acadamos un máximo histórico en viaxeiros aloxados, xerando medio millón de novos viaxeiros en relación co ano 2014, un 12 % máis. Se falamos de turistas internacionais, volvemos acadar máximos históricos, tanto en viaxeiros como en pernoitas, superando estas, as pernoitas, a barreira dos 2 millóns. E se falamos do mercado nacional, acadamos a cifra máis alta dos últimos cinco anos, con 3,3 millóns de turistas nacionais, acumulando tres anos consecutivos de crecemento.

O Camiño de Santiago é a ruta de peregrinación máis antiga de Europa, así como a máis concorrida, cun valor histórico e cultural indubidable, do mesmo modo que é indubidable a capacidade que ten de contribuír ao crecemento socioeconómico nas localidades polas que percorre.

Se botamos unha ollada ás cifras de peregrinos e peregrinas que se achegan a Santiago de Compostela nestes anos

desta última lexislatura –por non haber Ano Santo, collín estes, que poden desvirtuar as cifras, nesta última lexislatura–, observamos que aumentan respecto do ano anterior máis dun 12 % no 2013 e máis do 10 % nos anos 14 e 15, e no cómputo total da lexislatura a chegada de peregrinos incrementouse en máis dun 36 %, alcanzando a cifra de 262.515 neste último ano.

E a tendencia segue á alza, señorías, xa que durante o pasado mes de xaneiro recibimos 1.304 peregrinos máis, é dicir, un 7 % máis que en xaneiro do 15 e un 12 % máis que o anterior Ano Santo do 2010. Estas cifras pódenas atopar todos vostedes na Oficina de Acollida ao Peregrino.

Polo tanto, analizadas estas cifras, aproveitar as sinerxías que xera esta importante chegada de peregrinos, de turistas tanto nacionais como internacionais, resulta imprescindible para os sectores económicos en xeral e para o comercio local en particular. De feito, moitos núcleos rurais e moitos concellos polos que transcorre o camiño beneficianse directa ou indirectamente do seu impacto en aspectos como a fixación de poboación, creación de novas empresas, xeración de postos de traballo e crecemento de sectores produtivos.

O comercio é unhas das actividades que máis relevancia ten para o desenvolvemento das nosas vilas e cidades, non só pola súa contribución ao PIB e ao emprego que xera, senón tamén polas súas repercusións a nivel social, así como a capacidade que ten para incrementar o atractivo e o dinamismo das cidades.

Dentro do comercio, as prazas de abastos ocupan un lugar destacado como motores para dinamizar o comercio de proximidade, e cada vez é maior a capacidade que teñen estas de xerar outras actividades complementarias ao seu arredor, xeradoras á súa vez de riqueza e de emprego.

Nos últimos tempos os mercados e as prazas están a alcanzar un novo posicionamento no mercado, atraendo clientes, visitantes, cocineiros e especialistas da mellor gastronomía e buscando fórmulas para reinventarse e posicionarse como líderes na venda de produto perecedeiro. Valores como a calidade, a proximidade e a atención ao cliente, propios dos mercados, así como a profesionalidade das praceiras e praceiros, fan das nosas prazas de abastos unha canle eficaz de comercialización e o mellor escaparate do

produto galego de calidade, o espazo idóneo onde mostrar o mellor que ofrecen as nosas rías, as nosas hortas, o noso gando e os nosos produtores, que traballan con esta excelente materia prima e que é imposible que pase desapercibida para os visitantes ou peregrinos.

Tendo en conta o incremento constante de peregrinos que transitan polo Camiño de Santiago, os mercados de Galicia poden e deben configurarse como un punto de referencia do mellor produto e do saber facer galego. Sen ningunha dúbida, os mercados galegos que se atopan no Camiño ofrecerán aos peregrinos un plus que só atoparán en Galicia, e, á súa vez, o Camiño pode ofrecer ás prazas de abastos unha ferramenta de dinamización e de captación de novos clientes.

Precisamente, a dinamización da actividade e a captación de novos visitantes e clientes, sobre todo entre a xente máis nova, foron unha das moitas necesidades que puxeron de manifesto no pasado mes de novembro no Encontro de mercados de futuro os profesionais do sector, encontro que reuniu tanto praceiros como praceiras, profesionais, representantes dos concellos de Galicia, para intercambiar as súas experiencias, analizar as súas fortalezas e as debilidades dos nosos mercados, traballo imprescindible para a elaboración do Plan de mercados excelentes, por mandato deste Parlamento, que proximamente vai ser presentado.

E por todo isto é polo que este grupo parlamentario insta a Xunta de Galicia, a través desta proposición non de lei, a pór en marcha un programa de mercados no Camiño que sexa capaz de aproveitar as oportunidades que o Camiño de Santiago pode xerar para os pequenos produtores e comerciantes das prazas de abastos e mercados dos concellos polos que transcorre.

Espero contar co voto favorable de todos os grupos, porque o que se pretende con esta iniciativa non é só contribuír a dinamizar as prazas de abastos, que é o seu obxectivo principal, senón tamén dar a coñecer os produtos e a gastronomía de Galicia. E isto, aínda que pareza secundario, non o é, señorías, xa que a gastronomía é o segundo motivo polo que nos elixen como destino, o segundo motivo polo que nos elixen como destino. De feito, analizando os datos de turistas a nivel español, dos 60 millóns de turistas que nos visitan, 9,5 fixérono motivados pola gastronomía. Estes son datos do 2004, que saben que foron incrementándose no 2015. O

gasto medio do turista gastronómico sitúase en 1.125 euros por estancia, por riba do turista normal. Polo tanto, para a nosa comunidade, para Galicia, é importante captar este tipo de turista.

Por outro lado, con esta iniciativa tamén se pretende ofrecer aos peregrinos servizos que complementen a súa experiencia no Camiño, creando vínculos entre o peregrino e os produtos locais galegos, informando nos mercados sobre os nosos produtos, os mellores produtos locais existentes na zona, incluso agasallando a quen acredite a súa condición de peregrino cunha pequena mostra, comercializando produtos ou lotes de produtos especialmente deseñados para os peregrinos tanto pola súa cantidade, peso e valor enerxético, e creando un *merchandising*, un *packing*, que relacione o Camiño coas prazas de abastos e mercados e o produto galego de calidade.

E remato, señorías, tendo en conta que o peregrino, que é a alma do Camiño, é o seu mellor prescriptor e embaixador, e cómpre traballar para que a súa experiencia sexa o máis satisfactoria e relevante posible. E tendo en conta que con esta iniciativa contribuímos a dinamizar os mercados e concellos polos que transita o Camiño de Santiago, espero contar co voto favorable de todos os grupos.

Sinto moito a graza que lles fai a moitos dos deputados –polas caras que lles vexo–, pero eu si que non me avergoño de ser empresaria do pequeno comercio, e isto é moi importante para o sector comercial e para o comercio de proximidade. (*Aplausos.*) Amóseno votando a favor desta iniciativa. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Romero.

Grupo Parlamentario Mixto. Señora Fernández.

A señora FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ: Bo día, señoras deputadas e señores deputados.

Esta proposición non de lei que nos acaba de presentar o Partido Popular sobre un programa de mercados no Camiño entendemos que é bastante pretenciosa e indefinida.

O incremento de persoas que percorren o Camiño e Santiago é indudábel, polos diferentes motivos que sexa,

dun xeito máis destacado nos últimos anos, sen seguir a moda de vir a Compostela en Ano Santo. Todas estas persoas presentes estaremos de acordo no capital cultural que representa este Camiño, vertebrando toda a nosa xeografía coas diferentes vías que entran na Galiza, indo a confluír a Santiago.

Mais este aumento significativo da peregrinación significou un reto para este país, que, de momento, non soubo actualizarse ás demandas desta peregrinaxe. Os tempos mudaron e o perfil da xente que vén non é o mesmo de hai vinte ou dez anos. Produciuse unha transformación dos xeitos de comunicarse e desprazarse. O motivo da viaxe segue sendo por motivos relixiosos, na súa ampla porcentaxe, e esta característica débemola ter en conta para poder dirixirnos a un público moito máis amplo. A descuberta da nosa terra debe fomentar a experiencia dos cinco sentidos, nunha interacción co medio e a cidadanía.

Vimos de obter o ano pasado por parte dos Camiños do Norte e do Primitivo a distinción de patrimonio da humanidade, que se engaden ao que xa ten o Camiño Francés no ano 93. É o recoñecemento á historia destes camiños antergos da orixe e do fenómeno do Xacobeo. E comprometémonos a protexer, difundir e poñer en valor as arterias que levan a Compostela.

Nos últimos tempos o Camiño está desprestixiado, e dicímolo dun xeito destacado, porque isto vai influír en todo o que está relacionado con el. É noticia a falta de seguridade dos centos de peregrinos que a diario transitan polas diferentes rutas, e isto é responsabilidade da Xunta. Sen embargo, as denuncias aumentan. Os problemas relacionados coa seguridade viaria son grandes, sobre todo porque en moitos tramos pasan pola estrada. A seguridade das persoas, a mellora das instalacións, os roubos, a pouca ou a nula sinalización e a oferta dos albergues cumprindo cuns servizos mínimos obsoletos. Dotar de infraestruturas estes servizos é un traballo que está pendente.

A todo isto tamén sumamos a modificación das partes dos trazados no Camiño nos últimos tempos, seguindo un maior criterio histórico e documentado, pero estas modificacións non teñen o beneplácito das poboacións afectadas, pois temen que repercutan en varios dos seus negocios.

O ano pasado púxose en funcionamento o chamado Plan director e Plan estratéxico do Camiño de Santiago ata o ano 21, que ten entre os seus obxectivos –e remarco– fomentar a cohesión social e o equilibrio territorial.

E para iso deberíase ter en conta algúns dos estudos feitos de poboacións do rural por onde pasa o Camiño, e digo Camiño Francés, que é o máis transitado, pois recolle os datos da última década, incluso se vai máis aló, aos últimos quince anos, que o efecto do Camiño non é suficiente para inverter a tendencia decrecente da poboación. Na gran parte deste territorio o descenso do peso da agricultura e das outras actividades primarias produciu o despoboamento do rural. O turismo sostible, ao que lle engadimos outras actividades, como pode ser a creación dos mercados, debería ser unha das saídas do medio rural, un instrumento para o desenvolvemento, o turismo, tanto para a xente de fóra como para a xente do interior. Búscase complementar, diversificar e incrementar as alternativas a estes ingresos nas poboacións rurais.

A proposta da creación dos mercados no Camiño podería abrir a posibilidade de promocionar a nosa terra. Haberá que definir ben os obxectivos e potenciar neste caso a venda dos produtos autóctonos fronte a produtos foráneos e oligopolios, marcando a diferenza con feiras que atopamos con todo o territorio, e alonxarnos da imaxe homoxeneizada que supón a globalización, que anula as características propias desta terra.

Os nosos produtos locais deberían incluír certificados de calidade, denominacións de orixe –de habelas–, para ofrecerlos tanto aos peregrinos como a outro tipo de turismo e tanto tamén para os habitantes da Galiza.

E sobre este plan ou creación destes mercados seguimos tendo moitas dúbidas, porque ¿onde se celebrarían, en que concellos, en que núcleos de poboación ou non? Entendemos que para unha boa identificación deste distintivo é moi importante a elección do espazo, e, seguindo un pouco coa tradición dos chamados mercados tradicionais, hoxe practicamente desaparecidos, deberíamos aproveitar as arquitecturas populares no Camiño, as propias vilas, os seus cascos históricos e tamén outras instalacións existentes, como poden ser a praza de abastos, ou incluso a posibilidade de...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

A señora FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ: ...rehabilitar construcións e dotalas de funcións específicas.

Non sabemos que criterios seguirán para implementar isto no territorio –se será coa axuda dos concellos, das deputacións–, non sabemos a periodicidade dos mesmos. Non sabemos se teñen a intención de fidelizar visitas a espazos físicos nos lugares de produción ou demostración nos propios mercados. Non sabemos que dotación económica, para facernos unha idea do alcance desta proposta. O que si sabemos é que estes mercados no Camiño deberían ter un carácter integrador, onde deberían aliarse con outros patrimonios, sexan artísticos, etnográficos e materiais e naturais, e profesionalizar todos os axentes implicados, pois supón un revulsivo para castigar a actividade económica do rural, provocando despoboamento.

E sinto ter que dicirlle que non imos apoiar esta proposición non de lei, á que presentamos a emenda de substitución, bueno, que xa tedes todos e todas.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Fernández, grazas.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra o señor Gallego Lomba.

O señor GALLEGO LOMBA: Grazas, presidenta.

Bos días a todos e a todas.

Unha vez máis o Partido Popular tráenos, toca unha destas propostas nas que fai sempre gala e ademais é un slogan xa totalmente proposto por el, que é: PP, publicidade e propaganda.

Señora Romero, de verdade, eu non entendo nada de nada desta iniciativa, a non ser que sexa porque o Partido Popular queira cubrir unha vez máis o cupo que lle corresponde. Ten dereito a presentar as iniciativas que queira e que lle dea a gana, eu niso non me meto. Pero mire, imos ver.

Programas. Teñen vostedes Plan de impulso ao comercio, Plan integral de turismo de Galicia, Plan director estra-

téxico do Camiño de Santiago, Plan de desenvolvemento das TIC e teñen vostedes o último xa, que é o Plan estratéxico de Galicia. E mire, unha cousa: en todos estes plans se fala disto, en todos, e, ademais, é máis, en todos se contempla este –que non trouxen máis, téñoos alí no meu escano e non os trouxen aquí–, o Plan de turismo de Galicia. Contémplanse para a iniciativa que vostede ten, no Plan de turismo de Galicia contémplase isto, o Plan de actuacións do Camiño de Santiago, que acaban de presentar non hai moito.

Este é un apartado que di: dinamización do comercio galego. Apoiamos establecementos comerciais con produtos galegos, artesanía e tal, para posta en valor e revitalización dos mercados de abastos. É máis, fíxese vostede que o día dunha orde do 22 de decembro de 2015, cos orzamentos aprobados xa do 2016, o DOG publicou xa para que se presenten todos os concellos para subvencións e axudas a melloras dos mercados.

¿Para que trae esa iniciativa? ¿A que vén esa iniciativa? Porque está aquí no DOG, publicado xa a orde, que di: a dinamización e revitalización dos centros comerciais abertos e a súa adaptación ao seu contorno para crear espazos confortables e de lecer e mais dinamizar a rexeneración das prazas de abastos e de mercados. Pero a ver, ¿xa está vostede poñéndolle neste caso deberes ao Goberno porque non cumpren? Se é así, dígaos, pero é que non ten lóxica ningunha a iniciativa, porque xa está publicado no DOG e xa se abriron os prazos para que se presenten todos os concellos que queiran, e demais, todos os que queiran, os concellos de Galicia.

Porque eu non sei que criterios van utilizar vostedes para os Camiños. É máis, unha vez máis só fan a política baseada no Camiño de Santiago, a política turística. É un grave erro. Só se basea no Camiño, que tamén hai que facelo co Camiño, e non co Camiño, senón con todos. E aquí eu presenteí unha emenda –que vou falar dela– onde digo que sexan os Camiños de Santiago, non o Camiño, que sexan para todos, que se controle a calidade dos produtos que sexan etiquetados como produtos galegos os que se venden e sobre todo os de artesanía.

Ademais, presentamos unha emenda para que todos, todos os mercados, non só no Camiño de Santiago, no Camiño Francés, senón en todos os Camiños, se contemplen. Se queren vostedes facelo, fágao para todos, porque teñen que

ter algún criterio, non o criterio soamente de facelo para algo, e sobre todo que os produtos sexan de calidade galega, os que se comercialicen e os que se vendan aos peregrinos.

Pero mire, eu dígolle que os peregrinos, por suposto, os Camiños e a peregrinación, está ben, pero non son os turistas eu penso os que van consumir ou van parar nos mercados para comprar ou para facer iso. Está ben para potenciar o que son os concellos ou as prazas de abastos ou os pobos por onde pasan os Camiños, pero, de verdade, eu non entendo para que presentou esta iniciativa, porque téñena contemplada en todos os plans –e son uns cantos– que vostedes aprobaron nesta lexislatura e na anterior sobre o turismo e sobre o comercio de Galicia.

Por suposto, se nos acepta a emenda, votaremos a favor; se non, votaremos en contra.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Gallego Lomba.

Polo Grupo Parlamentario de Alternativa Galega de Esquerda ten a palabra o señor Ron Fernández.

O señor RON FERNÁNDEZ: Ben, bo día a todos e a todas.

Unha vez máis unha iniciativa que mestura o que é un ben cultural patrimonio da humanidade como o Camiño de Santiago, situado nas leis do mercado a través do turismo de viaxeiros, a través do incremento de peregrinos, mesturando as dúas categorías que non teñen nada que ver, pero nada, e entón, como sei perfectamente que teño unha ideoloxía anticapitalista e que son de esquerdas e de tendencia comunista, pois dixeran: bueno, imos razoar un pouco esta iniciativa e imos ver que di.

E, entón, collín os tres fragmentos: capacidade de contribuír ao crecemento socioeconómico dos territorios que percorre, moitos núcleos rurais e moitos concellos beneficianse de fixación de poboación, creación de novos empregos, xeración de postos de traballo, crear riqueza, crecemento económico, emprego, avanzar na competitividade.

Ben, unha literatura –sabemos– perfectamente ideolóxica e digna do Partido Popular. Entón, o que fixen foi preci-

samente analizar eses tres parámetros: fixación de poboación e traballo e empresas tamén. Como límites cronolóxicos, collín o ano 2000 e o ano 2015, quince anos, que todos inciden ademais en sinalar como máxima expresión –precisamente acaba de facelo a voceira do PP– na chegada de peregrinos a Compostela a través dos diferentes itinerarios, sobre todo o itinerario francés, que é o máis relevante.

Ben, collendo todas as poboacións máis importantes, sobre todo son doce poboacións, desde Pedrafita ata Santiago, pois decidín analizar o parámetro de fixación de poboación. Pois ben, en todas estas localidades, en todas, excepto en Sarria e en Santiago de Compostela, produciuse curiosamente nestes quince anos un acusado descenso de poboación, en todas estas doce localidades. É dicir, en Pedrafita pois loxicamente perdéronse 511 habitantes; en Samos, 732; en Palas de Reis, 842; en Melide, que é curiosamente onde se produce a confluencia do Camiño Primitivo co Francés, pois perdéronse 903 habitantes. As únicas que gañan son Sarria e Santiago, e moi poucos, moi poucos. Como todos saben, Compostela gañou unicamente 1.709 habitantes desde o ano 2000 ata o 2015, aínda non superando a barreira dos 100.000.

Polo tanto, primeira conclusión: o Camiño de Santiago non contribúe a fixar poboación nas localidades, dándose unha perda xeneralizada.

O segundo parámetro é emprego. Analicei, collín os datos do IGE, fun sistematicamente desde o ano 2000 ata a última referencia actualizada. E, curiosamente, en ningunha, pero en ningunha delas, en ningunha se produce un incremento de emprego. Non só se produce un incremento de emprego, senón que se produce un acusado aumento do desemprego, do paro.

E se collemos o parámetro de empresas, fixémonos en que case todas as empresas creadas nesas localidades ou que figuran nesas localidades non teñen asalariados ou teñen, como moito, un, dous asalariados.

Esa é a realidade dos parámetros de fixación de poboación, de traballo e de empresas. Vostedes mesturan, usan a literatura neoliberal, o discurso economicista, para dicir que o Camiño de Santiago produce un valor engadido, e o valor engadido non é tal, non é tal, non se demostra cos datos.

O Camiño de Santiago, loxicamente, coñece un crecemento –interesantísimo– de peregrinos, que viaxan cunha motivación que desde logo non é a que vostedes sitúan cando queren facer todo o posible para situalos baixo o imperio da lei do mercado. Os peregrinos veñen como veñen. Se vostede colle unha mochila e percorre o Camiño Francés desde Roncesvalles, saberá perfectamente que non pode coller pesos inútiles e que o consumo se fai no lugar máis inmediato e, se coincide que hai feira e mercado, ben, e se coincide que non, non.

As feiras e mercados hainas en todas as localidades do Camiño de Santiago, pero para abastecer a súa propia poboación, porque loxicamente teñen o seu propio circuíto a través dos excedentes que se van creando no propio campo, na comarca, na zona.

É dicir, nós entendemos que vostedes queren facer todo o posible para situar como único mantra que teñen como relación entre turismo e éxito para a Xunta de Galicia o Camiño de Santiago, pero o Camiño de Santiago obedece a unhas connotacións distintas, e vostedes deberían atender os parámetros culturais, que xa falamos aquí onte coa Lei de patrimonio cultural, onde o Camiño de Santiago, lonxe de estar todo o atendido que debiera estar, pois está bastante desatendido...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

O señor RON FERNÁNDEZ: ...en cuestións esenciais como sinalética, albergues, etc.

Polo tanto, esta iniciativa non vai contar co apoio de AGE, porque nós entendemos que non se poden mesturar parámetros e dicir que existe unha relación de causa-efecto entre o Camiño de Santiago e crecemento de poboación, creación de emprego e creación de empresas, cando os datos demostran claramente que non é así.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Ron.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.
Ten a palabra a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Moi bo día. E moi bo día ás persoas que nos acompañan desde a tribuna.

No BNG cremos que un sector como o do comercio galego, pois que xera gran número de empregos, merece que se tomen iniciativas co obxecto de preservalo e potencialo —xa o temos dito en máis dunha ocasión—, e facémolo porque dende a perspectiva da defensa dos intereses económicos de Galiza potenciar o sector comercial galego pois significa, efectivamente, potenciar emprego e desenvolvemento económico. E porque tamén cremos en cuestións que pon aquí na iniciativa, nas sinerxías que se poden xerar entre os diferentes sectores económicos, e que son moitas posibilidades de cooperación entre sectores. Tamén coincidimos nesas cuestións. E tamén temos moi claro que unha aposta polo sector comercial de Galiza pois significa todo o contrario de apostar polo dominio do sector das grandes superficies, que significa unha menor presenza de produtos propios. É dicir, todo o contrario do que leva feito o Partido Popular.

A defensa do comercio galego pois é ir en contra do modelo comercial polo que ten apostado o Partido Popular, e por todas as medidas lexislativas que tanto no Goberno do Estado como no Goberno galego teñen posto en marcha e que vai totalmente na dirección contraria das cuestións que plantexa agora nesta iniciativa. E é evidente que no BNG pois apostamos claramente por unha estrutura tradicional galega de pequeno comercio.

E logo hai cuestións que son máis que evidentes. Que Galiza ten uns produtos de primeirísima calidade é algo máis que evidente, é un feito coñecido e recoñecido: peixe, marisco, carne, viño, leite, artesanía. ¿Que hai que poñelo en valor? Tamén coincidimos. ¿Que é precisa a implicación das institucións para que se convertan en impulsoras dos mercados alimentarios locais e dos produtos locais? Estamos totalmente de acordo en que hai que facelo. ¿Que a implicación supón unha aposta clarísima das institucións? É evidente que hai que facelo así, e que as administracións e os poderes públicos poden e deben ter un rol determinante para impulsar mercados alimentarios, e mercados de proximidade, por toda unha serie de vantaxes incuestionables.

Co que xa non estamos de acordo é coas cortinas de fume ás que nos ten acostumados o Partido Popular, a traer aquí iniciativas que pouco teñen que ver logo pois coa súa prác-

tica política. Porque, señora Romero, con toda franqueza, non hai apenas dous meses que aprobamos os orzamentos da Xunta para o ano 2016. Perderon unha oportunidade estupendísima de incluír neses orzamentos este plan que agora nos traen aquí, e de poñerlle partida orzamentaria, porque facer plans e traelos aquí, ou publicalos e publicitalos nos medios de comunicación, é bastante doado; agora, meter partidas económicas e facer e poñerlles prazos para que se leven a cabo iso parece que o Partido Popular xa non sabe diso.

Mire, voulle dicir unha cousa: o Partido Popular dende o ano 2009, en que volveu ao Goberno da Xunta, leva recortado o orzamento en comercio en máis de 22 millóns de euros, máis de 22 millóns de euros dun orzamento xa non demasiado amplo.

No ano 2009 o orzamento para comercio era de 35.224.000 euros, resulta que neste ano 2016 baixou a 13.142.000 euros. Podía dicirlle: foi, 2010, 31 millóns; 2011, 20 millóns; 2012, 21 millóns; no 2013 baixaron a 18 millóns; no 2014 a 15; no 2015 a 13; e neste ano, nun contexto que vostedes quixeron vender como orzamentos expansivos, onde xa queren vender a idea de que a crise rematou, incluso nese contexto, os orzamentos de comercio baixan, os orzamentos de comercio baixan, e resulta que nos vén traer aquí pois unha iniciativa sen orzamento, sen prazos, para mostrar unha teórica preocupación por un sector e por unhas sinerxías entre o pequeno comercio, entre os produtores, eses produtores que teñen condenados nin a pan nin a auga, eses produtores que os teñen acabados, tanto sexa no leite como na horta, como en todos os outros sectores, que non se preocupan por eles.

Podemos falar do sector do mar, que nos acompañan hoxe na tribuna para unha iniciativa que vén despois. ¿Canta preocupación ten o Partido Popular por potenciar os produtos do mar? Ningunha. E resulta que nos trae unha iniciativa para que os que fan o Camiño de Santiago —supoño que será para meter na mochila quilos de peixe, de patacas e de queixos— pois teñan unha rede de comercios do Camiño.

Evidentemente —díxeno ao principio—, a aposta do BNG polo comercio tradicional galego, toda; polos produtos galegos, toda; por desenvolver os sectores produtivos, absolutamente toda; pola demagogia e a venda de fume, absoluta-

mente ningunha. E insisto: nos orzamentos tiveron oportunidade. Baixaron orzamento e votaron en contra de todas as iniciativas, cando menos das do BNG, que eran para ampliación, mellora ou posta en valor de determinadas prazas de abastos. Votaron en contra e resulta que...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...agora veñen aquí cunha proposta que, bueno, está ben. Están en campaña xa electoral e vostedes saberán.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Prado.

Grupo autor da proposición non de lei, Grupo Popular, señora Romero Fernández.

A señora ROMERO FERNÁNDEZ: Moitas grazas, presidenta.

Bueno, a ver por onde empezo, porque, bueno, está claro que cada vez que o grupo parlamentario trae unha iniciativa respecto de comercio e turismo á oposición moléstalle, pero moléstalle moitísimo, porque eles xamais veñen cunha iniciativa en positivo para estes dous sectores, xamais. (*Murmurios.*)

Imos ver, señor Fernández, non é a primeira vez, vostede acaba de chegar, pero non é a primeira vez que se fala de mercados nesta Cámara. Xa falou o Partido Popular pedindo ao Goberno que presentara un plan de mercados excelentes, plan de mercados excelentes que non ten nada que ver, señor Lomba —entérese, porque vostede si que leva aquí moito tempo—, co que está a pedir esta iniciativa, que é un programa específico para que aqueles mercados que están no Camiño..., déixeme falar, que vostede xa falou e non dixo nada, e vostede non dixo nada. (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O Plan de mercados excelentes está motivado para crear unha marca de calidade, de calidade con visión de futuro, porque sabemos que é a única maneira de que os mercados se distingan dos seus competidores e que teñan unha opción de futuro, porque traballan con produto de calidade, proxi-

midade, e o máis preto que temos é noso, de Galicia, temos uns mercados peculiares.

Entendo, señora Fernández, que non leu os datos de peregrinos, pero se fixera un breve estudo antes de falar, vería que non só veñen por motivos relixiosos, senón que os peregrinos veñen tamén por motivos culturais, e a nosa gastronomía forma parte da nosa cultura.

Ben, a nosa intervención nada tiña que ver coa emenda que me presenta. Vostede preséntame unha emenda onde pide que fagamos fronte ao produto foráneo e ás empresas agroalimentarias.

Mire, o modelo de Venezuela, de colas nos supermercados para entrar dentro e ter os estantes baleiros, (*Murmurios.*) é o do grupo de Cerna, dentro do Grupo Mixto, escindido do grupo de AGE... (*Aplausos.*) Iso, para vostedes. “*Te lo juro, Chávez, voto por Maduro.*” Ese é o seu modelo (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O noso modelo é este: crecemento económico...,

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Silencio, por favor.

A señora ROMERO FERNÁNDEZ: ...baixada do paro, o incremento do índice de produción industrial, o incremento da Seguridade Social, o incremento da confianza do consumidor, o incremento da confianza empresarial, a baixada de impostos, o incremento dos datos do comercio.

Os últimos datos do comercio reflicten unha clara recuperación do sector, pechou cun 4,5 % de aumento respecto do anterior, a cuarta comunidade de maior crecemento, un punto por riba do Estado.

Algo estaremos a facer ben, señoría, porque se ten en conta o mercado local, efectivamente, dende o Plan integral de turismo, dende o Plan de impulso ao pequeno comercio, dende o Plan de mercados excelentes, e agora damos un paso máis co programa de mercados no Camiño.

Lamento a súa disposición a todo o positivo que se fala de pequeno comercio, e, señora Prado, agradezo que coincidamos en todo, pero podía vostede aforrar o das grandes

superficies. Vostede sabe o que fixeron cando gobernaron. Con vostedes foi o maior peche de comercio local que se produciu na nosa comunidade autónoma. En catro anos que gobernaron, que non chegaron aos cinco...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor, e posiciónese sobre as emendas.

A señora ROMERO FERNÁNDEZ: ...encheron Galicia de grandes superficies, por riba de todos os gobernos do PP.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Posiciónese sobre as emendas, señora Romero.

A señora ROMERO FERNÁNDEZ: Non acepto as emendas, señora presidenta.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Vale. Grazas.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Señor Gallego, silencio, por favor.

Señor Ron.

Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Soledad Soneira Tajés e dous deputados/as máis, sobre a presentación polo Goberno galego no Parlamento de Galicia dun paquete de medidas para corrixir a situación demográfica de Galicia e facilitarlle á mocidade galega o acceso ao traballo na súa terra

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): A esta iniciativa presentáronse dúas emendas, do Grupo Mixto e do Grupo Parlamentario Popular.

(O G.P. Mixto, a través da súa deputada Mónica Fernández Rodríguez, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda de adición a esta proposición non de lei (09/PNP-003255).)

Emenda de adición.

Proponse engadir na parte resolutiva da proposición os seguintes puntos:

“5. Presentar un Plan de Inserción Laboral para a mocidade que fidelece a permanencia do talento no noso país, apostando polo crecemento intelixente, sostible e integrador, baseado nos sectores produtivos galegos de xeito que facilite a cohesión económica, social e territorial e a recuperación de poboación no medio rural.

6. Negociar coa banca a cesión de vivendas baleiras da súa propiedade acordes coas condicións laborais actuais da xente moza.

7. Instar á patronal e sindicatos a recoller na Negociación Colectiva 2016 ou acordos de empresa as recomendacións recollidas na “Guía de boas prácticas en materia de igualdade para a Negociación Colectiva”, urxindo a adoptar canto antes as medidas relativas a acadar a igualdade salarial e de oportunidades entre homes e mulleres e as relativas á prevención e loita contra a violencia de xénero e o acoso laboral.

8. Instar á patronal galega a negociar coa representación legal dos traballadores e traballadoras todas as medidas necesarias para garantir o dereito a conciliación da vida laboral, familiar e persoal.”)

(O G.P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa do deputado Javier Dorado Soto, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei en Pleno, 09/PNP-003255 (44916).

Emenda de substitución.

Débese substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1.- Dotar á mocidade dun especial protagonismo na Axenda de Emprego da Xunta de Galicia con medidas específicas que melloren a súa empregabilidade na liña do Plan de Emprego Xuvenil.

2.- Incrementar a partida destinada a promover o auto-empleo e a actividade emprendedora das persoas galegas retornadas no presente exercicio a través da orde de axudas

ao retorno emprendedor posta en marcha en exercicios anteriores”.)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Para a defensa da iniciativa ten a palabra a señora Soneira Tajés.

A señora SONEIRA TAJES: Grazas, señora presidenta.

Señoras deputadas, señores deputados.

Tamén quero darlles a benvida ás persoas que están na tribuna, e debo confesarlles que eu, cada vez que asisto a unha sesión de control ao presidente da Xunta, teño unha certa desazón, porque entre a realidade que conta o presidente da Xunta e a que me toca vivir a min, no meu concello –en Camariñas–, na miña comarca –na Costa da Morte–, na miña familia, pois non sei se é que nos tocaron todos os boletos do sorteo da depresión, da emigración, da crise demográfica, da crise económica, se lle tocaron á miña familia, ao meu pobo e á miña comarca.

Porque non ten nada que ver. Incluso –e vén a conto polos invitados que hoxe temos aquí– en todas as crises económicas, o noso campo e o noso medio, o marisqueo, a pesca, sempre foron unha especie de esponxa que absorbía os excedentes que procedían de sectores en crise, pero é a primeira vez na historia de Galicia en que temos menos activos, en plena crise, no mar e no campo.

E o país disque que vai ben. E eu sospeito que moitos dos familiares das persoas que están na tribuna, e de moitos deputados que están aquí nesta Cámara, tiveron que optar por coller a maleta e irse do país, porque aquí non atoparon ningún proxecto de vida minimamente digno para construílo aquí no propio país.

Algúns datos. Ao presidente eu debo recoñecerlle unha habilidade: retorcer as cifras, eu non coñezo a ninguén que sexa capaz de retorcer as cifras desa maneira, salvo as encaixas do meu pobo cos fíos. É un fenómeno.

Miren vostedes, hai unha proxección do IGE. Eu creo que a este paso temos que pechalo, porque á fin e ao cabo todo o que publica, todos os estudos que fai non serven para nada, porque o presidente dinos outra realidade, que nos di que, de seguir este ritmo de perda de poboación en Galicia,

por distintas razóns, pero esencialmente por cuestións laborais e económicas, a mediados deste século imos ser case un millón menos de habitantes, e máis vellos, e máis dependentes, e iso significa, en termos non de ter poboación no país, senón no modelo de sociedade e no modelo económico, un problema bastante serio.

E voules dar algúns datos. Activos –xa se dixo antes aquí–: temos 76.100 menos que cando o señor Feijóo accedeu ao Goberno da Xunta. A taxa de actividade, que xa era das máis baixas de España, hoxe é dous puntos menos, aínda peor. Ocupados: 137.800 menos de persoas ocupadas, que son esenciais, son os que cotizan para que os que xa estamos próximos á idade de xubilación teñamos unha pensión. E para manter iso, que se debateu aquí non hai moito, para manter un comercio e un mínimo de vida nos pequenos municipios do rural, 137.800 persoas menos.

Desemprego. Diga o que diga, retorza o que retorza, son 60.100 máis que naquel momento.

A taxa de paro. Aquí si, estamos no 17,74, e é mentira, e é mentira, non, non, voullo dicir ao final.

E un dato dramático, tamén sobre a calidade do emprego. Os ocupados a tempo completo son hoxe 152.100 menos que cando o señor Feijóo accedeu á presidencia da Xunta, a tempo completo. E aquí teñen unha das razóns fundamentais polas que a xente marcha, ¿entende?

E a afiliación á Seguridade Social, somos case 100.000 menos que cando o señor presidente accedeu ao Goberno.

¿Saben o que medra? O número de pensionistas. Por certo, as pensións máis baixas de todo o Estado, porque temos unha porcentaxe altísima de pensionistas do réxime especial do mar e do réxime especial agrario, que son das máis modestas.

Polo tanto, a capacidade de compra é das máis baixas de España, e, polo tanto, o comercio e a actividade que está relacionada con todo el pois evidentemente ten niveis moito máis modestos, porque a capacidade para comprar tamén é moito menor.

Claro, agora sumen vostedes a xente que se vai, o aumento do número de pensionistas, e verán que a diferen-

za, este 17, case 18 %, de taxa de paro, habería que en números absolutos sumarlle en torno a entre 35.000 e 40.000 persoas máis, segundo os datos que nos di o propio IGE. ¿Porque que nos di? Que en 2014 saíron de Galicia 30.154 persoas, das que máis de 10.000 o fixeron ao estranxeiro. E isto antes corríxíase cun fenómeno que era a chegada de inmigrantes e o retorno de emigrantes retornados nosos, que estaban en Suíza, en Alemaña, en Francia, que sumaban, aínda que non produciran dende o punto de vista activo económico, pero que traían pensións do exterior.

E, claro, entre outras razóns, hoxe hai moitos emigrantes, algún da miña familia que tiña pensado vir, xa non vai vir, porque sabe que cando veña a pensión pola que tributa na Confederación Helvética aquí o señor Montoro aplícalle outro sablazo e resulta que os penaliza por retornar capitais a España froito do seu traballo, mentres que para os que collen recursos económicos e os levan a Suíza non só non se penaliza, senón que se lles fai unha amnistía.

Ou sexa, este é o mundo ao revés. É un fenómeno que non é novo. No 2012 empezou na provincia de Pontevedra, onde saíron máis que entraron, e a partir de aí –non temos os datos aínda do IGE do 2015–, todos os anos, e de maneira sostida, sae máis xente de Galicia que entra. Eu non sei quen vai manter todo isto. E incluso hai datos xa do primeiro semestre do ano pasado en que o fenómeno non só non min-gua, senón que se acentúa.

Ten dito tamén o presidente da Xunta en máis dunha ocasión que en determinadas cuestións non hai dereita nin esquerda. Non. Hai xestión, claro. ¿Saben vostedes onde se solucionan os problemas e onde se ve o rostro e as políticas se son de esquerdas ou de dereitas? No *Diario Oficial de Galicia*.

Nós presentamos unha emenda na que propoñíamos dedicar 10 millóns de euros nos orzamentos da Xunta para fomentar o retorno dos xoves que emigraron como consecuencia da crise económica e que hoxe están poñendo o seu talento á disposición doutros países, en sectores punteiros e tecnolóxicos. Evidentemente, como viña deste lado da Cámara, pois parece ser que era unha cousa irrealizable e non viña a conto. Mentres tanto, temos un montón de fondos da Unión Europea que é difícil que os xustifiquemos nos prazos ou temos o Igape con niveis de execución orzamentaria absolutamente lamentables.

Mentres tanto, os nosos rapaces, que formamos nós aquí, que estiveron lustros na universidade e que se formaron, hoxe están traballando en países aos que collemos sempre como referencia, sempre, e non facemos nada para que veñan. E, por certo, vin a emenda –falarei despois dela– do Grupo Popular e, sinceramente, se vostedes cren que o que fai a Secretaría Xeral de Emigración cun programa de retorno absolutamente casposo, que nos trae á mente aquilo da maleta amarrada cun cordel do que retorna, sáqueno da cabeza. Non estamos falando diso, estamos falando de incentivar que toda a capacidade emprendedora desta xente nosa que non tivo máis remedio que ir a outras comunidades autónomas do Estado, a Europa ou a outras partes do mundo, que veñan, que retornen, e que retornen con incentivos, nin sequera teñen por que ser recursos a fondo perdido. A xente o que non quere son feixes de documentos, o que quere é que lle financies proxectos viables, innovadores, modernos, para que os desenvolvan aquí. E se son xoves e fundan aquí as súas familias e teñen aquí os seus fillos, teremos unha oportunidade, e, se non, témolo bastante complicado.

A nosa proposición non de lei vai por aí, para que toda esta xente, este potencial, esta capacidade a poidamos recuperar. E pedimos que toda esta xente, non só os que se foron pola crise económica, que para nós é fundamental, pero tamén para captar os fillos dos emigrantes históricos, algúns deles –que eu o teño dito aquí en máis dunha ocasión– con moitísimos recursos económicos e que están investindo noutras zonas. Aquí saíu antes Venezuela, aquí Venezuela úsase para xogar ao tenis, ao pim pam pum.

Mire, saía onte unha..., (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) si, de aquí para alá e de alá para aquí. Onte viña unha noticia nun xornal de ámbito nacional e dicía que os que saíron de Venezuela, os arquimillonarios, están quedando cos grandes edificios dunha rúa céntrica comercial de Madrid. ¿Por que non compren en Galicia? ¿Por que os fillos dos galegos venezolanos con moitos recursos, en lugar de estudar nas universidades galegas, de iniciar proxectos empresariais aquí, a pesar de que teñen aquí as súas raíces, van a Miami? Claro. ¿Por que estamos ausentes de todo o proceso que está ocorrendo en Cuba? Bueno, pois alguén o saberá. Aquí hai países que non teñen ningunha relación coa illa historicamente e nós, mentres tanto, estamos falando *del sexo de los ángeles* e perdendo oportunidades.

Señores da maioría, vostedes teñen...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

A señora SONEIRA TAJES: ...a capacidade de aprobalo, porque teñen a maioría. Pero xa llelo dixen en máis dunha ocasión: que teñan a maioría absoluta non significa que teñan a razón absoluta. E aquí temos unha oportunidade de axudar a cambiar as tendencias que se están producindo en Galicia.

Nada máis. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Soneira.

Grupo Parlamentario Mixto. Ten a palabra a señora Fernández Rodríguez.

A señora FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ: Bueno, dar a benvida á xente que está arriba convidada, pois antes non o fixen.

Bueno, dicir que eu tamén son filla da emigración, da xente que se viu expulsada e obrigada a ir buscar o pan fóra, ¿non?, e, concretamente, á Confederación Helvética.

Non sei se a esta proposición non de lei chamarlle “Galiza non é país para a mocidade”, pois este país mingua. Somos a primeira potencia do Estado en emigración da xente moza preparada, da fuga de cerebros. Este país sempre tivo unha alta taxa de paro entre a xente cualificada e sobre todo con estudos universitarios en relación co Estado español. Antes de que estoupara esta crise, a taxa de paro das licenciadas e licenciados universitarios galegos era dun 10,6 %, fronte á media do Estado, que estaba nun 6,76. A esta cifra debemos engadir o descenso de traballo da poboación xuvenil, nun 50 % dende o ano 2000. Estímase que máis de 100.000 mozas e mozos galegos emigraron, fóronse fóra do noso país dende o 2010.

As causas destas saídas temos que buscalas nas características da propia economía, incapacitada para ofrecer unha oportunidade laboral para a súa formación, destacando a precariedade dos contratos xunto coa mingua dos dereitos da clase traballadora, o nulo estímulo salarial caendo a niveis

de hai vinte anos, a inexistencia de emprego de calidade e as peculiaridades da empresa galega, e agudizado sobre todo pola falta de compromiso e pola irresponsabilidade da Xunta e da patronal. Todo isto fai que a man de obra cualificada fuxa buscando oportunidades e experiencia laboral, e provoca o debilitamento do potencial produtivo deste país, que inviste na súa formación para que a aproveiten noutras partes do Estado ou no estranxeiro.

Os datos do IGE do ano 2015 indican que das 332.300 mozas e mozos galegos entre 16 e 29 anos só o 34,9 % están ocupados, o 16,5 están parados e despois esta cantidade do 48,6 % restantes que son inactivos. Esta dramática situación atrasa cada vez máis a idade de emancipación. O noso país sitúase á cola do Estado, unicamente co 34,60 % das poboacións menores de 35 anos que saíu do fogar familiar. A inseguridade no emprego e os salarios baixos inciden negativamente nas decisións fundamentais da vida privada, como pode ser a compra dunha vivenda, favorecer o consumo e o feito de crear unha familia, de ter fillos e fillas. A baixa natalidade, xunto coa emigración da mocidade, agrava aínda máis o problema da perda e o alarmante envellecemento da poboación e tamén —o que é moi preocupante— o despoboamento do rural. Isto augura unhas perspectivas nada prometedoras para a sustentabilidade da economía galega.

Segundo os datos do ano 2014, o 70 % da poboación galega vive só en 57 concellos, mentres pouco máis de 100.000 habitantes viven noutros 100 concellos con menos de 1.000 habitantes, que se duplicaron nos últimos dez anos. A Galiza rural e mariñeira morre pola redución da actividade produtiva e tamén pola eliminación, sobre todo no rural, de servizos sociais, como a educación, co peche de escolas unitarias ou eliminación de persoal, limitación no servizo de sanidade, peche de oficinas da administración e de entidades privadas como a banca, poucas e malas vías de comunicación, transporte público desaparecendo e deficiencias nas telecomunicacións. ¿E despois estraña que este mundo desapareza?

A grave situación descrita non se soluciona con políticas anunciadas con autobombo, hai que ir ás orixes do problema e comprender as nosas peculiaridades como pobo. Débense atopar alternativas viables e fomentalas, pois temos un gran patrimonio natural e cultural pouco explotado, que require tamén dun mantemento e apostar pola nosa industria e ser-

vizos para evitar a desaparición deste país. Exiximos unhas condicións dignas para traballar na nosa terra e rachar coa frase “o galego non protesta, emigra”.

Queremos anunciar o noso apoio á proposición non de lei do Grupo Socialista e queremos que tomen en consideración as emendas de adición que presentamos. En primeiro lugar, sería un plan de inserción laboral para a mocidade que fidelece a permanencia do talento no noso país, apostando polo crecemento intelixente, sostible e integrador, baseado nos sectores produtivos galegos, de xeito que facilite a cohesión económica, social e territorial e a recuperación de poboación no medio rural. Segundo, negociar coa banca a cesión de vivendas baleiras da súa propiedade acordes coas condicións laborais actuais da xente moza. Terceiro, instar a patronal e sindicatos a recoller na negociación colectiva deste ano ou nos acordos de empresa as recomendacións recollidas na Guía de boas prácticas en materia de igualdade para a negociación colectiva, urxindo adoptar canto antes as medidas relativas a acadar a igualdade salarial e de oportunidades de homes e mulleres...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

A señora FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ: ...e as relativas á prevención e loita contra a violencia de xénero e acoso laboral. E, por último, instar a patronal galega a negociar coa representación legal de traballadores e traballadoras todas as medidas necesarias para garantir o dereito á conciliación da vida familiar, laboral e persoal.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Fernández.

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra o señor Dorado Soto.

O señor DORADO SOTO: Moitas grazas, presidenta.

Moi bos días, señorías.

Esta iniciativa é unha moi boa oportunidade para debater acerca de tres cuestións que nos preocupan enormemente aos membros e deputados do Grupo Parlamentario Popular: o emprego xuvenil, a crise demográfica e a emigración. Son

tres problemas que nesta iniciativa se conxuntan e que para nós son moi importantes e deben ser motivo de debate neste pleno e, por suposto, de medidas executivas para solventar estes problemas.

Agora ben, señora Soneira, sabendo da súa traxectoria e da súa experiencia parlamentaria, sorprendeunos que a súa iniciativa, o *petitum* da iniciativa, non fora en absoluto concreto; máis ben ao contrario, é absolutamente abstracto. Tanto que se podería resumir no último dos puntos, no cuarto, que di algo así como que teñen que cambiar todas as políticas da Xunta de Galicia que está a facer.

A min gustaríame escoitar da súa banda cal é a súa opinión acerca das políticas que fai a Xunta de Galicia e que ten postas en marcha para solventar estes problemas, pero non escoitei ningunha soa palabra ao respecto. Polo tanto, eu véxome na obriga de, para que ningún galego que nos estea escoitando vaia pensar que a Xunta non está facendo nada, relatar todo aquilo que está facendo a Xunta de Galicia para solventar este problema.

Comezando polo emprego xuvenil –que, por certo, o emprego xuvenil durante o último ano descendeu máis dun 15 %–, hai convocados case 13 millóns de euros en programas de incentivos á contratación, que incentiva dende 7.000 euros ata 8.200 o emprego de persoas mozas. En segundo lugar, cooperación con entidades sen ánimo de lucro, que son case 3 millóns de euros, que durante sete meses os mozos obteñen teñen experiencia profesional con axudas a estas ONG de ata 17.200 euros. Programas de promoción do emprego autónomo, que van cunha partida de 2 millóns e medio de euros que dan ata 1.200 euros para os xoves que se dean de alta en autónomos, así como programas mixtos de formación e emprego.

Bueno, creo que son medidas importantes que se están poñendo enriba da mesa, que están dando froitos, que non solventaron aínda o conxunto do problema, pero que, dende logo, fan que hoxe Galicia sexa unha das comunidades autónomas que máis emprego xuvenil crea en toda España. E, polo tanto, eu creo que cambiar as políticas non é maneira. O que hai que facer seguramente sexa reforzalas, melloralas, incrementalas, falar delas en concreto, pero non cambiar todo, non cambiar todo, porque creo que é moi importante.

A emenda que presentamos nós é unha emenda que consta de dous puntos. Son medidas concretas. A primeira das medidas, o primeiro dos puntos fai referencia a unha comparecencia previa que deu aquí o conselleiro de Emprego, que anunciou que ía presentar posteriormente unha axenda polo emprego da Xunta de Galicia, no cal nós exiximos nesta emenda que presentamos de substitución que o emprego xuvenil teña un protagonismo esencial nesa axenda que vai guiar a política de emprego da Xunta de Galicia para os próximos anos. E un segundo punto, respecto concretamente da emigración, no que lle pedimos á Xunta de Galicia que incremente as partidas orzamentarias para os emprendedores retornados, que xa son 10.000 euros, pero que nós consideramos que poden ser aínda maiores.

Señora Soneira, vostede di que non hai incentivos para que os emigrantes retornen a Galicia, os fillos dos que emigraron nunha primeira xeración, nunha segunda xeración, e que eses fillos poidan voltar á terra a facer os seus negocios, e iso é mentira. Mentira, con todas as letras, mentira. Esta é unha información periodística que saíu en decembro de 2015, que di o seguinte: *“Las ayudas de emigración incentivan la creación de decenas de empresas. Emprendedores retornados pueden beneficiarse de hasta 8.000 euros para levantar negocios. Son compatibles con las de otros departamentos de la Xunta de Galicia”*. Isto está publicado nun periódico de tirada autonómica. A min sorpréndeme, señora Soneira, que, coa súa experiencia parlamentaria, non coñeza eses programas e non fale deles. Din aquí testemuños: *“Después de tres años en Londres, quise traer a Galicia lo aprendido. Gracias a los 6.000 euros, pude poner en marcha la página web de la tienda”*.

Di que a maior parte dos beneficiados curiosamente son de Venezuela, de onde vostede acaba de falar. ¡Oia!, isto creo que é importante, isto creo que é importante.

Tamén nos interesa que Galicia sexa a comunidade autónoma —como é— con máis axudas á natalidade. Vostede non falou aquí da tarxeta benvida; vostede non falou aquí das 20.500 prazas de escolas infantís que están postas en marcha; vostede non falou aquí do bono coidador para o rural; vostede non falou aquí tampouco do programa Oportunus, que trouxo de volta a Galicia investigadores da talla de Elena Ojea, Diego Martínez, Javier Montenegro; vostede non falou de nada diso, señora Soneira. Eu non sei se é por

descoñecemento ou porque non lle interesa, pero non falou de nada disto.

A min, polo tanto —e remato xa—, gustaríame dicirlle que a min me gusta que Galicia sexa a comunidade autónoma con...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

O señor DORADO SOTO: ...máis axudas á natalidade, que a min Galicia gústame que sexa a comunidade autónoma que máis loita contra o desemprego xuvenil, que a min me gusta que Galicia sexa unha comunidade autónoma que poña en marcha programas de retorno para os investigadores.

E iso si, señora Soneira, como ben dicía vostede, iso é o que diferenza a esquerda do Partido Popular, porque nada do que acabo de relatar, absolutamente nada, estaba en marcha cando vostedes gobernaban.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Dorado.

Polo Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, ten a palabra... Si, perfecto.

Si, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Está claro que para ser portavoz do Partido Popular hai que ter polo menos unha calidade: non poñerse colorado cando se din as cousas que se din aquí.

Señor Dorado, fai falta ter cara para falar así cando, desde que goberna o señor Feijóo, este país ten 65.000 habitantes menos. O ano pasado perdemos 16.000 habitantes, e iso é simplemente moi, moi debido ás súas políticas. Quere dicir: a xente emigra buscando oportunidades, buscando traballo, buscando traballo que lle dea para vivir, e non vén ningunha xente a este país, porque non hai oportunidades, non hai traballo e o traballo non dá para vivir. E a xente non ten fillos, non se anima a establecer proxectos vitais máis alá de dous ou tres meses, porque nin ten traballo nin ten un traba-

llo estable, e o que gaña no traballo moitas veces non lle dá nin para pagar a luz nin a vivenda. E iso é o que din todos os informes e todos os datos.

E vostede vén aquí falarnos de axudiñas para a natalidade. Despois de que vostedes condenasen á destrución os sectores produtivos, que era de onde podían saír os empregos para que esta xente moza non tivese que emigrar a buscar a vida fóra por culpa de que vostedes están vendidos ao oligopolio eléctrico e non queren desenvolver as enerxías renovables neste país, onde se poderían crear miles de empregos, ou porque vostedes destrúen o sector agrario, 25.000 empregos que destruíron desde que goberna o señor Feijóo, o 35 % do emprego do sector agrogandeiro e forestal –eses son os datos do Instituto Galego de Estatística–, aínda teñen a cara de vir aquí vender e a autocompracencia de que o están facendo vostedes todo moi ben.

O último ano onde subiu poboación neste país foi o ano 2010. Levaba subindo a poboación de Galicia dende o ano 2001. E iso era simple: había traballo, a xente viña incluso traballar de fóra, viñan os emigrantes de Venezuela, a xente non se ía tanto, e, en cambio, agora pasa o contrario, porque vostedes están destruindo todo o tecido produtivo.

E, despois, fáleme vostede de natalidade. Se a pobreza infantil e a xuvenil de xente entre 16 e 34 anos pasou dun 9,4 % a un 19 % dende que vostedes gobernan, ¿iso non ten influencia en que a xente poida ou non ter fillos? ¿Que a carencia, a privación material severa nas familias de Galicia se multiplícase por tres non ten nada que ver con que a xente non teña fillos? Sexamos serios, non enganemos a xente.

O que hai que facer, para que a demografía deste país se recupere, é nos sectores produtivos crear emprego; crear emprego no monte, crear emprego no agro, crear emprego nas renovables, e non venderse a Ence, oligopolio eléctrico, facendo lexislación que impide crear emprego nestes sectores. Iso é o que hai que facer. Pero vostedes non están polo labor. Non sei, pode ser que sexan incompetentes, pero non o creo. Non creo que vostedes sexan máis parvos que nós, creo que teñen outros intereses. Prefiren deixar Ence, e prefiren ter un modelo forestal dedicado ao eucalipto, de baixa calidade, que crea moi pouco emprego. Non importa que con vostede non vullan os argumentos.

Mire, producimos o 50 % das cortas do Estado español, e ¿sabe canto emprego crea? O 13 %. ¿Que significa iso? Que é un modelo forestal que crea pouco emprego e pouco valor engadido, e mentres estea a pasteira aí, imos estar condicionados e imos ter un modelo forestal así.

¿Que fixeron vostedes para crear emprego no monte, no agro? ¿Que fixeron vostedes para crear emprego nas renovables? Cando chegaron, Galicia era o líder en produción eólica do Estado español, hoxe é a cuarta comunidade autónoma en produción. Non instalaron ningún megavatio do seu concurso, anulárono ilegalmente con sentenza do Tribunal Supremo o concurso do Bipartito. E moi ben, pode ser que o modelo do concurso non sexa o axeitado, pero tampouco crearon un modelo alternativo; ao contrario, estanse cargando o sector das renovables, o sector do autoconsumo, unha oportunidade de futuro para este país. E así poderíamos seguir ata o infinito.

A fama do señor Feijóo como bo xestor é desmentida unha e outra vez cos datos. Estamos nun país... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) que está perdendo, estase desangrando. E xa non falemos da demografía de Lugo e de Ourense. Só nun ano na provincia de Ourense, onde goberna o señor Baltar e onde só teñen traballo os amigos do señor Baltar e do Partido Popular, se perdeu nun ano o 1,2 % da poboación da provincia de Ourense. Iso é gravísimo. E iso tampouco é responsabilidade do Partido Popular, que só gobernou vinte e nove dos trinta e catro anos de democracia deste país, e gobernou na provincia de Ourense...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...dende que hai democracia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Grupo autor da proposición non de lei. Señora Soneira.

(*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Risos.*)

Perdón, perdón, erro noso.

Señora Prado, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Entre a luz e o cambio...

A señora PRADO CORES: Bueno, acaba de dicir o deputado do Partido Popular, o señor Dorado –Javier, que non Marcial–, que o preocupaba enormemente o paro, a emigración, o emprego xuvenil. Eu xa lle dixen noutra ocasión que está moi ben que o preocupe, e estaría bastante mellor que se ocupe. Estaría moito mellor que o Partido Popular, ademais de preocupalo, que se ocupara, ¿non?

Porque a verdade é que, escoitándoo a vostede facer aquí a retahíla de todos os plans, investimentos, que teñen feito para a mocidade, a verdade é que moi ben non deberon facelo, ¿non? Porque os datos son teimudos, os datos son teimudos, e para desgraza deste país, cada vez hai menos xente nova, e estas cousas non son por maldicións bíblicas. Non é porque, efectivamente, con ese país, Galiza no país das marabillas, que tanto lles gusta describir, que non se corresponde coa realidade, a verdade é que o estraño é que teñamos os salarios que temos; que a mocidade, lonxe de poder vivir na terra, o que teñen por destino é a emigración continua ou asumir unha situación laboral de escravitude, de escravitude. E iso non teñen máis que saír aí fóra e preguntarlles aos que saen da estación de tren e van para a universidade ou aos que van para outro lugar cal é a súa expectativa de vida. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Cal é a súa expectativa de vida? ¿Cal é a súa realidade?

Mire, vostede fixo referencia aquí a unha nova dun xornal. Eu voulle facer referencia a outra nova dun xornal, que di que o risco de pobreza se duplicou entre as mozas e mozos galegos durante a crise. O que di é que a crise o que lle trouxo á mocidade galega é emigración, temporalidade e empobrecemento; que 132.000 galegos e galegas mozos menores de 34 anos marcharon do noso país nos últimos anos. Pero é que son 132.000 mozos e mozas do noso país dunha poboación de menos de 33 millóns de habitantes. Dígoo porque os números ás veces poden parecer que 132.000 pois, ¡bah!, son pouca cousa, pero dunha poboación que esmorece, que cada ano somos menos poboación e que cada ano emigran, por moito que vostedes logo intenten retorcer as cifras.

E mire, segundo o IGE e a enquisa estrutural de fogares que publicou a finais do ano que acaba de rematar, 2015, deixa unha radiografía cos seguintes datos: duplicouse a

posibilidade de pobreza entre a xente nova, que pasou, efectivamente, dun 10 % no 2007 a case un 20 % na actualidade. ¿Que máis está pasando e que máis nos din as cifras oficiais, non inventadas polo Bloque Nacionalista Galego? Pois que cada vez hai en Galiza menos fogares con xente nova; que en Galiza fogares con xente, con homes e mulleres, mozos e mozas de menos de 35 anos, no 2007 había 99.000 e neste ano 2015 que rematou, 77.000; é dicir, 20.000 fogares menos con xente nova. Iso non é porque á xente pois non lle guste independizarse, non lle guste emanciparse, si que lle gusta. ¿Cal é a cuestión? Pois que cos salarios que teñen non é posible. Mire, hai unha inmensa parte da poboación que non pode emanciparse, porque terían que pagar practicamente o noventa e pico por cento do que cobran para pagar a vivenda. Esa é a realidade.

Igual que a realidade é que temos as peores condicións laborais para a xeración mellor formada do noso país. Igual que a realidade é que a era de Feijóo á fronte da Xunta de Galiza, 2009-2015, deixa un paro na poboación moza de máis do 50 %, de máis do 50 %. Esa é a realidade. Poboación moza no paro, e a que non está no paro emigra ou, se non, acepta unhas condicións laborais de auténtica miseria e de auténtica escravitude, de auténtica miseria e de auténtica escravitude. Viven, seguen a vivir cos seus pais, coas súas nais, nas súas casas, ¿por que razón? Porque efectivamente non teñen ningunha posibilidade de emanciparse.

¿É posible revertir esta situación? Por suposto que é posible revertela. Primeiro, hai que crer nas posibilidade do propio país, e por moitos plans que veñan aquí a presumir deles, que non son plans nin sequera feitos polo Goberno galego. Vostede sábeo, señor Dorado: a Unión Europea decide que hai que investir cartos na mocidade porque hai moito paro, manda cartos para determinadas cuestións, aínda que non sexa para o que necesita o país, e vostede simplemente limítase a enterralos, limítase a enterralos.

Mire, volvo facer referencia ao sector que nos acompaña na tribuna, ao sector do mar. ¿Cal deses plans é para mellorar a renovación xeracional no mar, para que a xente poida vivir do noso mar? Cero. Non é que haxa xente nova que se poida incorporar, senón que os que están teñen que deixalo.

Vostedes non cren neste país. Non hai ningún país do mundo que poida crear emprego e acabar co paro se non é

apostando polos seus sectores produtivos. E Galiza ten sectores produtivos estratéxicos que vostedes están deixando tirados, que están deixando tirados. E logo, despois deses plans, ¿que queda? Absolutamente cero.

Incentivacións á contratación. ¿A quen beneficia isto? Aos empresarios, que, rematados os incentivos...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...son contratos, na maioría dos casos, sen dereito a paro, logo non cotizan para a xubilación. Sabe que son contratos para fomentar a escravitude entre a xente nova.

Co cal, imos apoiar esta iniciativa do Partido Socialista, porque máis unha vez é poñer o acento nun problema gravísimo dun país. Un país que non ten unha mocidade que poida vivir decentemente na súa terra é un país abocado a non ter futuro.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Grupo autor da proposición non de lei. Señora Soneira.

A señora SONEIRA TAJES: Grazas, señor presidente.

Señor Dorado, unha cuestión, dicía vostede que nós non faciamos non sei que políticas. Mire, un dato: nin no Goberno bipartito nin nos gobernos de Manuel Fraga Galicia tiña saldo negativo, ¡eh!, a ver se lle queda claro. Aquí acabamos de cruzar unha liña roxa, que esta si que é unha liña roxa, e que nalgunhas comarcas de Galicia ten pinta de non retorno, ¿entende? E basicamente é porque mire, antes, historicamente en Galicia emigraba un home que deixaba aquí a súa familia e que incluso cos retornos se xeraba actividade na zona. Agora marchan homes e mulleres xoves –porque o nivel de formación, afortunadamente, xa é igual, e as mulleres incluso máis– e non se radican na zona, e marchan os que están en idade produtiva, en termos biolóxicos, e en idade produtiva en termos económicos. Vostedes non son conscientes.

Miren, a primeira condición para incrementar o número de residentes é que muden as condicións económicas e as

condicións de vida. E comprenderá vostede que hai outras comunidades autónomas en que incluso veñen inmigrantes, aínda que sexa de maneira irregular que van alí, porque saben que hai algunha actividade económica, ou outros países. Aquí non vén ninguén, aquí marchan. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Nin sequera..., non, non, non. Porque mire, se fora verdade o que vostede dixo das súas políticas... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Son datos obxectivos, ¡home!, son do IGE, non son dunha entidade marciana. (*Risos.*) Pero se fora verdade o que din vostedes de todo o que fan, pois ¡home!, mellor que non o fagan, ¡eh!, porque o resultado está aí.

Mire, ¿vostede cre que en todos estes plans, por exemplo, programa operativo de emprego xuvenil, vostede cre que con 774.821,21 euros –orde do verán da Consellería de Traballo, distribuídos en dous programas, un deles só con 300.000 euros– imos arreglar o problema?

Mire, vostede sacou unha nota de prensa. Podemos sacar as que queira. Eu, por exemplo, teño aquí unha do *Faro de Vigo* –que tamén é un xornal de ámbito nacional– de decembro do ano pasado onde di que medran un 300 % os xóvenes parados que levan máis de dous anos tentando atopar o seu primeiro emprego e non o conseguen. Ao mellor, tamén o *Faro de Vigo* está vendido ás hordas marxistas. Non o sei, é posible. Bueno, vale, vale... O señor Trenor ten algunha dúbida. É posible, non o sei. Pero todos os indicadores din que aquí os medios de comunicación viven máis do Goberno galego que de ningún financiamento extraño.

Miren, para rematar, nós imos aceptar como engádegas a emenda que presenta o Grupo Mixto e non imos aceptar a do Partido Popular, e voulles dicir por que. Non por estas cuestións que ás veces nos botan na cara: porque vén do PP. Non é iso, os dese lado, que me coñecen, saben que eu non utilizo ese tipo de cuestións. Mire, vostede, na súa emenda, fai-lles unha emenda á totalidade aos programas da Xunta porque pide, primeiro, que aos que están en marcha lles incrementen os salarios e que ademais se incentive a empregabilidade no Plan de emprego xuvenil...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora SONEIRA TAJES: Iso non serve, hai que cambiar as políticas. Si, señor Dorado, hai que cambiar as políticas

de arriba a abaixo porque coas políticas que levan vostedes aplicando ata agora mesmo este é o resultado: saldo negativo tres anos consecutivos, e terémolo este ano tamén.

Nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Soneira.

Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Daniel Rodas Chapela, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa redacción que presenta o Anteproxecto de lei de acuicultura de Galicia

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Rodas.

O señor RODAS CHAPELA: Bo día a todos e a todas.

Quero darlles a benvida tamén aos representantes do sector, aos patróns maiores, ás presidentas das mariscadoras, ás patroas maiores e aos presidentes dos diferentes colectivos de mexilloeiros e demais.

Hoxe traemos esta iniciativa que intentamos recoller de toda esta xente que, segundo o portavoz do Partido Popular, están desinformados e están manipulados, pero tamén de todos aqueles alcaldes, como os de Vilanova, como os de Ribeira, como os de Marín ou daqueles outros portavoces dos diferentes concellos que tamén apoiaron e respaldaron unha iniciativa similar a esta onde igualmente se plantexaba a retirada deste anteproxecto. Porque esta solicitude é un clamor popular, un clamor unánime de rexeitamento á política que leva desenvolvido o Partido Popular nestes últimos trinta anos, ante a cal todas e todos nos negamos a desaparecer. No mar tamén queremos que non pase o que está a pasar nestes momentos co leite, o que está a pasar co pequeno comercio, e que vostedes non utilicen o voto que lle dá a nosa xente para favorecer unha minoría mentres que arruínan o noso modelo de vida.

Si, señorías, levan máis de trinta anos gobernando este país e o resultado téñeno na tribuna; téñeno neses patróns

maiores que se rebelan, que veñen exixindo medidas contra a contaminación, contra a mortalidade do berberecho, contra a paralización da actividade. E vostedes, en vez diso, plantéxanlle unha iniciativa que pretende compartir o mar, privatizar os nosos recursos pesqueiros. Aí o teñen neses bateiros, que tamén se rebelan contra a súa política de favorecer a un *lobby*, neste caso a un *lobby* da miticultura, pero que outras veces pode ser o *lobby* da conserva, mentres non fan nada contra as importacións, a atomización do sector, as perdas por peches administrativos ou o feito de que algúns están vendendo o mexillón sen prezo.

E isto non é nada novo. É o mesmo modelo que están a aplicar na pesca artesanal, sometidos a cotas, impedíndolles pescar sardiña, pescar xarda, raías, abadexo, mentres a pesca industrial concentra os dereitos da pesca que lle corresponde á nosa pesca artesanal. Ou na pesca do cerco, na volanta, no arrastre, ao que se lle está a impor un modelo de dereitos individuais baseado nos supostos dereitos históricos que concentra nuns poucos armadores o dereito a poder pescar mentres condenan a maioría da nosa frota á expulsión da actividade e ao despezamento. Trinta anos desfacendo este país, prometendo levar a cabo melloras da calidade das augas, o tan comprometido saneamento integral, e en vez de sanealos véñennos coas bateas de depuración, véñennos coas xaulas de salmón ou coa prórroga de Ence por sesenta anos máis, dilapidando o futuro da ría de Pontevedra. *(Aplausos.)* ¿E para beneficiar a quen? Aos de sempre, aos das portas xiratorias.

Teñen condenado a pesca a converterse nunha actividade ilícita, con cotas insignificantes que non lles dan para realizar unha actividade digna. Tres meses acampados diante de San Caetano e non tiveron a dignidade nin de recibilos. Teñen o sector da miticultura dividido, enfrontado entre si, incapaz de desenvolver unha estratexia propia para enfrontar os problemas das importacións, dos baixos prezos, da fraude na etiquetaxe, cunha mesa do mexillón clientelar que hipoteca calquera posible solución. Teñen o sector do marisqueo, co que teñen comprometido a súa profesionalización, sumido na marxinalidade, na pura subsistencia, sen futuro, incapaz de recuperar os bancos e de producir semente propia. Hai poucos casos experimentais. Como exemplo temos o de Camariñas, que leva tres anos paralizado, onde se investiron máis de dous millóns de euros e hoxe está tirado.

E agora veñen vostedes intentar coar este anteproxecto en plenas navidades, cando máis traballo hai, e sen contar co sector, ao ditado do *lobby* da acuicultura, ao igual que determinada industria da conserva, que non ten vinculación co produto do país, que o único que busca é o beneficio propio e que se leva aproveitando sistematicamente dos fondos europeos.

Pretenden con este anteproxecto que ocupen o noso espazo, ter os mesmos dereitos que o marisqueo e a pesca artesanal ou a miticultura; pretenden poñelos a competir en igualdade de condicións ca nós, baseándose na capacidade económica, financeira e nos equipamentos. Pretenden cambiar o noso modelo sostible, que reparte actividade e riqueza, por un modelo contaminante para o cal é mester a aportación de pensos e o tratamento de vacinas e barbitúricos para que os peixes non morran. Ese non é noso modelo. O modelo galego non ten nada que ver co noruegués. Nós xeramos máis de 33.000 postos de traballo e eles non chegan á nosa sexta parte. Nin tampouco ten nada que ver co modelo colonial chileno, que no caso do salmón está composto unicamente por 12 empresas, 5 transnacionais –por certo, unha das cales acaba de comprala agora o capital xaponés–.

Este modelo colonial xera excesivos problemas medioambientais e enfermidades. Aí teñen o piollo do mar, aí teñen a praga do virus ISA, que produce escapes de peixes. Nestes momentos teñen que trasladar a produción do norte ao sur porque xa teñen aqueles mares totalmente contaminados. É un modelo que destrúe máis postos de traballo dos que crea, e non é sostible nin socialmente nin ambientalmente; se non, vexan o que ocorre coas comunidades costeiras de Chile.

Toda esta enxurrada de xente que temos aquí arriba –e non puido vir máis porque o Parlamento, a Presidencia deste Parlamento, non o permite... (*Murmurios.*) É así, é así. Toda esta enxurrada de xente vén reclamando que deamos pasos para salvar o futuro do noso sector.

E é falso que este proxecto pretenda consolidar a mellora da acuicultura. Díciallo aquí a iniciativa do noso portavoz, do portavoz do BNG, ao presidente de Galiza. Dicia el aquí que este era un anteproxecto que pretendía consolidar e mellorar a acuicultura galega. É totalmente falso. Neste anteproxecto non hai nin unha soa medida para mellorar a

organización e conseguir que esta sexa unitaria e forte. Non hai nin unha soa medida para ter capacidade de producir semente propia nin para pór en valor os nosos produtos nin para mellorar as rendas das nosas mariscadoras, nin de repartición de actividade nin de control de prezos; nada de nada.

Pero tamén o noso presidente mente cando afirma que este é un anteproxecto para preparar o sector para a globalización. Xa temos un sector adicado á exportación e á globalización, que chucha continuamente os fondos europeos e que despois enlata e etiqueta irregularmente e non pasa absolutamente nada, que son os mesmos que foron a Chile desenvolver o modelo de acuicultura do mexillón e que despois non teñen rubor ningún en vir aquí e tirar co noso mercado.

Falaba tamén o noso presidente de darlles seguridade xurídica a 5.400 familias. En realidade, o que pretende é darlles seguridade xurídica ás inversións, a esas inversións que condicionan totalmente o Goberno galego. Porque, fíxense ben se teñen capacidade: obrigan o Goberno galego a facilitar a tramitación, a dar facilidades para ocupar o territorio, pero, encima, esas inversións son financiadas con fondos públicos. ¡Miren se hai que ter cara! Nestes momentos, nos orzamentos de Galiza, aínda non está o anteproxecto aprobado e xa hai 18 millóns de euros para financiar este modelo de acuicultura. Polo tanto, é falso; en realidade, o único que pretende é garantirlles as inversións a estas empresas que non pertencen ao noso modelo produtivo.

Polo tanto, señorías, estamos en Carnaval e ten unha excelente oportunidade o Partido Popular de quitar definitivamente a careta e de poñer a careta da realidade do sector, a desas persoas que están aí na tribuna, pero tamén a deses alcaldes e a deses portavoces municipais...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor RODAS CHAPELA: ...que están comprometidos cos seus veciños, e para iso non lles queda outra, se queren ter a suficiente sensatez para presentarse diante do seu electorado, que apoiar esta iniciativa de retirada deste anteproxecto de lei.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodas.

Grupo Parlamentario Mixto, señora Martínez.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos os traballadores e traballadoras do mar que nos acompañan hoxe na defensa do seu modo de vida e da súa profesión, e para defenderse dun proxecto de lei que supón unha modificación radical do sector do mar. Pero o peor é que vostedes non se equivocaron ao presentar este proxecto de lei, iso é o máis grave. O máis grave é que ese é o modelo produtivo que vostedes queren, é o modelo produtivo polo que apostan, é o deseño de país que queren; un deseño onde Ence ou as industrias acuícolas sexan o modelo. Queren acabar cos nosos sectores produtivos tradicionais para converter Galiza no cesto do lixo que non quere ninguén na súa terra. Iso é o que están vostedes facendo: economía rápida, multinacionais e os sectores produtivos galegos a desaparecer.

Incluso na exposición de motivos non se recolle o sector mexilloeiro; un sector fundamental, un sector que lle deu a este país un sitio no mundo, un recoñecemento mundial de calidade e que, sen embargo, o Partido Popular abandona e despreza totalmente en beneficio das multinacionais.

Numerosos colectivos exixen a retirada do actual Anteprojecto de lei acuícola de Galiza para adaptar un novo, outro distinto, no que participe o sector, os bateiros, os mariscadores e mariscadoras, os mariñeiros e mariñeiras.

O Anteprojecto de lei de acuicultura dá, ademais, a esta un rango de interese público de primeira orde, impoñéndose á pesca tradicional. Con esta cualificación o que pretende –de aí tanto interese no artigo 144 da Lei do solo– é liberar todo o litoral para que se poidan instalar todas as industrias de acuicultura necesarias, pudrindo, contaminando, as nosas augas e pondo en grave risco a saúde das persoas que consomen eses peixes. Está demostrado, os médicos levan anos avisando de que estes cultivos de alimentos levan moitísimos antibióticos, está empezando a haber, cada vez máis, moitísimas enfermidades que se volven resistentes aos antibióticos actuais, e iso vén porque comemos a diario antibióticos. Ese é o gran problema, e esa a aposta, sen embargo, que para a nosa alimentación ten o Partido Popular, por iso

sempre rexeita calquera iniciativa que vaia en función dunha alimentación baseada na autoprodución.

É un proxecto de lei que favorece a acuicultura intensiva a escala industrial, e a acuicultura multitrófica, sen unha previa avaliación das posibles consecuencias para o ecosistema.

Pretende autorizar incluso especies exóticas, que poderían acabar sendo invasoras para o noso medio natural. Xa o temos vivido, vivímolos todos os anos, especies invasoras nas nosas rías e tamén nos nosos montes, pero aquí simplemente se abre o grifo sen ningún tipo de control.

O sector mexilloeiro exige a retirada do texto; tamén as confrarías e as agrupacións de mariscadoras galegas; tamén a Plataforma en defensa da ría, e tamén –como dicía o voceiro do BNG– numerosos concellos solicitan, a través de mocións á Xunta, que retire este anteprojecto. Mocións nos concellos que son aprobadas tamén polos concelleiros do Partido Popular. Tamén as deputacións, como a de Pontevedra, rexeitan por unanimidade, incluídos os deputados do Partido Popular, este proxecto de lei.

A Plataforma en defensa da ría Cíes ten remitido tamén unha moción aos concellos para que apoien o rexeitamento a esta lei por prexudicar a toda a xente do mar, en beneficio das multinacionais, e xerar a efectos negativos sobre os recursos naturais galegos, o noso medio ambiente e as actividades tradicionais.

É necesario, ademais, crear xa unha comisión permanente de traballo, coa participación de todos os sectores do mar, científicos e ecoloxistas, para lograr unha lei consensuada.

Non hai moito máis que dicir, a sociedade xa falou. A sociedade reclama a anulación desta lei, a súa retirada e que se comece a negociar unha nova lei contando co sector. E xa saben, o pobo é quen máis ordena. E como o pobo xa falou e exige a retirada, espero que o Partido Popular cumpra a súa obriga de escoitar o pobo, de obedecer o pobo, e retire inmediatamente este proxecto de lei.

Nada máis. Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Martínez.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.
Señor Fajardo.

O señor FAJARDO RECOUSO: Moi bo día a todos e a todas. Un saúdo aos compañeiros e compañeiras do sector do mar que hoxe nos acompañan, que son obviados por unha consellería que se asemella moito a este Parlamento, a este hemisiciclo, onde se vai a luz, igual que se lle vai a luz á conselleira, incapaz de entender que non só ten que retirar unha lei, senón que ten que marchar con esa lei, como aqueles que imponen normas que son rexeitadas polo conxunto do sector porque demostraron que son incapaces para o ben xeral, namentres están defendendo o interese das empresas privadas.

Imos debater agora a retirada do anteproxecto da lei de acuicultura, unha retirada que ten que ser inmediata, pero logo reclamámosllo tamén directamente á conselleira, porque non se pode consentir que se ataque o noso sector, a nosa forma tradicional de entender o mar e os nosos recursos marisqueiros e pesqueiros, que están postos en dúbida por unha consellería e uns responsables políticos do Partido Popular que lle entregan o total da nosa costa ás multinacionais pesqueiras para que, ademais, exploten os recursos da Unión Europea para acabar coa nosa riqueza, simplemente polas portas xiratorias, simplemente polos intereses ocultos que levan ao Partido Popular a ir contra os seus sectores produtivos.

Non se pode entender neste país unha lei que implica tres graves problemas. O primeiro é a ocupación do mar. Unha lei que permite que se ocupe o cen por cento da lámina de auga deste país, incluso da costa, por multinacionais que veñen explotar os nosos recursos, deixando despois un ermo incapaz de xerar ningún tipo de riqueza, nin marítima nin marisqueira.

¿Como se pode dicir que é igual o trato que van ter as confrarías ou as mariscadoras no acceso que unha multinacional, cando a propia lei di que será por publicidade, equidade e propaganda, e resulta que a Xunta cede competencias á Unión Europea e lle manda un escrito á Unión Europea dicindo que, cando se fale da acuicultura, están dispostos a que se sometan as autorizacións mediante o método de subasta? ¿Que confraría, que agrupación de mariscadores, pode competir cunha multinacional polo método de subasta para explotar un territorio? Absolutamente ningunha. Non se

poden tratar igual cousas que non son iguais. E non é igual unha multinacional que unha agrupación de mariscadoras. Polo tanto, privatiza o noso mar e pon contra as cordas un sector que xera o 2,8 % do produto interior bruto do noso país.

Pero por se iso fose pouco, é un ataque directo contra o noso medio ambiente, unha barbaridade en termos medioambientais que non podemos consentir, que, conxugada co TTIP que están aprobando en Europa, significa que no noso país se poden poñer explotacións acuícolas que o que fan é poñerse a producir peixes non só exógenos, non só de fóra de aquí, senón tratados xeneticamente. ¿Que significa que as nosas rías se enchen de peixes tratados xeneticamente? ¿Que vai pasar cando existan fugas deses peixes? ¿Como van interactuar co resto das especies do noso país? ¿Como vai ser posible que as nosas rías aguanten os insumos, os desperdicios, e tamén –como non– os antibióticos que xeran estas plantas? Pois moi fácil, deixando sen ningún tipo de capacidade de sobrevivir as nosas rías. Polo tanto, é un problema medioambiental, pero tamén un problema económico.

¿Que vai pasar coas cidades da nosa costa? O mesmo que pasou no interior, que quedarán desertas. Porque cando na nosa costa non se poida vivir do que produce, senón que as empresas multinacionais sexan as que exploten as nosas costas para gastar o seu diñeiro noutros lados e non en Galicia, tampouco os nosos sectores poderán vivir, nin a hostalería nin o comercio nin ningún dos sectores da nosa costa, porque a maior riqueza que temos na costa será explotada por empresas multinacionais.

Polo tanto, nós non podemos compartir esta situación, e ímoslle preguntar directamente á conselleira por que ocultaba as cousas, por que tiña preparado un programa de acabar co noso modelo produtivo sen dicir nada. Porque cando se publicou a Lei de acuicultura se dicía que despois da lei se ía aprobar a reforma das confrarías, e despois da reforma das confrarías tamén a redefinición das funcións internas da agrupación de mariscadores.

¿De que estamos a falar? Estamos a falar da reconversión definitiva. Estamos a falar de acabar co noso modelo do mar. ¿Por que son tantos os ataques ao noso sector mariñeiro? ¿Por que se ataca o xeito? ¿Por que se ataca o cerco? ¿Por que se atacan as cotas? ¿Por que se ataca o marisqueo?

Atácase porque estamos falando dunha batalla por ocupar o espazo, e o Partido Popular decidiu entregarlle ese espazo ás multinacionais e expulsar os nosos traballadores, a nosas empresas, as nosas mariscadoras. Porque o que quere o Partido Popular é entregarlle o noso mar a aqueles que teñen máis capacidade económica. Estamos falando de capitalismo puro e duro.

Capitalismo: aglomeración de capital en poucas mans. Non lle interesa ao Partido Popular un modelo que reparte os beneficios entre milleiros de persoas no país. Quere que eses beneficios vaian a catro ou cinco mans, e se pode ser, despois, que esas catro ou cinco mans lle garantan as portas xiratorias ou a financiación ao Partido Popular, acostumbra-do aos sobres e á corrupción.

Polo tanto, hoxe non lle imos pedir un debate semántico. Non falamos de paralizar ou retirar, dicimos retirada absoluta desta norma, negociación co sector e que, dunha vez por todas, neste país, cando se fala de sectores produtivos, sexan estes os que decidan. Non pode ser que catro burócratas reunidos en Andalucía co lobby acuícola poñan encima da mesa un proxecto de lei para Galicia. Quen ten que facer ese proxecto é o sector, e unicamente o sector. E ninguén pode impor unha lei que vai en contra dos nosos intereses...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor FAJARDO RECOUSO: ...e que significa, como xa dixen, a morte.

Hoxe é o enterro da sardiña. Non enterren os nosos sectores produtivos do mar.

Máis nada. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fajardo.

Grupo Parlamentario Socialista. Señor Val.

O señor VAL ALONSO: Moitas grazas, señor presidente.

Moi bos días a todos e a todas.

Quero comezar saudando os representantes do sector que nos acompañan no día de hoxe, seguindo este debate. E

quero facelo porque eles son os grandes artífices de que, de momento, se acadase paralizar este anteproxecto de lei. E, repito, de momento paralizar, porque entre todos trataremos de que se chegue a retirar este anteproxecto.

E quero tamén avanzar o voto favorable do Grupo Parlamentario Socialista a esta iniciativa que xustamente pide isto: a retirada deste anteproxecto; un anteproxecto que ten acadado o que sen dúbida é o máis amplo consenso conseguido nunca por unha norma do Goberno galego, afortunadamente, desta volta, en contra.

Temos que dicir tamén que o longo proceso de negociación e de redacción deste anteproxecto de lei foi sempre de costas aos afectados, e culminou nun texto cun profundo cheiro a Partido Popular. E digo isto porque, aínda que agora traten de dicir o contrario e de xustificarse diante dos afectados, xa no ano 2012 a señora conselleira, a señora Quintana, marcaba o rumbo do futuro das nosas rías cando prologaba unha publicación titulada: *A acuicultura multitrófica integrada: a esencia da aposta de futuro pola sostibilidade.*

Naquel momento a señora conselleira dicía alto e claro, para quen a quixo escoitar, que a acuicultura multitrófica integrada sería o modelo de futuro e a fórmula máis axeitada para aproveitar e optimizar o espazo, porque xustamente diso estamos a falar, de ocupación do espazo para producir, e neste caso do dominio público marítimo-terrestre.

O texto deste anteproxecto o que pretende é cambiar o modelo de raíz. En palabras do director xeral de Pesca, o señor Juan Maneiro, un modelo ineficaz e precario, que emprega moita man de obra pero que produce pouca rendibilidade. E xustamente o quere cambiar por un modelo moito menos intensivo en man de obra pero con maiores niveis de rendibilidade, segundo el, pero neste caso para quen promove a iniciativa acuícola e non para a colectividade.

Dende o PSdeG defendemos o modelo actual. É certo que se poden mellorar cousas traballando na organización do sector, na promoción e na comercialización. Pero non é menos certo que este modelo ten levado a Galicia a se converter nun referente mundial na produción do mexillón; que ten levado a Galicia a ter unha marca de calidade propia nos produtos da baixura e do marisqueo. E defendemos tamén este modelo porque –xa se dixo aquí– ten contribuído, ademais, de xeito

decisivo ao desenrolo económico e social das vilas costeiras deste país, e ademais cunha distribución de riqueza moi horizontal, dando emprego a milleiros e persoas.

O modelo proposto polo Partido Popular é, sen dúbida, a antítese de todo isto, acumulación das zonas de produción en tan só uns poucos e deixando aberto o camiño para que calquera poida entrar na loita pola ocupación dese espazo. É certo que este anteproxecto marca como prioridade que as agrupacións e colectivos do sector que dean o paso e se convertan á actividade acuícola, ofrecendo o caramelo dos fondos europeos, terán prioridade. Pero non é menos certo que entrarán nesa batalla pola competencia coas grandes multinacionais do sector, onde, loxicamente, os criterios de rendibilidade, eficiencia, capacidade económica e técnica van ser as variables que a Administración vai ter en conta para outorgar ou suspender unha concesión sobre determinado terreo.

Efectivamente, a porta está aberta con este anteproxecto. O incremento de custos que seguramente lles vai supor aos produtores de base ese paso á acuicultura con concesión administrativa, a través de todo o que van ter que soste de taxas, tributos e canons por ocupacións do terreo vai facer que moitos deles, seguramente, teñan que abandonar a actividade. E os que non dean o paso e non se convertan a produtores acuícolas, seguramente van ser afogados por parte do Goberno por outra vía, como, loxicamente, pode ser a non posibilidade de acceder a esas axudas.

Esta é a estratexia do Partido Popular, esta é a porta que quere deixar aberta para que o gran capital acuícola teña o paso aberto para ocupar as nosas rías. E eu agardo no día de hoxe que o señor Balseiro, o voceiro do Partido Popular —xa sei que nestes días anda un pouco preocupado por ese congreso provincial de Lugo, seguramente teña o corazón partido—, que ten a posibilidade de dirixirse ao sector, que ten aquí representado ese sector que din escoitar, non faga ese escapismo político ao que nos ten acostumados e fale das bondades que o Partido Popular ve neste documento; que non faga un debate semántico sobre se paralización ou retirada, senón que fale das bondades que o Partido Popular e o señor Balseiro ven neste anteproxecto.

Nós, mentres non o aclare, e mentres o sector non estea de acordo, imos estar a carón do sector para conquistar a reti-

rada deste anteproxecto que, sen dúbida, vai supoñer un cambio no sistema produtivo deste país.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Val.

Grupo Parlamentario Popular. Señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Moitas grazas, señor presidente.

Moi bos días e benvidos os membros do sector.

Señoría, permítame que lle diga, señor Val, que espero ter neste congreso máis éxito do que tivo vostede como secretario xeral no seu concello, que colleu o Partido Socialista gobernando con maioría absoluta e deixouno sen representación no concello. *(Risos.)* Espero ter máis éxito. *(Aplausos.)*

Señorías, imos á cuestión que nos preocupa. Polo menos, ao grupo maioritario desta Cámara preocúpalle esta cuestión. Hai pouco máis dunha semana, ademais, señorías, trabámola tamén nunha comisión deste Parlamento e as forzas da oposición repetían o mesmo que repetiron hoxe na tribuna do Parlamento, como comprenderán as súas señorías, sen argumentos ningún, ¿saben por que?, porque os voceiros da oposición, que agora se dedican a dar charlas antipolíticas na Puebla do Caramiñal, o señor Fajardo e o señor Rodas —Pobra do Caramiñal, si—, antipolíticas, antipolíticas, dedícanse agora a expertos en acuicultura sen coñecer nin un só artigo do anteproxecto de acuicultura. Esa é a realidade.

Por iso, cando dicía eu que estaban desinformando, eu non dicía que o sector estaba desinformado. Nós respectamos o que di o sector, e proba de que respectamos o que di o sector é que paralizamos este anteproxecto. O que dicía eu é que vostedes eran os que desinformaban o sector. Non é igual que o sector estea desinformado que que o desinformen vostedes. Loxicamente, temos a sorte de que o sector sabe moito máis de acuicultura do que saben vostedes. Iso si é certo, que os representantes do sector que están hoxe na tribuna do Parlamento saben moito máis de acuicultura do que saben vostedes, e se a algún representante dos que están hoxe na tribuna do Parlamento lle deixáramos falar na tribuna, aquí, non falaría *(Interrupcións.)* o que vostedes falaron,

falaría cousas distintas, e ao final podemos concluír e podemos coincidir en moitas cousas.

Pero aquí o que queda claro é que este texto, que na práctica está paralizado, este proceso administrativo, este texto non segue adiante por moito que se empeñen vostedes, porque a vostedes interesáballes que este texto seguira adiante. ¡Se vostedes o único problema que teñen é que o texto non siga adiante...! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Vostedes estarían contentos, eu xa sei que a vostedes interesáballes que o texto seguira adiante, pero, loxicamente (*Aplausos.*), este Goberno non lexisla para vostedes, este Goberno lexisla para a sociedade hoxe representada no Parlamento de Galicia, aquí, non para vostedes. (*Aplausos.*)

¿Non se deron conta vostedes de que o Goberno non lexisla para vostedes? ¿Non se deron conta vostedes de que o Goberno de Galicia escoitou o que dixeron os alcaldes, escoitou o que dixeron os concelleiros e escoitou o que dixeron os representantes do sector, e por iso paralizou este anteprojecto?

Son vostedes os únicos que non se deron conta. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Que queren vostedes retirar?, ¿algo que non existe? ¡Isto non é unha lei, que é un anteprojecto!

Vostedes eu xa sei que están tristes porque vostedes querrían seguir dando charlas antipolíticas por Galicia adiante –antipolíticas esas charlas–, dous expertos en acuicultura coma min, coma min, coma min, loxicamente desinformando o sector. E eu xa sei que vostedes iso non o queren. Vostedes agora estarían contentos aquí, na tribuna do Parlamento, se eu saíra dicindo: non, este proxecto sae adiante. ¿Por que? Porque o di o Goberno de Galicia, pero a maiores de que o di o Goberno de Galicia, dío o grupo maioritario do Parlamento, que ten suficientes votos para que o proxecto saia adiante.

Pero nós tontos somos, pero dos coches sabémonos apartar, (*Risos.*) (*Aplausos.*) dos coches sabémonos apartar. E como nos sabemos apartar dos coches, como comprenderán nós non imos lexislar nada en contra do sector, nada que prexudique o sector, e nós dicimos: paralizamos este proxecto, abrimos mesas de diálogo co propio sector, e se hai un consenso co sector, esta lei saíra adiante, e se non hai un consenso co sector, esta lei non verá a luz, esta lei non verá a luz.

Entón, señorías, como comprenderán, eu sei que vostedes están tristes, sei que están tristes porque vostedes buscaban outra cousa. Vostedes buscaban todo o contrario porque a vostedes o sector do mar nunca lles interesou, (*Murmurios.*) só lles interesou, única e exclusivamente, para confrontar. ¿Acórdanse vostedes? Falan vostedes do sector bateiro, pero mire, se vostedes tiveran un pouco de vergoña...

O señor PRESIDENTE: Remate, remate, por favor.

O señor BALSEIRO OROL: ... –remato–, do sector bateiro non podían falar. ¿Acórdanse de cando lles dicíamos que se terminaban as concesións no ano 2008, que lles íamos poñer os contadores a cero, e vostedes dicían que as había que sacar a concurso? Puxemos os contadores a cero, renovamos esas concesións por 30 anos –que con este anteprojecto de lei poderían pasar a 50 anos–, e ademais falan vostedes do sector das multinacionais.

Durante esta etapa do Partido Popular no Goberno de Galicia vendéronse 500 bateas. ¿Sabe cantas se venderon ás multinacionais? Cero, ningunha das 500. ¿De que nos falan vostedes?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BALSEIRO OROL: Vostedes non coñecen nin Galicia nin o sector, e nós lexislamos para o sector, e vostedes –permítame, señor presidente, que me vou dirixir aos representantes do sector, voume dirixir á sociedade galega– (*Murmurios.*) estean totalmente tranquilos, que o Partido Popular e o Goberno de Galicia nunca farán nada que lles prexudique a vostedes nin ao sector pesqueiro. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Balseiro.

Grupo autor da proposición non de lei. Señor Rodas.

O señor RODAS CHAPELA: Creo que o señor Balseiro tivo unha excelente oportunidade para convencer o sector que está aí arriba, pero é que non só hoxe, leva estes últimos tres anos tendo a oportunidade de ir visitar o sector, igual que imos algúns, e aí, efectivamente, darlles os seus argumentos para convencelos de que isto é unha marabilla, ¡unha auténtica marabilla!

Di vostede que nada farían que prexudicara o sector. ¡Nada máis lonxe! Non hai máis que ver a política de despezamentos que hai para este país. ¡Máis de 700 solicitudes, máis de 100 barcos despezados!

Non hai máis que ver o seu compromiso coa fraude na etiquetaxe do mexillón, non hai máis que ver os seus orzamentos deste ano, pondo encima da mesa 18 millóns de euros antes de. Non hai máis que ver o seu compromiso coas instalacións en Touriñán, Rinlo, Corrubedo, botadas abaixo, por certo. Non hai máis que ver o seu compromiso cos dereitos de pesca e coa acampada do cerco.

Polo tanto, cada un se vai coñecendo segundo o que vai andando e comprometendo, ¡como non! E vostede ten aquí a santa cara de vir falarnos de consenso. ¿De que consenso nos fala? ¿Do consenso ese do cerco, que por un lado están 126 embarcacións e por outro están 30? ¿Do consenso da etiquetaxe, onde o Consello regulador pide unha serie de cousas e vostedes os deixan tirados totalmente? ¿Ou dese consenso de Ence, onde se evidencia con claridade o seu compromiso real? ¿Ese é o consenso do que nos fala?

Por favor, ¡sexamos un pouco sensatos! Aí está unha importante representación do sector que está demandando a gritos algo que é básico de todo: que queremos seguir producindo como o vimos facendo de toda a vida e queremos apostar por este modelo que reparte a actividade, e sobre todo que reparte a riqueza, horizontalmente. Pero non o di só o sector, dino tamén os seus alcaldes e dino os seus portavoces municipais. Aí si que tería vostede que consensuar, e convencer, en primeiro lugar, os seus representantes políticos, ¡digo eu!

Polo tanto, sexamos sensatos e razoables. Nestes momentos nin vostede nin a conselleira nin o director xeral son interlocutores válidos. Están totalmente finiquitados porque durante este procedemento se demostrou con total claridade que vostedes non están para representar o sector, vostede están para traizoar este país, para deixalos absolutamente tirados, e claro, iso non pode ser, non pode ser, e como non pode ser, hai que reaxustar as cousas, e as cousas como se van reaxustar é mandándoos a todos vostedes para a casa, nin máis nin menos. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodas.

Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. José Luís Méndez Romeu e dous deputados/as máis, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da realización das modificacións normativas necesarias para permitir a compatibilidade da percepción das pensións coas derivadas dos dereitos de autor

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Popular.

(O G.P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débese substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España:

1.- A modificación da normativa necesaria para permitir a compatibilidade da percepción das pensións coas derivadas dos dereitos de autor.

2.- A abordar no futuro “estatuto do creador(a)” os diferentes tipos de situacións profesionais para salvagardar os dereitos dos creadores/as”.)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Méndez Romeu.

O señor MÉNDEZ ROMEU: Grazas, señor presidente.

O Partido Popular ten unha estraña relación coa cultura; unha relación presidida polo conflito e a mutua desconfianza, que ten derivado nos últimos anos en actuacións tan incomprensibles como a subida ao tipo máximo do IVE aos produtos culturais, ou a confrontación sistemática con sectores como o cine ou o teatro, alimentada deliberadamente por un ministro de infausta memoria.

Nos últimos meses, numerosas entidades e asociacións representativas de escritores, artistas e creadores uniron as

súas forzas nunha plataforma común, oportunamente chamada “Seguir creando”. Participan nesa organización entidades de ámbito estatal como CEDRO, SGAE, VEGAP, e tamén entidades de ámbito galego, vasco, e catalán.

Uníronse para demandar a modificación do Real decreto lei 5/2013, que se chama de medidas para promover a continuidade da vida laboral dos traballadores de maior idade e promover o envellecemento activo, nada menos que un título ambicioso e que, sen embargo, encobre unha operación de expropiación dos dereitos da propiedade intelectual, obrigando, en consecuencia, a que os autores que alcancen a idade correspondente de xubilación teñan que optar polo réxime de xubilación parcial se superan en contía percibida por dereitos de autor o salario mínimo interprofesional, que, como saben as súas señorías, son 9.000 euros ao ano no momento actual.

Sen motivación coñecida, de costas á meirande parte do acervo europeo, o Goberno, a través dos ministerios de Facenda e de Traballo e Seguridade Social, está facendo unha interpretación restritiva que implica un fondo descoñecemento do réxime dos dereitos de autor, e mesmo das condicións reais de traballo e ingresos dos autores. Subsidiariamente, tamén implica un claro menosprezo pola creación cultural.

Trátase dun cambio lexislativo innecesario e que ademais terá un efecto recadatorio mínimo, pero que, sen embargo, será profundamente lesivo –xa o está sendo– para as máis de 100.000 persoas que se estima que en España están sometidas ao réxime de dereitos de autor derivado da propiedade intelectual sobre a súa propia creación. Estamos a falar de escritores, pero tamén falamos de artistas, de fotógrafos, de músicos, de académicos, de tradutores, de profesores universitarios.

Aínda que non existen estatísticas fiables, distintas estimacións calculan que menos do 10 % dos autores poden vivir exclusivamente do froito da súa creación; a inmensa maioría debe simultanear durante toda a súa vida o labor de creación con outras fontes de ingresos; e mesmo os que declaran vivir exclusivamente da creación intelectual, encobren baixo esta rúbrica impartir conferencias, ditar cursos ou colaborar cos medios de comunicación para chegar a alcanzar ingresos sostibles e constantes.

Mentres se aproban amnistías fiscais e se beneficia as rendas altas na reforma do IRPF, os autores son castigados sempre que perciban máis de 9.000 euros anuais por dereitos. Dito noutras verbas, percibir unha pensión en España, de acordo co Goberno do señor Rajoy, é compatible con ingresos derivados das rendas da propiedade inmobiliaria, con dividendos por valores bursátiles, coa percepción de plans de pensións, pero non cos dereitos de autor.

¿Será talvez unha estratexia do Goberno para limitar a condición de creador? ¿O modelo social é un especulador antes que un artista? Foi Picasso quen dixo aquilo de “se chega a inspiración, que me colla traballando”, porque o estro poético ou a inspiración artística non son constantes nin están sometidas a un horario. Nin toda obra de creación chega a producir rendementos para o seu actor, con frecuencia vai depender da recepción da súa obra por factores alleos e imprevisibles, como poden ser os intermediarios, a crítica, a oportunidade, as tendencias de moda, etc. Así, autores que no seu momento pasan desapercibidos para os seus coetáneos, son recuperados moitos anos máis tarde, mesmo despois da súa morte. Os exemplos son moi coñecidos, evidentemente, dende Cervantes a Kafka, pasando por Alan Poe, Melville, Pessoa, e máis recentemente autores como Stieg Larsson ou Roberto Bolaño, ambos tan de moda no momento actual; e mesmo poderíamos falar de escritores que recibiron o recoñecemento en idades moi tardías da súa vida, como José Saramago ou, entre nós, por exemplo, Eduardo Blanco Amor. En consecuencia, os ingresos dos autores son irregulares de ano en ano. Ás veces prodúcense adiantos editoriais a conta de futuros dereitos, adiantos polos que se tributa fiscalmente no exercicio correspondente e que logo se descuentan anualmente, como digo.

Logo, ¿que se pretende con esta norma? ¿Forzar os creadores que alcancen a idade de xubilación a castrar o seu talento? ¿Quérese privar a sociedade da súa aportación? ¿Deberán as academias, por exemplo, prescindir dos seus membros de maior idade porque estarán imposibilitados de continuar creando?

Mordazmente, un ex ministro galego de Cultura, o señor César Antonio Molina, dicía que se debería proceder a suprimir os premios oficiais porque se vai producir a situación contraditoria de que non poderán percibir o importe deses premios.

Estamos diante, por tanto, dun dislate administrativo e dunha medida absurda que desprestixia a un goberno e a unha administración. Doutra banda —e hai que subliñalo—, estamos a falar de algo que transcende os propios creadores e afecta a toda a sociedade, porque mesmo as características esenciais que nos definen como país, como Estado ou como nación teñen que ver coa creación cultural, coa imaxe pola que nos recoñecen os demais, que está estritamente venceitada a esa produción cultural. Polo tanto, loitar contra esa produción cultural é loitar contra os intereses xerais dun país.

Hoxe vivimos nunha efervescencia cultural con múltiples manifestacións; unha explosión artística que non funciona nin con horarios nin con criterios burocráticos, que o que necesita é respecto e apoio e non cortapisas, porque toda a sociedade se beneficia desa creación. Por exemplo, os autores literarios, os seus dereitos de autor caducan oitenta anos despois da súa morte, e logo pasan a ser de dominio público; e igual acontece con outras formas de protección intelectual, vai ser a sociedade quen se beneficia desa obra unha vez transcorrido ese prazo. Preguntámonos, por tanto, cal é a razón última para cercenar ese dereito da cidadanía a disfrutar do conxunto da obra cultural.

Os dereitos de autor —non o imos ocultar— teñen problemas máis graves, problemas como a piratería, problemas como a relación coas novas tecnoloxías ou coa industria; pero iso non é o que se está debatendo agora. Os autores veñen demandando a suspensión das inspeccións fiscais, a parálise dos procedementos sancionadores xa iniciados e aplicados ao abeiro desa normativa, e a modificación da normativa por unha nova norma máis ambiciosa, máis adaptada ás características específicas da creación.

Este grupo político ten rexistrado xa, nas Cortes Xerais, unha iniciativa neste sentido que agardamos sexa pronto debatida. Hoxe propoñemos que o Parlamento galego sume a súa voz a esa demanda dos autores do noso país e a traslade ao novo Goberno de España; non sabemos cal será e, polo tanto, a decisión terá que corresponderlle a quen decida nas Cortes, pero o problema continuará existindo. Cómpre agora que esta Cámara, que tamén representa os creadores galegos, se una a esa lexítima demanda e contribúa a abordar co novo Goberno español unha solución que debe poñer fin a algo que debería estar permanentemente fóra do debate político,

como acontece en todos os países civilizados, agás que queiramos renunciar a ser un país relevante culturalmente.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Méndez Romeu.

Grupo Parlamentario Popular. Señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Moitas grazas, señor presidente.

Efectivamente, como acaba de expoñer o autor desta iniciativa, o señor Méndez Romeu, hai un problema basicamente de interpretación dun decreto do ano 2013 relativo á compatibilidade entre a percepción de pensións de xubilación e as actividades vencelladas á actividade e á propiedade intelectual, polo cal, cando hai un ingreso por estas actividades superior ao salario mínimo interprofesional, de 9.000 euros, pódese considerar un ingreso habitual, o que leva á Seguridade Social a exixir o cese da percepción da pensión e mesmo á devolución das pensións cobradas. Este é o problema que nos trae, isto é do que estamos a falar. Polo tanto, eu quixera cingirme ao que di a exposición de motivos presentada por escrito e deixar a un lado outro problema que plantexou na súa exposición oral hai un momento o portavoz, que é o problema xeral da compatibilidade da percepción de pensións con calquera actividade, non só intelectual, senón tamén laboral, de calquera tipo, que é o modelo que hai en moitos países que, evidentemente, teñen unha situación demográfica e financeira distinta á nosa. E quero dicir isto porque a comparación é cos países nos que é incompatible traballar en calquera actividade e percibir unha pensión, ao mesmo tempo, de xubilación. O ideal sería o modelo alemán, onde é posible ambas as dúas cousas, pero creo que as decisións tomadas en relación coa Seguridade Social polo Partido Socialista, polo Partido Popular e por todos os partidos que forman o Pacto de Toledo van, desafortunadamente, por incapacidade financeira do país, nesa liña.

Efectivamente, compartimos o problema, e xa anuncio que imos votar a favor desta iniciativa porque entendemos que o problema exposto ademais se agrava por algunhas cuestións. En primeiro lugar, pola discriminación que hai cos profesionais que continúan facendo actividades pero que, en vez de cobrar da Seguridade Social, cobran a través de mutuas, dos propios colexios profesionais, e que facturan

as actividades que fan despois da xubilación a través dos propios colexios profesionais; é o caso de químicos, avogados, arquitectos e outros colectivos, que se distinguen claramente, neste caso, dos creadores artísticos, que habitualmente están no réxime de autónomos. O feito é que, se están no réxime de autónomos, teñen que optar entre pasar a unha pensión flexible, e renunciar, polo tanto, á metade do que percibirían en condicións normais ou a perder a totalidade da pensión. Ou, pola contra, a renunciar á actividade, que é o que nós cremos que non debe de producirse.

Entendo que a orixe do problema está nunha mala concepción do que é o capital humano, porque, efectivamente –como tamén dixo o portavoz socialista–, hai persoas que ao longo da súa vida acumulan capital físico, e os rendementos deste capital físico non son incompatibles coa percepción dunha pensión de xubilación no momento da xubilación. Mentres que os investimentos en capital humano, a través de creación de obras, ou o que tamén é moi evidente, a retribución de premios, pero incluso na capacidade de poder facer o que dicía Picasso, que dicían que cobraba moito por debuxar unha paloma nun momento que llo pediron. Estaba nun balneario suízo e pedíronlle unha paloma. Debuxouna nun minuto e dixo que lle cobraba 1 millón de dólares, e dixo a señora: ¿por un minuto de traballo?! Si, por un minuto de traballo, pero por toda a vida, podendo facer a paloma nun minuto de traballo. Polo tanto, todo o que é creación artística ten que ver moito co investimento en capital humano, e certamente o fondo do asunto é que non se pode entender por que hai unha discriminación entre os rendementos, despois da xubilación, do capital físico cos do capital humano.

Por iso nós compartimos a petición das asociacións múltiples de escritores, de autores e de intelectuais que están pedindo que se tramite unha reforma que compatibilice a posibilidade de percibir a pensión cos rendementos da actividade intelectual que fan os xubilados. E, polo tanto, cremos que é de xustiza facelo así.

Incluso desde o punto de vista xeral, é certo que todos os economistas saben que o sistema de pensións condiciona a cantidade de aforro e de investimento que hai ao longo da vida. Certamente, en termos económicos facer optar entre o rendemento e a percepción da pensión o que fai é que non só se diminúa a creación artística no momento da xubilación, senón mesmo antes, porque estamos desincentivando que

xente que está a punto de xubilarse publique obras que poñan xerar dereitos de autor posteriores, etc. Polo tanto, tamén desde o punto de vista social –como se ten dito aquí– compartimos que é un mal incentivo para a creación artística. E, finalmente, a cuestión é aínda máis chocante, cando sabemos que a creación artística e a percepción de ingresos por este tipo de actividades non é incompatible, por exemplo, co estatus de funcionarios públicos.

Hai certamente moitas saídas, moitas posibilidades. Falouse do carácter irregular das rendas pola creación artística, sen embargo, a normativa fiscal contempla esa opción. Podería pensarse nun estatuto especial para os creadores, e nós é o que pensamos que deberíamos facer, apoiar os autores e darlles un enfoque máis amplo nun estatuto xeral do creador. Nese sentido, presentamos unha emenda que se engade ao texto orixinal da proposición non de lei para que sexa neste ámbito dun estatuto máis amplo do creador onde se resolvan estas cuestións. Hoxe mesmo, por outra banda, o secretario de Estado en funcións –coas limitacións propias de estar en funcións– tense comprometido cos creadores a propugnar, a impulsar, esta norma, na que estou seguro de que tanto o Partido Popular –que mantén unha relación nada especial, senón respectuosa, co sector creativo e ademais temos unha especial sensibilidade cos que, sendo creadores, ademais están xubilados– como o Partido Socialista serán capaces de poñerse de acordo nesta cuestión unha vez que bote a camiñar o novo Goberno.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.

Grupo Parlamentario Mixto. Señora Martínez.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Grazas, presidente.

Da intervención do Partido Popular, creo que a emenda non é o mesmo que a parte resolutiva da iniciativa. A norma hai que modificala, aínda que despois se avance, se negocie e se estableza; pero a norma hai que modificala porque é a que deu lugar a este conflito.

Alégrome da autocritica que o PP fai das súas propias políticas, o que non entendo é como foron capaces de aprobar unha medida que vai total e absolutamente en contra da

cultura, da investigación, do progreso, da creación de talento, da retención de talento e do futuro, e, sen embargo, hoxe recoñecen que é unha medida que vai en contra do progreso e da cultura.

Non vou dicir xa por que é tan inxusta esta medida, pero si vou incidir na súa discriminación, que incide no mundo da cultura, porque o Partido Popular é especialmente agresivo coa cultura, especialmente agresivo con todo aquilo que signifique educación, cultura, progreso, investigación e aposta polo futuro. Eu entendo que o Partido Popular sorría, pero dígoos moi en serio. Todas as medidas que toma o Partido Popular van en contra do desenvolvemento económico, social e cultural deste país. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* É unha tristeza, si.

Entón, alégrome de que hoxe critiquen esta medida, de que recoñezan que vai en contra de todo iso e de que discrimina o mundo da cultura por encima de calquera outro sector. Eu alégrome da súa vida aquí. Pola miña parte non son a que presenta esta iniciativa, pero considero que a súa emenda non di o mesmo; que podería ser non sei se de engádegas, pero non di o mesmo. E esta medida hai que botala abaixo porque hoxe en día nos impediría, probablemente, poder disfrutar de moitas obras que moitos creadores fixeron a partir dos 65 anos, como poden ser obras de Manuel María, obras de Laxeiro ou de Xosé Neira Vilas.

Polo tanto, a prol da cultura espero que voten a favor desta iniciativa tal como está, e se corrixa e se retiren esas medidas.

Nada máis. Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Martínez.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.
Señor Ron.

O señor RON FERNÁNDEZ: Bo día de novo a todos e a todas.

Imos apoiar a iniciativa que achega o Partido Socialista porque entendemos, en efecto, que o Real decreto lei 5/2013, do 15 de marzo, con ese título de medidas para favorecer a continuidade da vida laboral de traballadores de

maior idade e promover o envellecemento activo, vemos que se converteu nun terrible paradoxo, cando se está penalizando precisamente esa continuidade. E sobre todo aquilo que se recomendaba no Pacto de Toledo, na recomendación duodécima, de buscar unha maior permeabilidade e convivencia entre a vida activa e pasiva a través da coexistencia de salario e pensión.

Pois ben, neste caso entendemos perfectamente a auto-critica que fixo o Partido Popular, non en tanto, gustaríanos bosquesar a indignación lóxica que ten o sector dos creadores, de todos aqueles que durante a súa vida, en condicións ás veces dificultosas, puideron crear. Moitas veces esas creacións en vida non dan nada, é despois cando eses dereitos de autor normalmente son disfrutados polos descendentes e pola propia sociedade. Polo tanto, parece un atropelo que se impida, cando eses dereitos de autor achegan unha contía, que os seus creadores non poidan disfrutalas.

Xa se dixo, se supera os 9.080 euros do salario mínimo interprofesional anual bruto, ten que acollerse á condición de autónomo e perder a pensión, neste caso. Pero as implicacións son terribles, é dicir, prodúcese unha renuncia á divulgación e ao coñecemento, porque, sen dúbida, experiencia, madurez e sabedoría é o que permiten que estas persoas, por exemplo un Gamoneda, un Caballero Bonal, Mendoza, Javier Reverte ou un Galeano antes de morrer, ou Benedetti, cando facían as súas conferencias e xa pasaran esa idade da xubilación, ao que asistíamos era precisamente a unha democratización dos saberes.

Eu non gusto desa palabra “capital humano”, non me gusta no meu vocabulario. Pero si creo que falamos do mesmo, quizais —ou non—, cando falamos de democratización dos saberes e do coñecemento, que é precisamente o que fan estas persoas cando seguen creando, seguen componendo, seguen ofrecendo todo ese saber acumulado.

Polo tanto, este real decreto o que fai é atacar o desenvolvemento da creación intelectual e, sobre todo, obriga a unha lei do silencio, porque, se se ataca a creación, lóxicamente, benefíciase o silencio, o que se pretende é unha terrible lei do silencio. Os creadores de menores rendas sofren moitísimo, e hai que recordar que a maior parte das pensións dos creadores van entre os 400 e os 800 euros. É dicir, necesitan necesariamente compatibilizar con eses dereitos para

non verse sometidos case a unha soleira do empobrecemento. Polo tanto, hai que ter en conta isto.

Desde logo, outro punto, outro aspecto, que afecta tamén á facenda pública. Se non se produce, non se tributa ao erario público, polo tanto, a parte correspondente non queda en beneficio da facenda pública. Polo tanto, entendemos que isto ten que paralizarse, ten que desaparecer. Ademais existe incluso unha penalización de seis meses de cobro.

Está claro que todo isto se fixo sen pensar nas graves consecuencias que ten para o sector dos creadores e das creadoras, para a actividade intelectual en xeral. Polo tanto, agardamos que saia de aquí unha posición unánime que defenda a nosa creación futura e que non penalice a quen durante moitos anos ten que facelo nese silencio da casa, nas interioridades, para poder sacar un produto que a sociedade, no seu momento, seguramente non lle dea a recompensa, e só será co paso do tempo como a creación se sedimente e permaneza na memoria do que somos como sociedade.

Polo tanto, agardemos conseguir a unanimidade. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Ron.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.
Señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, señor presidente.

Anunciar que o Grupo Parlamentar do BNG vai apoiar esta iniciativa que vén recoller unha demanda que están realizando, creo que na súa totalidade, as organizacións –non só do Estado, senón tamén da Galiza– que están afectadas por esta medida. Compartimos a posición que se expresa con claridade nese manifesto polo dereito a seguir creando, no que fan mención ás graves consecuencias desta medida; unha medida que vai en contra do desenvolvemento intelectual da nosa sociedade, impedindo que os autores poidan seguir creando cando chegaron á súa idade de xubilación. Tamén porque consideramos que esta é unha medida que desprotexe os nosos creadores e creadoras, especialmente aqueles que teñen rendas máis baixas, que non poden completar as súas pensións co froito do seu coñecemento. Segu-

ramente, se analizáramos o impacto desta medida en Galiza, veríamos como hai un segmento que non ten estas rendas baixas, porque moitos creadores e creadoras teñen as súas pensións polas súas profesións, pero aquelas poucas persoas que poden dedicarse en exclusiva á creación teñen realmente unhas pensións moi baixas.

Sería interesante que o conselleiro de Cultura –ausente, como todo o Goberno, neste debate– tivera a ben terse reunido co sector, coñecer cales son as perspectivas, e sacar á luz pública cal é a realidade que hai detrás dos focos e das pantallas de moitas das persoas que están traballando no ámbito da creación cultural. E tamén estaría ben que tiveramos escoitado nalgún momento a súa voz neste debate.

Mais retomando o fío da intervención, dicía que a última das cuestións polas que ademais compartimos esta medida é non só porque vaia en contra do desenvolvemento intelectual, non só porque desprotexe os nosos creadores, senón porque vai en contra das propias contribucións á facenda pública, porque no momento en que se deixa de crear, cando hai unha actividade que se reduce e se deixa, polo tanto, de producir, tamén isto está indo en contra das propias recadacións e, polo tanto, da contribución que os creadores e as creadoras fan ás arcas públicas.

Parécenos moi ben que, en todo caso, hoxe o Partido Popular recoñeza aquí o erro do que vén facendo o señor Montoro en Madrid, do que vén facendo o Goberno do Partido Popular dende o ano 2013, e dunha maneira moito máis acelerada nos últimos tempos, creando un problema moi grave a creadores e creadoras, que son acusados de estafar á facenda pública, e hai claramente unha liña nesa dirección, algo que está sendo e que veu sendo denunciado nos últimos meses na prensa, e polo menos estaría ben que houbera un compromiso real de rectificación e unha crítica ao que se ten feito nese momento.

Nós defendemos a compatibilidade do dereito a seguir creando coas pensións das persoas cando chegan á idade de xubilación. Primeiro, porque isto non é un problema na maior parte dos países europeos, senón que teñen unha compatibilidade; compatibilidade que tamén existía no caso do Estado español e que decidiu o Partido Popular eliminar a partir do ano 2013. Ademais é unha inxustiza en relación con outro tipo de rendas que si son compatíbeis coa xubilación,

como todas as rendas derivadas dos rendementos do capital ou dos inmobiliarios. Polo tanto, entendemos que na creación cultural tamén ten que haber unha excepcionalidade porque non ten, desde logo, ningún sentido.

Nós entendemos que esta campaña que puxo en marcha o Goberno central, o Goberno do PP, contra os creadores e creadoras é unha campaña desoladora, é unha campaña que vai contra o coñecemento, contra unha sociedade máis culta. E, en todo caso, o que pon é unha pinga máis nun regueiro de actuacións en contra da cultura; unha cultura que para nós claramente debe ser alimento non só dunha sociedade crítica, senón dunha sociedade máis libre.

Permítanme que estes trinta últimos segundos os dedique a sumarme a todas estas voces que están pedindo unha cultura libre, unha cultura sen mordazas, que non teñan mordazas tampouco os titiriteiros e titiriteiras que seguen na cadea nestes momentos e que é unha vergoña. Porque é unha vergoña democrática que nun estado se persiga a creadores culturais, neste caso no ámbito dos títeres, por facer (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) uso da liberdade de expresión e por criticar o abuso de poder. É absolutamente intolerable que isto se produza nunha democracia.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: O BNG non vai calar a boca nin estar con aqueles (*Aplausos.*) que están facendo unha caza de bruxas.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Grupo autor da proposición non de lei. Señor Méndez Romeu.

O señor MÉNDEZ ROMEU: Señor presidente, quero agradecer a posición favorable a esta iniciativa de todos os grupos. Entendo a emenda, que presenta o Grupo Popular, creo que conseguiremos acadar un texto transaccional que recolla a idea que propón dun estatuto do creador e que ofrezca suficientes concrecións que tranquilicen os creadores.

Señorías, dous datos complementarios.

Primeiro. Cando falamos de cultura en España ou en Galicia, cómpre ter tamén presentes os datos fundamentais. En España representa o 3,5 % do PIB, en Galicia arredor do 2 %. En España emprega a medio millón de persoas, en Galicia a 30.000. Pero é que ademais a actividade cultural produce sinerxías con outros moitos sectores. Por exemplo, en España prodúcese anualmente 19 millóns de viaxes de carácter cultural, que, evidentemente, repercuten noutros sectores da economía.

O pasado sábado nun acto da Academia de cine, onde se entregaban os Premios Goya, o seu presidente, o señor Resines, ofreceu un dato abraiante. Dixo que en España, cada minuto do día, se descargan 1.500 películas de xeito ilegal. Trátase, evidentemente, dun gravísimo problema legal, pero trátase, sobre todo, dun gravísimo problema social, porque significa que cada minuto do día 1.500 persoas están defraudando a todo aquel que vive dos dereitos de autor, e tamén á industria que fai posible –coa súa intermediación– que cheguen ao consumidor. Se racha esa cadea de valor a través dunha descarga ilegal, quen está sendo prexudicado é o autor, o intermediario, a industria. Isto dicíao en referencia á industria cinematográfica, pero poderíamos dicir algo semellante, salvando as distancias, da industria discográfica, da industria editorial e doutras industrias culturais.

Segunda reflexión. Hoxe, no mundo no que estamos, no mundo posmoderno, xa non existe a figura do intelectual, do *maître à penser*, que foi tan decisiva durante tantas décadas. Ese papel foi substituído hoxe en día, neste pensamento brando que nos caracteriza, polos medios de comunicación e as redes sociais. E sen embargo existen máis creadores que nunca que, con esa obra, o que están facendo é avanzar o debate de ideas e tamén o debate de valores que caracteriza as sociedades occidentais e que tanto envexan as sociedades non occidentais, reescribindo día a día ese palimpsesto de ideas que é o que ao final consideramos a cultura.

A cultura non funciona baixo coerción, a cultura é a expresión máxima da liberdade, a liberdade de creación. Por iso creo que hoxe esta Cámara dá un paso adiante, quizais pequeno, pero importante, para seguir garantindo a todos os nosos autores e artistas esa liberdade de creación.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Méndez Romeu.

Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Cosme Eladio Pombo Rodríguez e seis deputados/as máis, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa aplicación en Galicia da Lei orgánica para a mellora da calidade educativa e a demanda que debe realizar ao Goberno central ao respecto

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei, ten a palabra o señor Pombo.

O señor POMBO RODRÍGUEZ: Grazas, señor presidente.

Moi bo día, señoras e señores deputados.

O Grupo Parlamentar do BNG achega a esta Cámara parlamentar máis unha vez unha proposición non de lei relativa á lei educativa LOMCE. Unha máis, despois das moitas iniciativas debatidas neste Parlamento antes e despois do 10 de decembro de 2013, no que se publicou no Boletín Oficial do Estado.

O Grupo Parlamentar do BNG, dende esta mesma tribuna, manifestouse en moitas ocasións sempre en contra da aprobación da LOMCE, e, unha vez aprobada, reclamando a derogación e paralización da mesma.

O Grupo Parlamentar do BNG, considera a LOMCE unha lei totalmente nociva para os intereses do ensino público na Galiza, por entender, en primeiro lugar, que invade competencias propias en materia educativa no noso país e porque introduce cambios lexislativos que deterioran gravemente a calidade do ensino público.

Dende esta mesma tribuna, señorías, reclamamos o apoio deste Parlamento para apoiar un recurso de inconstitucionalidade contra unha lei que nega as competencias educativas que Galiza ten. O Grupo Popular renunciou, nestas nosas reclamacións, a defender as competencias educativas propias de Galiza cando noutras nacións do Estado, como Euskadi e Cataluña, si defenderon as súas competencias. Mesmo debatemos neste Parlamento o resultado dos recursos destas

nacións e as conquistas que fixeron, tanto na aplicación do calendario desta lei como nos dereitos lingüísticos que se vían afectados pola propia lei.

A LOMCE, antes e despois da súa aprobación, concitou a maior oposición nunca habida contra unha lei educativa. Foron moitas as protestas, os posicionamentos en contra, as mobilizacións, as folgas no ensino, na Galiza e fóra da Galiza. A sociedade galega mobilizouse: moitas ANPA galegas –eu diría que a maioría das ANPA galegas públicas–, sindicatos do ensino, movementos de renovación pedagóxica, estudantado e partidos políticos reclamaron a retirada da LOMCE. Houbo folgas, recollida de sinaturas por milleiros e loita mesmo contra as probas de avaliación, que eran o preámbulo desas reválidas que nos retrotraen ao franquismo. Concentracións e propostas neste Parlamento reclamando ao señor conselleiro de Educación –ausente– unha posición firme para reclamar a retirada da LOMCE diante do daquela ministro de Educación, o inefable señor Wert. Reclamacións que outros parlamentos –repito– si fixeron, e manteñen aínda hoxe o pulso.

Non hai moitos días que a conselleira de Educación de Euskadi dicía que no País Vasco este curso non se ía aplicar a avaliación de 6º e que traballan nun deseño propio vasco para avaliar o tema. Cataluña tamén manterá unha proba propia que vén realizando dende o 2008, porque acreditan nun sistema educativo propio no país. Pero non son só Euskadi e Cataluña, a inmensa maioría incluso están plantexando recursos ante o Supremo para intentar frear as probas de avaliación. E aí temos a Andalucía, Asturias, Cantabria, Castela-A Mancha, Aragón, Baleares, Extremadura, Navarra, Canarias, Comunidade Valenciana. Tan só os cinco magníficos, as autonomías gobernadas en exclusiva polo Partido Popular, acreditan en seguir coa LOMCE adiante.

Señorías, o Grupo Parlamentar do BNG afirmou en moitas ocasións que a LOMCE nacía morta porque a maioría das forzas presentes no Congreso xa anunciaran a súa disposición a retirala se cambiaba a correlación de forzas. O BNG sempre dixo que había que retirala porque era unha lei recentralizadora e españolizadora, que impoñía un modelo lingüístico que pretendía eliminar o ensino en galego e que invadía as cativas competencias que temos coa intención de afastar totalmente o ensino da nosa realidade social, histórica, cultural e lingüística.

Pois ben, os resultados do 20-D reflicten unha maioría clara das organizacións políticas que se pronunciaron en contra da LOMCE, e a Confederación Intersindical Galega no ensino, organización maioritaria do ensino público galego, dirixiuse en concreto ao noso grupo, e supoño que a todos os demais, reclamando tentar a urxente paralización e posterior derogación da LOMCE.

Para a CIG-Ensino hai moitas razóns para pedir esta derogación. En primeiro lugar, porque nega a configuración plurinacional do Estado e promove un ensino privatizador, sexista, clasista e confesional. Porque entende que segrega o alumnado mediante itinerarios en distintas ensinanzas no mesmo ensino obrigatorio. Porque impide o acceso das clases populares á educación. Porque cuestiona o dereito universal á educación e o dereito a un ensino gratuíto, galego, científico e laico por obra e graza dos recortes orzamentarios.

Entende a CIG-Ensino que é un modelo educativo neoliberal, que concibe o ensino como unha mercadoría. Tamén entende que facilita a creación de diferentes categorías de centros; diferentes categorías que serán premiadas con diferentes recursos. ¿Onde a atención á diversidade? ¿Onde a inclusión?

Tamén entende esta central que lamina o que quedaba da participación e xestión democrática dos centros, impondo un modelo xerárquico, empresarial, que reforza a confesionalidade do sistema educativo, pois a relixión pasa a ter a mesma consideración académica que o resto das disciplinas.

Supón tamén unha afronta ao profesorado, porque as actividades docentes estarán totalmente limitadas a preparar reválidas, reválidas que nos retrotraen ao franquismo; unha nova discriminación social, xa que expulsa do sistema educativo o alumnado con menos recursos e carencias na aprendizaxe. Reválidas, por certo, que só miden resultados de materias obxecto de exame, furtándolle ao alumnado unha educación completa e integral en todas as áreas e competencias, ao mesmo tempo que impide inserir na educación as diferentes realidades nacionais do Estado ao que pertencemos.

Por todas estas razóns –vou rematando–, o Grupo Parlamentar do BNG reclama o apoio de todos os grupos parla-

mentares a esta proposición non de lei que presenta e defende o BNG, mais proposición que reclama a totalidade das ANPA galegas, as organizacións estudiantís no noso país, as organizacións sindicais do ensino, movementos de renovación pedagóxica, en definitiva, a ampla maioría da comunidade educativa. Reclamamos o apoio para instar o Goberno galego a paralizar a aplicación da LOMCE na Galiza e instar o Goberno do Estado a derogar a Lei orgánica da mellora da calidade educativa, a lei LOMCE.

De momento, máis nada. Agardo o apoio dos grupos parlamentares á retirada dunha lei totalmente letal e lesiva para os intereses do ensino público galego.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Pombo.

Grupo Parlamentario Mixto. Ten a palabra a señora Iglesias Sueiro.

A señora IGLESIAS SUEIRO: Bo día.

Grazas, presidenta.

Aulas grises, a cor na que transcorreu a miña primeira xuventude. Lembranzas da miña infancia ás que me leva o sistema educativo que vostedes nos están a impoñer, a LOMCE; que vostedes aplauden á vez que frean a inversión e incrementan os recortes no ensino público. Nenas e nenos ata os 10 anos disgregadas por sexo –daquela era legal, a día de hoxe non–, memorizabamos os contidos da Enciclopedia de Álvarez ou dos libros de texto da Editorial Seix Barral –un pouquiño máis científicos, era unha editorial catalana– para preparámonos para o ingreso ao bacharelato, a primeira reválida do franquismo, á que lle seguían outras dúas e unha proba de ingreso na universidade.

Aulas grises e frías, presididas pola figura do ditador, hoxe pola do fillo do elixido, o rei Borbón, e polo crucifixo. Mestres mal pagados –aínda se escoita e ten vixencia a frase: máis fame que un mestre de escola– impartían a docencia de todas e cada unha das materias, materias cos contidos revísados e censurados á conveniencia do réxime, que negaba as culturas nacionais e ocultaba figuras da nosa cultura e da

nosa literatura como Castelao ou Miguel Hernández. A lingua propia menosprezada e relegada ao ámbito do privado ou ao contexto folclórico.

Aulas frías e grises, sen material nin recursos. Algunhas e algúns, moi poucos, daquelas alumnas e alumnos, as fillas e fillos dos ricos, dos caciques, os sobriños dos curas, tiveron a oportunidade de acadar unha educación superior. E moitas, moitas, a meirande parte de nosoutras, elas e eles, as fillas e os fillos da clase traballadora, se tiñan sorte de ser o varón máis vello, estudaban unha carreira ou se facían curas a custa do sacrificio de toda a familia. E as fillas, as mulleres, a corte e confección e a cursos da Sección Feminina.

Experimentamos a alegría e a satisfacción dos cambios que se produciron no territorio español coa chegada da democracia, que trouxo e mellorou un sistema educativo público novo. E asistimos con moita tristeza e preocupación á rapidez e á eficacia coa que vostedes desmantelan o construído peza a peza. Volve as reválidas, a memorización e a disciplina como ferramentas educativas; permiten a segregación por sexo; o corpo docente mal recoñecido e mal remunerado; liquidan a igualdade de oportunidades, que nos fai retroceder a décadas en que o futuro académico e o acceso aos estudos superiores, por iso, volve ser cuestión de clase; retornan ás aulas a relixión e os seus cruentos símbolos. Unha lei, a Lei Wert, reaccionaria, españolizadora, clasista, privatizadora, confesional e profundamente antidemocrática elimina o Consello escolar como órgano de goberno, e o director ou directora, escollido pola Administración, conta con plenos poderes para tomar decisións unilateralmente, como, por exemplo, propor ou rexeitar o profesorado proposto pola Administración.

Daquela, nos tempos dos que eu falo, non se podía protestar, viviamos baixo un réxime ditatorial, hoxe vivimos en democracia, ou iso nos din. E se cun mérito conta a LOMCE é o de lograr a unidade do conxunto da comunidade educativa na súa contra.

Apoiamos, apoio, esta iniciativa coa esperanza de que os actuais gobernos do Partido Popular, na Galiza e en España, a aproben a xeito de últimas vontades dun moribundo que trata de non deixar contas pendentes. Teñen a maioría parlamentaria, teñen o deber e a obrigación de facelo, as competencias e a demanda da sociedade educativa, así que póñanse a traballar antes de que sexa tarde.

Grazas. Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Iglesias.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.
Señor Vázquez.

O señor VÁZQUEZ DÍAZ: Moitas grazas, señor presidente.

Bo día de novo.

A soidade política na que se atopa o Partido Popular, a súa incapacidade para conformar goberno no Estado, a súa imposibilidade para atopar calquera tipo de interlocución con calquera forza política, ten en boa medida moito que ver coa aprobación e coa forma en que se sacou adiante a LOMCE.

Unha lei sacada adiante en absoluta soidade por parte do Partido Popular, contra todas as instancias, contra todos os organismos, contra o tecido social deste país. Aprobada en soidade, unha lei orgánica dun artigo único absolutamente pobre, unha especie de demouca das normas anteriores, un retroceso de máis de cincuenta anos.

A verdade é que temos falado moito, moitísimo, sobre a LOMCE nesta Cámara, polo tanto, pouco máis cabe dicir que exixir as súa derogación. Con iso dicimos todo, e estaría ben que asumira responsabilidades o Goberno galego paralizándo a súa aplicación, que se está a facer a trompicones e de xeito absolutamente irresponsable.

Nós pedimos que se paralizara o desenvolvemento dos currículos da LOMCE en Galicia. Pedimos que se paralizaran e non se aplicaran as reválidas, e mesmo apoiamos a insumisión das familias. Pedimos que se paralizara o desenvolvemento da FP básica. Pedimos a constitución dunha comisión bilateral de cooperación entre Galicia e o Estado, como fixo o País Vasco, para que cando menos a LOMCE respectara aqueles elementos identitarios propios no ámbito do ensino de Galicia.

Nada diso foi escoitado polo Goberno galego, que tivo unha actitude absolutamente submisiva co Goberno do Estado. Foi, dende logo, o señor Feijóo un alumno avantaxado do señor Wert.

E agora, coa LOMCE xa publicada e en vigor, escóitanse, xorden, os cantos de serea da búsqueda dun consenso educativo, dun pacto educativo. A iso se nos invita, a iso se nos convida á cidadanía, a atopar un pacto educativo supoño que partindo desa lei, do respecto á LOMCE. E por iso xorden iniciativas como o libro branco, un libro branco que como brillantísimas propostas e ideas propón o pago por rendemento ao profesorado, o establecemento de ránkings de centros, a avaliación externa dos propios centros educativos. E temos a súa concreción en Galicia. En datas recentes presentábase un club de sabios, un foro de expertos, en teoría coa sa vontade de debater sobre a educación, pero, iso si, sen ningunha alusión á LOMCE, sen ningunha alusión á derogación desta lei.

Existe un consenso neste país, existe un consenso social en Galicia e no resto do Estado, e ese consenso é que a LOMCE é unha lei absolutamente antipedagóxica, e, polo tanto, se se quere respectar ese consenso social e superar a soidade do Partido Popular, non queda outro camiño que derogar esta lei e comezar xuntos –si, a partir de aí, da súa derogación– a construción dun novo marco educativo, dun novo modelo educativo.

A posibilidade real de atopar calquera consenso ten que partir unicamente dese principio, dese primeiro sinal que ten que ser derogar a LOMCE. A partir de aí poderemos botar a andar, pero, dende logo, dende a Alternativa Galega de Esquerda sempre imos traballar para que se constrúa un modelo educativo, un sistema educativo, ao servizo da sociedade, ao servizo de construír unha sociedade máis xusta, máis emancipada, máis democrática e, polo tanto, que respecte os dereitos da maioría social. Non como está a facer a LOMCE, que, dende logo, nos está a conducir non só a un escenario de absoluta crispación na comunidade educativa senón de absoluta tristeza nos propios centros, porque neste momento, neste momento, non saben nin tan sequera a que aterse para planificar as actividades docentes, porque evidentemente saben que a LOMCE non ten futuro.

Máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Vázquez.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Docasar.

O señor DOCASAR DOCASAR: Grazas, presidente.

Bueno, señorías, boas tardes a todos e a todas.

Todos e todas vostedes saben que o Grupo Socialista ten sido tremendamente crítico durante o proceso de elaboración e posta en marcha da LOMCE, tanto no conxunto de España como aquí en Galicia. Entendíamos no seu momento e seguimos entendendo a día de hoxe que este país perdera unha nova oportunidade de dotar dunha vez por todas de estabilidade o sistema educativo español. E sorprende sobremaneira que o Grupo Popular, señor Fariñas, rexistrara o pasado día 4 de febreiro unha proposición non de lei no Congreso relativa á consecución dun pacto nacional en materia educativa. Digo que sorprende porque vostedes non o buscaron cando tiñan maioría absoluta e búscano curiosamente agora que están a punto de pasar á oposición. Francamente non teño palabras, pero, en todo caso, benvidos a esa responsabilidade que non tiveron nin buscaron cando tiñan vostedes borracheira de poder.

E si, a comunidade educativa leva demandando con gran insistencia ese pacto educativo, e co único desexo de evitar que as leis educativas sexan cambiadas automaticamente cada vez que se cambia un goberno. O Grupo Socialista considerou sempre que, a pesar do que se ten afirmado con moi pouco rigor, o noso sistema educativo mellorou nos últimos anos de maneira importante.

E ¿que dicir, señorías, do precipitado calendario de implantación da propia lei e dos novos currículos que foron impostos á comunidade educativa nos últimos meses? É necesario recoñecer que o Goberno do Partido Popular se empeñou a fondo para poñer en marcha esta nova lei educativa que case ninguén quería, e para tentar deixala atada e ben atada. Pero olvidaron un pequeno detalle, olvidaron nada máis e nada menos que había penden-tes unhas eleccións xerais, e as cousas non saíron como vostedes esperaban.

O Grupo Socialista advertiu neste Parlamento en moitas ocasións que isto podería pasar e que teríamos memoria. Dixemos tamén que tanto o Goberno galego como o Goberno do Estado tiveron demasiada prèsa por implantar a LOMCE porque sabían que era unha lei con clara data de caducidade.

Quero lembrarllles, señorías, que eu lle pedín a Román Rodríguez neste mesmo Parlamento que se dirixira ao Goberno de España para que pactaran cos novos gobernos autonómicos saídos das eleccións autonómicas a ralentización do calendario de implantación da LOMCE, pero non quixeron facernos caso, a pesar de que estaban pedindo iso doce das dezasete comunidades autónomas. Dixéralles tamén que as eleccións xerais ían mudar moi probablemente o mapa político deste país, e díxenlles tamén que, chegado ese momento, os socialistas teríamos memoria e abordaríamos a elaboración dunha nova lei educativa con amplo consenso social e político e con capacidade real de durar no tempo. Dixemos que, chegado ese momento, iniciariamos o camiño para alcanzar en oito anos o investimento educativo do 7 % do PIB; que empezariamos a recuperar as enormes cantidades de recursos perdidos na educación, e, en concreto, nas plantillas docentes; que empezariamos a repoñer progresivamente as condicións laborais e profesionais arrebatadas aos nosos docentes e as cantidades dedicadas ás becas dos nosos estudantes.

Eu sempre sostiven, e sosteño tamén hoxe, que en educación non hai receitas máxicas. En educación existe o traballo constante e sostido no tempo. A educación necesita estabilidade, claro que si, necesita recursos tamén, pero por riba de todo necesita coidar e respectar o profesorado, pois sen el non hai reforma milagreira que mellore o sistema educativo.

Quero rematar, señorías, afirmando que a LOMCE supuxo un ataque directo na liña de flotación da escola pública deste país. Para os socialistas esa foi claramente unha liña vermella que o Partido Popular traspasou sen complexos, e teñen que saber que o Partido Socialista terá memoria e actuará en consecuencia se Pedro Sánchez é investido como novo presidente do Goberno de España nas próximas semanas.

Niso estamos traballando xa, señor Pombo, e podo dicir-lle que mantivemos xa reunións a finais de xaneiro con diferentes sectores da comunidade educativa deste país para cumprir o compromiso adquirido polo Partido Socialista de, primeiro, paralizar e derrogar a LOMCE e, posteriormente, para poñernos a traballar e conseguir un marco normativo estable e con capacidade de durar no tempo, única maneira, ao noso entender, de lograr en serio a mellora de calquera sistema educativo.

E quero dicirlles tamén que o Grupo Socialista rexistrou xa unha proposición non de lei no Congreso dos Deputados nese senso, sendo, por certo, unha das nosas primeiras medidas para a nova lexislatura.

E remato xa, señor Pombo, dicindo que a nosa vontade de paralizar e derrogar a LOMCE segue estando en pé. Trátase agora de buscar a maneira de facelo o máis pronto posible e con todas as garantías xurídicas. E para iso necesitamos tamén, todo hai que dicilo, a complicidade, o voto, de polo menos 176 deputadas e deputados no Congreso dos Deputados. Imos traballar por iso, e tentaremos conseguir paralizar e derrogar a LOMCE e elaborar, iso si, unha nova lei que teña capacidade de durar no tempo, porque creo que é esta a única maneira de conseguir que a educación mellore e que esta cuestión sexa de futuro. Polo tanto, terá vostede no día de hoxe ese apoio.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Docasar.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Fariñas.

Os señor FARIÑAS SOBRINO: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, bueno, debe ser que desde que algúns ulen poder resulta que xa empezan a cambiar os discursos e empezan a verse cousas positivas, do que nos alegramos. Se noutras ocasións xa se empezou a falar ben da formación profesional e dos bos resultados que tiña, hoxe tamén toca recoñecer que funcionaba ben o sistema educativo, e incluso hai algunha novidade estilística: por primeira vez nesta Cámara escoitamos o señor Pombo falar de probas de avaliación e non de reválidas. Algo avanzamos xa, debe ser a proximidade das negociacións do novo goberno e a previsión de que poidan vostedes cambiar a LOMCE.

Pero bueno, temo, señor Pombo, que vai ter vostede que recorrer ao que lle impediu estar en Madrid, ás mareas, e probablemente iso dependa xa do señor Sánchez e ao mellor do señor Monedero. Lamentablemente, digo, porque sinto persoalmente que o BNG non teña representación en Madrid.

Señora Iglesias, desde o odio e o resentimento non se constrúe nada, tan só máis odio e máis resentimento. A súa

intervención non me gustou, pero non polo que dixo vostede, senón por como o dixo e a qué aludiu na súa intervención.

E respecto da democracia que vostede atribuíu ao Partido Popular, bueno, é unha parte desa democracia, esa democracia é a que permite que unha anormalidade como a do seu grupo e as tres representantes que ten se converta nun dereito nunha Cámara democrática. Esas son as vantaxes que ten a oposición. *(Aplausos.)*

Señoría, señor Vázquez, non nos atribúa unha soidade así, dito desa forma. Moitas veces vale máis só que mal acompañado, non esqueza iso. E a Cámara vai seguir funcionando e teremos tempo noutras ocasións de falar diso.

E Galicia –non esqueza que estamos nunha Cámara lexislativa– claro que cumpre as leis. Cumpriu as leis educativas do Partido Socialista, todas, tanto a LOXSE como a LOE, e segue cumprindo a LOMCE. E non teña vostede dúbida ningunha de que, se hai un cambio de goberno e se derroga a LOMCE, cumprimos tamén o que saía do novo goberno que haxa en Madrid, cumprimos a lei, como non pode ser doutro xeito.

Por outra banda, sigan vostedes na súa cruzada para derrogar a LOMCE, teñen dereito a facelo. Pero lembren unha cousa: non teñen ningún criterio científico, só discurso e posicións automáticas, saen vostedes aquí cun argumentario que se repite e que lles vale exactamente igual para falar da calidade do sistema educativo ou para a supresión dun paso a nivel. A culpa é do PP, sempre é do PP, e entón todo o que faga o PP hai que derrogalo por principio. Pois bueno, sigan, pero lembren que non teñen nin un só indicador educativo, nin un só indicador educativo, que acompañe a súa ansia por derrogar a LOMCE.

En Galicia, de todos os xeitos, contamos cun modelo propio, desenvolvemos un modelo propio, e un modelo que está dando resultados, resultados distintos, cumprindo a LOMCE, a LOE ou a LOXSE, aos doutras comunidades nas que os resultados seguen a ser malos tanto coa LOXSE, coa LOE como coa LOMCE, e probablemente coa que veña despois seguirán sendo malos.

En calquera caso, nós temos un compromiso firme, firme coa calidade do sistema educativo, firme con Galicia, firme

cos galegos, firme con toda a comunidade educativa, porque contamos con ese modelo de especificidade propia no que recoñecemos a realidade social de Galicia, no que recoñecemos a historia, a cultura e a lingua de Galicia, e por iso recibimos o apoio maioritario do pobo de Galicia. Un modelo que funciona e que garda unha alta fidelidade á historia, á cultura, á idiosincrasia, á forma de ser, á forma de ser dun pobo que quere ser comprendido, que non quere ser atacado, nin sequera desde esta tribuna. Estase a facer ben e iso non lles gusta, pero eu lamento moito que non lles guste.

Cumprimos a lei e non esquezan que non queremos volver –estaremos atentos– a ese igualar por abaixo que fixeron vostedes, que botou á calle a 150.000 galegos sen rematar os estudos que non tiñan ningún título nin posibilidade de volver ter ningunha capacitación, nin sequera profesional. Para iso naceu a FP, da que xa se falou ben nesta Cámara. Xa empezamos a recoñecer que estamos a garantir a igualdade de oportunidades, a igualdade de oportunidades que se garante proporcionando as mesmas oportunidades a todos para que logo cada un desenvolva as que crea convenientes, pero non...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor FARIÑAS SOBRINO: ...lastrándollelas con ese 30 % de fracaso e abandono escolar que deixaron vostedes, que produciu eses máis de 150.000 galegos e galegas que quedaron literalmente tirados na calle polo anterior sistema educativo.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor FARIÑAS SOBRINO: Pero entón non facían manifestacións, nin sequera preguntas ao presidente nesta Cámara, que lembremos que o Goberno facía preguntas tamén aquí nesta Cámara ao seu propio presidente. Daquela non había nin manifestacións...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fariñas.

O señor FARIÑAS SOBRINO: ...nin se manipulaban as ANPA.

Nós seguiremos coa nosa cruzada, señor presidente, para mellorar o sistema educativo de Galicia e as oportunidades dos galegos coa lei que sexa.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fariñas.

Grupo autor da proposición non de lei.

Señor Pombo.

O señor POMBO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Dou as grazas, polo apoio, ao Grupo Mixto, á Alternativa Galega de Esquerda e ao Partido Socialista, polo apoio para paralizar e derrogar a LOMCE máis contestada na historia educativa do noso país, a máis nociva para o ensino público galego e a máis privatizadora, que pretende converter a educación nun negocio. Lamento a actitude do Grupo Popular, que prima a ideoloxía neoliberal por riba dos intereses educativos. Segue cos cinco magníficos, que son Galicia, Rioja, Castela-León, Madrid e Murcia, os únicos que seguen a defender unha lei morta. O resto de todas as comunidades, tres de cada catro alumnos de todo o Estado, a maioría das forzas políticas do Congreso, a maioría da comunidade educativa do noso país, queren rematar coa LOMCE para dar paso a unha nova lei educativa, estábel, sostíbel, que conte coa comunidade educativa –cousa que esta non fixo–, que conte coas maiorías, que conte coas comunidades autónomas e que recoñeza a realidade cultural histórica e educativa do noso país, e a nivel de Estado, a plurinacionalidade, para dar paso a unha nova lei que prime a calidade da defensa do ensino público.

O Grupo Popular vai votar en contra. O BNG entende que hai que tomar medidas urxentes para paralizar e solicitar a derogación desta lei, que se poden tomar no ámbito do calendario de aplicación e no ámbito do articulado das probas, señor Fariña, de avaliación e de reválida, porque para ter o título da ESO hai que ter unha proba que revalida este título, en cuarto, e en segundo de BAC hai que ter outra. Polo tanto, nós somos da opinión de eliminalas; é posíbel, e demostrano comunidades que así o fan.

Quero lamentar, desde logo, que o Grupo Popular aposte pola ideoloxía neoliberal por riba dunha aposta pola calidade do ensino público, lamentar o que está a facer o Grupo Popular e convocar á comunidade educativa do noso país a defender o ensino público.

Nós, dende logo, o Grupo Parlamentar do Bloque, seguiremos a apoiar as medidas que propoña a comunidade educativa fóra deste Parlamento para loitar contra os efectos negativos da LOMCE, que neste curso máis de 20.000 alumnos do noso país van verse na tesitura que se viron no curso pasado de boicotear unha proba que non aporta nada, que non aporta nada positivo para o país.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pombo.

Votación das proposicións non de lei

O señor PRESIDENTE: Pasamos á votación das proposicións non de lei.

Votamos a primeira proposición non de lei. Non foron aceptadas as emendas presentadas, e, polo tanto, votamos.

Votación da Proposición non de lei do G.P. Popular, por iniciativa de D. Miguel Ángel Santalices Vieira e sete deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa adherencia ao tratamento farmacolóxico en Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 40; votos en contra, 32.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos a continuación a proposición non de lei do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e á Unión Europea en relación coa práctica de dumping, ou competencia desleal, no transporte de mercadorías por estrada.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos a continuación a proposición non de lei do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, en relación co Real decreto 900/2015, do 9 de outubro, polo que se regula o autoconsumo de enerxía eléctrica.

Non se presentaron emendas.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co Real decreto 900/2015, do 9 de outubro, polo que se regula o autoconsumo de enerxía eléctrica

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a seguinte proposición non de lei. Non foron aceptadas as emendas presentadas; polo tanto, votamos.

Votación da Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Cristina Isabel Romero Fernández e sete deputados/as máis, sobre a posta en marcha polo Goberno galego dun programa de mercados no Camiño de Santiago.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 40; votos en contra, 31; abstención, 1.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos a continuación a proposición non de lei do Grupo Parlamentario Socialista. Xa manifestou a ponente que aceptaba a emenda do Grupo Parlamentario Mixto.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Soledad Soneira Tajés e dous deputados/as máis, sobre a presentación polo Goberno galego no Parlamento de Galicia dun paquete de medidas para corrixir a situación demográfica de Galicia e facilitarlle á mocidade galega o acceso ao traballo na súa terra.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos a Proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre o Anteproxecto de lei de acuicultura de Galicia.

Non se presentaron emendas.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Daniel Rodas Chapela, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa redacción que presenta o Anteproxecto de lei de acuicultura de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos a proposición non de lei do Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, sobre a modificación da normativa necesaria para permitir a compatibilidade da percepción de pensións coas derivadas dos dereitos de autor.

Hai unha transacción, creo. Se quere lerma o señor Méndez Romeu...

O señor MÉNDEZ ROMEU: Si.

O texto transaccionado di o seguinte: “O Parlamento insta a Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España:

1) a modificación da normativa necesaria para permitir a compatibilidade da percepción das pensións coas derivadas dos dereitos de autor.

2) a abordar coas organizacións representativas do sector e coas entidades de xestión dos dereitos de autor un estatuto do creador/creadora que contemple os diferentes tipos de situacións profesionais e os correspondentes mecanismos de protección social como salvagarda dos dereitos dos creadores.”

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Méndez Romeu.

Se nos fai chegar iso aos servizos da Cámara... Grazas.

Votamos, polo tanto, a transacción que acaba de ser lida.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G.P dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. José Luis Méndez Romeu e dous deputados/as máis, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da realización das modificacións normativas necesarias para permitir a compatibilidade da percepción das pensións coas derivadas dos dereitos de autor.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 72.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Non se presentaron emendas.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G.P do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Cosme Eladio Pombo Rodríguez e seis deputados/as máis, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa aplicación en Galicia da Lei orgánica para a mellora da calidade educativa e a demanda que debe realizar ao Goberno central ao respecto.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

Declaración institucional

O señor PRESIDENTE: Antes de pasar ás interpelacións, os grupos fanme chegar unha declaración institucional que teño a ben ler.

“O Parlamento de Galicia acorda manifestar o seu apoio aos oito sindicalistas de Airbus, na confianza da súa honradez e no recoñecemento do seu longo labor durante anos, que reportou beneficios á empresa e ao conxunto de traballadores e traballadoras, comprometéndose a utilizar todos os medios ao noso alcance para defender o dereito á folga e os demais dereitos de traballadores e traballadoras e a liberdade de expresión da cidadanía.”

Moitas grazas.

Pasamos, polo tanto, a debater, tal como se anunciou no cambio da orde do día, a seguinte interpelación.

Interpelación de D. Juan Manuel Fajardo Recouso, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre o impacto do Anteproxecto de lei de acuicultura de Galicia

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra o señor Fajardo.

O señor FAJARDO RECOUSO: Boa tarde de novo a todos e a todas.

Quero agradecer á Mesa que aceptase a solicitude de cambiar a orde do día para que esta interpelación se substanciase neste momento e, polo tanto, puideran estar presentes os membros do sector do mar que nos acompañan. Pero ata aquí os agradecementos. A partir de agora temos que ser contundentes, e a primeira cuestión que temos que plantexar é que o Partido Popular acaba de votar en contra da retirada dunha lei que recoñecen que non vale. Polo tanto, eu pídolles que asuman que son unha fraude e unha farsa para o sector do mar.

E, polo tanto, unha conselleira que leva oito anos comprometida cunha lei que é rexeitada de facto polo conxunto do sector do mar do país, por moitos concellos da costa, por todos os grupos da oposición e por unha parte moi importante do Partido Popular ten que deixar o seu cargo e abandonar a Consellería do Mar deste país, porque non é recoñecida pola maioría do sector. Polo tanto, hoxe pídolle solemnemente que abandone o seu cargo. E pídollo, ademais, porque vostedes teñen comprometido o apoio a unha norma, e o único argumento que plantexan para esta situación de gañar tempo agora é o que hoxe puxo encima da mesa o señor Balseiro, o grande argumento para o conxunto do sector do mar: “tontos somos, pero dos coches sabemos apartar.” É unha reedición daquel “botáronme *drogha* no Colacao; non sabía o que estaba facendo”. É un absurdo que obriga a que dimitan os dous irresponsables desta norma, e non ten ningún sentido que continúen defendendo o que non hai argumentos para defender.

Polo tanto, eu espero que, por sanidade democrática e por criterios de xustiza, dunha vez por todas se entenda que non estamos ante un erro histórico da Xunta de Galicia, estamos ante unha decisión de acabar cos nosos sectores produtivos e, polo tanto, de acabar cunha forma de explotar o mar, que leva moitos anos xerando riqueza no país, e a Consellería quere acabar con ela.

Terá que explicar hoxe aquí nesta Cámara qué intereses defende, se os da maioría social ou se defende os intereses de catro multinacionais que queren facer negocio co noso país, coas nosas rías e coa cantidade importante de centos de millóns de euros que van chegar da Unión Europea. Polo tanto, vostede hoxe ten a oportunidade: ou se colocan as multinacionais ou se coloca o sector marisqueiro e do noso mar.

E non lles tome o pelo, non os engane, porque é vergonzante a intervención que tivo o Partido Popular hai pouco tempo nesta mesma tribuna dicindo que falaba en nome do sector; un sector que non quere reunirse con vostede, que non a recoñece como interlocutora e que lle está plantexando dunha forma clara que retire a norma e a partir de aí empezamos a falar, de cero. E vostedes non queren escoitar ese sector.

Gustárame que definise vostede a que se refire cando fala de consenso. ¿A que consenso se refire?, ¿ao mesmo consenso do cerco? ¿Refírese ao consenso de buscar catro estómagos agradecidos que o faculten para firmar o que é inaceptable? ¿Ese é o consenso que vostede pretende? ¿Ou pretende o consenso do conxunto do sector levantado contra unha norma que saben que é a reconversión do mar e que, polo tanto, acaba con ese sector?

E non lle vou consentir que siga enganando a cidadanía. O primeiro engano: o outro día vostede tiña o descaro de dicir nun medio de comunicación que isto xa se debaterá coas mariscadoras nun encontro de mariscadoras, e era falso. ¿Era falso! É tanto así que nese encontro de mariscadoras a nota de prensa que vostede fixo –que vostede fixo, que non fixeron as mariscadoras– dicía que ían tratar dos temas de igualdade, da clasificación das zonas acuícolas, da protección da calidade da auga e o réxime especial das traballadoras do mar; en ningún caso da acuicultura. ¿Por que enganan a xente? ¿Por que queren enganar? Igual que cando enganan dicindo que a nosa organización defende o que vostedes defenden agora. E mente porque, cando se len as cousas, hai que lelas. E voullo ler porque, polo menos, para algo serviron as alegacións, que vostedes leran as alegacións que fixemos ao Plan de desenvolvemento do litoral e da acuicultura de Galicia.

E nós dicíamos: “(...) exige definir un modelo de produción acuícola claro que aposte pola sustentabilidade, basea-

do en especies herbívoras, moluscos e algas, cun enfoque integrado multitrófico...”. En ningún caso peixes, como vostede me acusou aquí. Dixo que eu quería introducir o cultivo do panga en Galicia. Vostede engana o sector, mente, terxiversa a documentación e ademais é capaz de tratar de defender o que é indefendible. Eu pídolle que hoxe me explique se algunha das cousas que eu vou dicir aquí é mentira, con argumentos, con decretos, con leis; con algún argumento que vaia máis alá dese “dos coches sabémonos apartar”.

A primeira cuestión, a ocupación do mar. Claro que vostedes non van empezar a venderlles ás multinacionais as bateas, claro que non, pero van ocupar o mar, van arrinconar o sector bateeiro e van obrigalo a que sexa un sector que ao único que pode dedicarse é a vender o seu molusco para a alimentación das piscifactorías ou para depurar aquelas cousas que destrocen as piscifactorías. Cando falamos de ocupación, debería explicarme como é posible que vostedes decidiran en Europa trasladarlle que se podía facer mediante o método da subasta a outorgación das concesións; ou como é posible que con este modelo, onde no articulado se di claramente que terán en conta a normativa nacional, aquelas que consigan a utilización marisqueira non terán que pagar canon por esa explotación, polos metros cadrados da explotación. Dígame se terán que pagar ou non, e, se o teñen que pagar, dígame canto vai ser o canon que teñen que soportar as confrarías ou as agrupacións de mariscadoras.

Dígame tamén se non é menos certo que vostedes xa plantexaron un elemento clave: por se acaso se nos coa e outorgamos esa ocupación ás mariscadoras ou ás confrarías, tamén imos facer o posible para que poidamos intervir e disolver esas agrupacións. E, como xa lle dixen antes, chégano a poñer no cronograma de actuacións despois de aprobar a lei: “reforma da Lei de confrarías” e “reforma das funcións das agrupacións de mariscadoras”. ¿Que é o que pretendían con isto?, ¿garantir que, se co plan A non funciona, polo plan B, botar fóra as nosas mariscadoras e as nosas confrarías das rías? Explíqueme se neste proceso de ocupación do mar non teñen determinado na lei que vai ser prioritaria a acuicultura e que, polo tanto, haberá zonas de exclusión. ¿Que significa zonas de exclusión? Que alí onde haxa unha plantación acuícola haberá unha zona de exclusión que abrangue moitísimos metros cadrados e que, polo tanto, alí non se poderá facer ningún tipo de actividade.

Explíqueme como é posible que a lei determine a eliminación dos criterios medioambientais previos para outorgar esa concesión. ¿Como é posible que se eliminen os criterios medioambientais previos ante unha ocupación que significa contaminación, que significa espolio e que significa deixar ermo o noso mar e que moi posiblemente non creza nada alí onde haxa un tipo destas explotacións?

¿Vostedes fixeron algún estudo de como pode intervir no conxunto dos ecosistemas mariños deste país a introdución de especies exógenas —e non estamos falando da xapónica, que é o que vostede di sempre—, que, se son de multinacionais norteamericanas, poden ser tamén tratadas xeneticamente? Esa é a realidade: salmóns tratados xeneticamente nas nosas rías fugándose das piscifactorías e competindo coas nosas especies.

Explíqueme como é posible que vostedes plantexen que debe de fomentarse a acuicultura de peixes carnívoros, que é unha aberración en termos de mantemento ecolóxico e incluso enerxético. Para alimentar un peixe carnívoro fan falta catro dos outros. ¡Unha barbaridade! Nós necesitamos ter en conta que a piscifactoría e o mar son para darlle de comer á xente; é, polo tanto, a privatización do mar, a expropiación do noso mar.

Explíqueme como vai explicarlle vostede ao conxunto de concellos litorais deste país que por esta norma vai ser posible que se instale en calquera lugar do país, simplemente cun informe sectorial da Consellería, unha plantación destas características, que terá, ademais, consideración de supramunicipal e, polo tanto, o propio concello non poderá dicir se quere ou non quere que iso se faga. E explíqueme como, ademais, a determinación de carácter estratéxico e social destas plantacións pode implicar a expropiación de titulares privados para que se instalen. Explíqueme tamén se iso é ou non é verdade.

E explíqueme como, se xa lle parecía pouco o ataque ás nosas mariscadoras nesta lei, se contemplou un novo proceso para expulsalas dos seus entornos. E un proceso, que é o carácter sancionador. Se unha mariscadora ten ameixas sen talla hoxe pode ter unha sanción de 120 a 300 euros; coa nova norma, como mínimo, 3.000 euros. ¿Sabe canto gana de media unha mariscadora neste país? Non gana 3.000 euros. Para unha soa sanción non lle dará todo o que gana nun ano, para pagar esa única sanción.

Polo tanto, vostedes deberán, dunha vez por todas, retirar a norma, retirarse da Consellería e deixar campo aberto a aqueles que cren no noso sector do mar, a aqueles que non atacan o cerco, a aqueles que non atacan a nosa pesca tradicional, a aqueles que entenden que se pode dar máis e mellor traballo na nosa costa. Cando vostede chegou, ¿recorda a promesa que fixo de postos de traballo no marisqueo? ¿Onde están os 10.000 postos de traballo aos que se comprometeu? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Ah!, ¿non? ¿Cantos dixo?, ¿5.500? ¿Onde están os postos de traballo? ¿Onde están as súas promesas e os seus compromisos? Nós imos tratar de explicarlle á cidadanía que non se pode consentir que se acabe cun modelo de explotación racional, que ademais dá moitos postos de traballo.

¿Como é posible que vostede malvenda o noso sector do mar ás multinacionais?, que, ademais, despois non van gastar os seus beneficios aquí, senón que os van levar fóra; e, polo tanto, tamén están condenando á ruína non só ás mariscadoras, non só aos pescadores, non só ao sector do mexillón deste país, senón tamén á industria deses pobos, ao comercio deses pobos, á hostalería deses pobos. E explíqueme como imos competir con ese chamado turismo de calidade cando non poidamos producir para a nosa gastronomía produtos de calidade do noso mar porque están saqueados polas multinacionais e cheos de fármacos procedentes destas instalacións.

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

O señor FAJARDO RECOUSO: Estamos ante a bomba perfecta de destrución do noso mar, e vostedes sigan defendendo e dicindo que dos coches saben apartarse. Apártense da Consellería, deixen a Consellería, abandonen o proxecto e comece desde cero cun novo modelo.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fajardo.

Ten a palabra agora a conselleira do Mar.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo):
Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Señor Fajardo, como vostede ben di, hai quince días respondíalle nesta Cámara a unha pregunta semellante na que tamén me preguntaba se estabamos dispostos a tomar unha decisión que xa está tomada e que mesmo vostede puido coñecer en directo e de primeira man.

Sinceramente, non me doen prendas en dicir que quizais nos equivocamos no proceso de información deste borrador de lei, que o corriximos para levar o aval do propio sector, a quen vai dirixida esa lei, e que o seguimos considerando como unha ferramenta para encher moitos ocos legais que poden dar ao traste co futuro da nosa actividade acuícola.

O que si me doe de verdade é que vostede, que é representante duns votantes moi respectables, non ofrezca a información correcta e verídica e que esqueza o rigor e a concreción nesa mensaxe. Porque aludo ao que vostede expresa nesta iniciativa de hai un mes e ao que mesmo hoxe veu dicir aquí, e, despois de terlle ofrecido información adicional, volve incorrer en faltas á verdade, e, dígollo de corazón, non é ese o mellor camiño. Sorpréndeme que vostede non teña preguntado por moitos aspectos desta lei polos que puidera ter dúbidas ou inqedanzas e si polo camiño político da mesma; permítame dicirlle que eu prefiro xustamente o contrario, antepoñer o sector á propia política.

Por iso, no ánimo de clarificar varias cuestións que vostede afirma sen ruborizarse, creo que debemos poñer primeiro varias cuestións enriba da mesa para intentar clarificalas, e fágoo polo seu ben. Digo isto porque se todo o que transmite nesas xuntanzas informativas é así, vostede está mentindo mesmo no título destas xornadas, porque, en lugar diso, debería de chamarlle “xuntanzas desinformativas”.

Comézolle pola exposición de motivos e fágolle saber que, primeiro, esta lei non incorpora o carácter supramunicipal dos plans e das expropiacións dos terreos porque vostede saberá —aínda levando pouco tempo en cuestións acuícolas— que ambas cuestións se levaron a cabo xa con anterioridade e mesmo en tempos do Bipartito. Pero o que vostede obvia é dicir que precisamente coa planificación acuícola que estamos a promover, neste caso o Plan director de acuicultura litoral permite aos concellos dispor de máis capacidade de decisión e definir as zonas onde se poderá facer a acuicultura.

Segundo. Esta lei non incorpora nada novo no que se refire ao uso privativo do dominio público. Non creo que vostede estea en contra da obxectividade, da publicidade, da transparencia e da libre concorrência en calquera proceso público. É máis, no relativo á experiencia, capacidade económica e rendemento, creo que non hai ninguén máis capacitado que os nosos bateiros e as nosas mariscadoras. E, como proba disto, están as máis de 500 bateas e os 300 parques de cultivo que entre os anos 2011 e 2015 se venderon en Galicia e que seguiron en mans do sector. Pero o que vostede obvia é que establecemos un período mínimo de desenvolvemento da actividade de dez anos dende o cambio de acceso á titularidade para evitar especulacións e malas praxes neste sentido.

Terceiro. Esta lei non incorpora a poxa como método de acceso ao uso privativo do dominio público; non é certo e nada cambia. Como vostede ben debера saber, non se introduce ningunha figura de uso privativo do dominio público que non recolla xa o ordenamento xurídico español. E se xa vostede fala dun ditame do Comité das Rexións entendendo que este pode cambiar o marco competencial, apaga e vámonos. Do mesmo xeito, a práctica pesqueira, a práctica marisqueira e a práctica acuícola sempre estiveron condicionadas á obtención dunha autorización ou dunha concesión do uso do dominio público. No mar non pode realizar a actividade calquera nin en calquera punto; iso si, sempre é necesaria unha figura administrativa.

Pero o que vostede obvia é que este ditame ao que se refire, aprobado por unanimidade por un foro con gobernos de todas as cores e que agrupa no seu contido os espazos rexionais europeos, recolle diferentes fórmulas que teñen vixencia neses espazos. Non se refería só a Galicia e non todo é aplicable en Galicia; non verá nesta lei, por moito que busque, nin poxa nin subasta para o acceso ao dominio público.

Cuarto. Esta lei non contempla retirar as axudas ás mariscadoras; estiveron accedendo a proxectos colectivos e a outros apoios para a xestión e a mellora. Agora si, con este novo Fondo Europeo Marítimo da Pesca e accedendo ao status de acuiculturas poderían ter acceso a outras axudas complementarias das que viñeron recibindo. Simplemente lle vou pedir que lea o artigo 54. Non lea toda a lei se non quere, pero polo menos lea ese artigo, que é o que prevé a posibilidade

de converter o marisqueo en acuicultura dunha forma voluntaria e que manteña a estrutura colectiva da actividade. É máis, non sabemos por que vostede quere impedir que as mariscadoras accedan ás axudas por paros por toxinas, como fixeron os bateiros, ou ás axudas para subscribir seguros que palién as mortalidades por riadas; dígalles a elas por que.

Quinto. Esta lei non promove que se ocupen grandes espazos de terra ou mar para sacarllelos ás actividades tradicionais, nada máis lonxe da realidade. Vostede afirmao gratuitamente sen pensar en se a piscifactoría de Lira, a maior de Europa en cultivo de rodaballo, lles quitou de pescar ás embarcacións que traballan na reserva mariña dos Miñarzos. Cando teña a resposta, dígama, por favor.

Sexto. Esta lei non impón unha acuicultura multitrófica, como pedía vostede por escrito hai dous anos, nin moito menos. Vostede afirma gratuitamente que esta lei fai tal cousa coa mesma tranquilidade e falta de rigor coa que critica as especies piscícolas carnívoras, coma se fosen dragóns do mar ou fôsemos cultivar pirañas do Amazonas. Digo isto porque vostede fala alegremente sen saber que a totalidade das especies de peixes existentes na costa galega son carnívoras ou omnívoras, e, iso si, pretende coarnos aquí a defensa das especies herbívoras. E, mire, voulle ler —porque as cousas que vostede escribe as ten que ler ben— o que vostede escribe, e di: “Definir un plan director da acuicultura litoral exige definir un modelo de produción acuícola claro que aposte pola sustentabilidade, baseado en especies herbívoras, moluscos e algas, cun enfoque integrado multitrófico e co etiquetado e estritas medidas de control ambiental”. Dígoo por se non sabe ler ben o que escribiu hai dous anos. Pretende coarnos aquí a defensa de especies herbívoras a martelo. E vostede debe dicirlle ao sector que esas especies que vostede pretende cultivar son a carpa, a tilapia ou o panga, alleas a estas augas; ao contrario que o rodaballo, o linguado ou a troita.

Amais, vostede obvia e fálanos de medidas pouco eficaces de depuración sen nin sequera saber o que di a normativa europea, estatal e autonómica sobre esta materia e como se está a aplicar aquí en Galicia, e, se visitara algunha piscifactoría, podería ver o rigor co que se aplica.

Sétimo. Acerca das sancións, só lle vou facer unha reflexión a vostede para que fale con máis acerto das elevadísimas contías e de expulsión de actividades tradicionais. Diri-

xo a mesma ao bo entendemento do sector. ¿Canto vale o prestixio e a garantía da produción galega de mexillón se se atopa cun desalmado que faga as cousas mal cando se pecha un polígono? ¿Debemos disuadilo? ¿Atópase ese valor entre 30.000 e 600.000 euros? ¿Canto vale a produción marisqueira dunhas rías se nos atopamos cun inconsciente que faga unha inmersión de moluscos con algunha patoloxía? ¿Debemos disuadilo? ¿Atópase ese valor entre 3.000 e 30.000 euros?

Logo destas cuestións ás que vostede facía referencia, creo que podo abordar a súa pregunta, xa reiterada, e xa coñecedora da resposta sobre a cal o motivo polo que a Consellería non escoita o berro unánime do sector do mar galego e retira de inmediato o Anteproxecto de lei da acuicultura. Creo que vostede non escoitou a resposta do presidente hai quince días nin a miña dese mesmo día pola tarde.

Existe o firme compromiso do Goberno de Galicia de que non se aprobará ningunha lei de acuicultura sen ter o respaldo do sector, e de que namentres os profesionais non vexan que a norma nace precisamente para apoialos esta lei non verá a luz. Estamos falando coa xente. Non sei cal é o motivo que nos leva a pedir a retirada deste texto, que impediría sentar e plasmar o diálogo e o consenso que pedía unha parte do sector. Este borrador está parado, tal e como nos pediron moitos dos que agora piden retiralo. Hai que dicir que este é un borrador de anteproxecto, do que nin sequera se ten producido a aprobación inicial por parte do Consello da Xunta para recadar os informes pertinentes. É, por tanto, un mero borrador que non se pode retirar porque en ningún trámite lexislativo está, e onde todo o seu contido –xa o dixeran por activa e por pasiva– é susceptible de cambio, sen liñas vermellas.

Pero eu só pido unha cousa: que non se trate de enganar o sector, e que aqueles que din que a lei non é o problema, senón o que oculta detrás, atendan as palabras daqueles que din que as protestas non son o problema, senón o que se oculta detrás delas. Non quero que se repita na acuicultura o que pasou coa declaración da produción láctea dos nosos gandeiros e coa instauración dunha cota...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Non quero que se repita o que lles pasou a algunhas mariscadoras,

que escoitaron os cantos de serea que lles dicían que non cotizaran e chegaron aos 65 anos sen pensión. Non quero que se repita a negativa a unha autoestrada que pasou de ser unha navallada a Galicia a ser unha arteria fundamental desta terra e para a que piden que se asuma a súa competencia.

Digo isto porque eu quero mirarlles aos ollos aos mariñeiros...,

O señor PRESIDENTE: Remate, remate. Remate, por favor.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): ...ás mariscadoras e aos bateiros. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Fágoo agora e sei que poderei facelo no futuro. Outros non sei o que poderán facer porque xa agora non teñen o aval do traballo...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): ...en defensa deste sector.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira.

Réplica, señor Fajardo.

O señor FAJARDO RECOUSO: Boas de novo.

A verdade é que a continuidade de embustes da conselleira, sen asumir a realidade da súa lei, preocupa moito máis que cando empezamos esta sesión.

Vostede rematou dicindo que a paralización tiña que ver cunha paralización namentres o sector non vexa que a norma é positiva para o sector. Polo tanto, vostede non está planteando renegociar a norma co sector, que di que non a quere, senón tratar de convencelos de que isto é o que teñen que aceptar, queiran ou non. E chega para esa reflexión a falar de que isto é como cando se rexeitaba a AP-9; mezclamos churras con merinas porque sabe que non ten defensa.

Voulle explicar algunha cuestión que me parece grave que vostede plantexa. Vostede non pode como máxima res-

ponsable do mar de Galicia enganar as mariscadoras deste país. Mire, nos fondos europeos da pesca, queda moi claro que se poden utilizar eses fondos como xa está agora o marisqueo e subvencionar as paradas. Pono no seu artigo 8 e queda moi claro que serán os produtos da pesca e da acuicultura recollidos no anexo 1 do Tratado da Unión. E no anexo 1 do Tratado da Unión fálase de pescados, crustáceos e moluscos e di: "...aqueles métodos de acuicultura que sexan recoñecidos pola Unión Europea". ¡Que casualidade! Métodos de acuicultura que a Unión Europea recoñece, entre eles a cría de moluscos en batea ou tamén a cría de moluscos na praia. Ese é o documento que bota por terra todo o que vostede dixo. Non fai falta que as mariscadoras dean ese traslado para que poidan acollerse ás axudas do Fondo Europeo da Pesca. ¡Ah! Pero esa é a vía pola que vostede despois pode entrar nesa igualdade que di de publicidade, igualdade e capacidade e mérito para outorgar a concesión desas explotacións.

¿Pode competir unha agrupación de mariscadoras cunha multinacional en criterios económicos? Non ¿En tecnoloxía e en innovación? Non. Vostedes están tratando de enganar a cidadanía dunha forma absolutamente descarada. Non se pode tratar por igual cousas que non son iguais. Deberá explicar vostede por que foron a Portugal a iniciativa da Xunta de Galicia a dicirlle a Europa que lexisle, que prefiren que lexisle Europa e que opte pola subasta. Iso está nos documentos; iso está nos documentos que o señor Maneiro levou a Europa para que fagan. ¿Cal é o criterio? O que eu non me atrevo a facer, que o faga Europa, porque en Europa é moito máis difícil protestar, e despois digo: "Vén de Europa". Non mezcle unha cousa coa outra.

Non me fale da protección que ten que ver cos criterios medioambientais das piscifactorías. ¿Vaime dicir como se vai controlar nunha lámina de auga, por exemplo, na ría de Arousa; unha piscifactoría en lámina de auga con especies exóticas e carnívoras sobre os seus insumos? ¿Como se vai facer? ¿Como se van controlar os escapes desas especies ao conxunto da ría? ¿Teñen algún tipo de control sobre ese tema? ¿Saben cal é a situación deste mesmo tipo de actuacións na costa chilena ou na costa norueguesa? Ese é o modelo que defendeu o señor Feijóo. O señor Feijóo dixo que para Galicia quería o modelo de Alasca e de Noruega; dous países, dúas costas que teñen o mesmo que ver con nós:

Noruega, miles de metros de profundidade, e as rías galegas son como son, non son Noruega.

Polo tanto, vostede trata de botar sobre os demais a culpa dunha iniciativa que vostedes tiñan plantexada e que vai en contra do conxunto do sector. Mire, cando me fale do Plan de desenvolvemento da acuicultura litoral de Galicia, diga a verdade. Ese plan dá vía libre. Di: O 100 % do territorio galego é susceptible de ter unha plantación. E para eliminar os criterios medioambientais, se hai protección nunha zona, bastará cun informe sectorial da Xunta de Galicia; de vostede, que tamén dará informe para que isto se actualice. Claro que non van vostedes dun día para outro coller e botar unha confraría do seu espazo, pero vano acabar facendo porque lle constrinxen o espazo, porque lle introducen competencias e porque, ademais, van facer un ermo do seu espazo natural, onde se reproducen os seus produtos, cando o que vostedes tiñan que facer é cumprir a normativa europea. E a normativa europea di que da conservación da calidade da auga é responsable a Xunta de Galicia e que, polo tanto, cando un bateiro non pode vender o seu produto porque a auga non ten os criterios oportunos de salubridade, ou cando unha mariscadora non pode vendelo polo mesmo, o responsable non é a mariscadora nin o bateiro, é a Xunta de Galicia, que é a responsable de manter a auga en condicións perfectas. E fronte a iso vostedes non fan nada.

Pídlle, polo tanto, que deixe de enganar e que asuma o que dixeron: retiren a norma, empecen de cero. ¿Como que xa está? Non empecen a molestar a cabeza. Non é o mesmo dicir que paralizamos para gañar tempo co único obxectivo de ante unha mobilización, un levantamento social, apagar a brasa, que saben que despois é moi difícil volvela acender. Vostedes queren aplacar un movemento para gañar tempo e aplicar o rodillo, porque detrás disto está o mesmo que xa intentou López Veiga, Galicia 2010. Non enganen a ninguén, este é o mesmo modelo...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor FAJARDO RECOUSO: ...e non van dar pasos atrás. ¿Por que? Porque lle dixen que vostede o defendese. ¿Cal é a súa defensa, as multinacionais ou as mariscadoras? Fíxenlle unha pregunta directa. ¿Canto lles vai custar ás agrupacións e ás confrarías manter estas concesións? Se me pode explicar estas cousas e non escapar pola AP-9, agradecería-

llo, porque se non está claro que vostede defende un modelo e nós defendemos outro...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor FAJARDO RECOUSO: ...vostede defende as multinacionais e nós defendemos a pesca e a acuicultura como as entendemos agora neste país, cos mexilloeiros e coas mariscadoras.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fajardo.

Turno de peche, señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Bos días.

A verdade é que isto é un pouco traxicómico, señor Fajardo. Vostede pedía que o señor Balseiro, portavoz de pesca do Grupo Popular, e eu abandonáramos as nosas responsabilidades por atacar o sector. A verdade é que que un deputado teña a pouca vergonza de mentirlle á xente como lle está mentindo non sei que é o que ten que facer, porque vostede aquí mezcla todo, mezcla o que pon o anteproxecto de lei co que pon o Plan director de acuicultura e co que pon a Estratexia galega de acuicultura, e sen ler ningún dos documentos, porque, se vostede le algún dos documentos, non sei de onde pode sacar todas estas cousas que veu hoxe dicir aquí. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A ver, ¿vostede é capaz de dicirme a min hoxe que, tal e como está o Fondo Europeo Marítimo da Pesca, as mariscadoras poden acollerse ao paro temporal da actividade? ¿É capaz de dicirme iso? ¿Vostede leu a definición do que é a pesca, do que é o marisqueo e do que é a acuicultura? ¿E vostede non se dá conta de que a pesca é aquela actividade que se realiza dende unha embarcación e que, polo tanto, os mariscadores a flote, como realizan a actividade dende unha embarcación, si se poden acoller ás axudas, pero as mariscadoras non, porque non é acuicultura nin é pesca? Vostede non entende que coa pesca tamén se poden extraer peixes, moluscos e crustáceos, claro que si, pero esa actividade non ten nada que ver coa acuicultura. Non engane a xente. ¿De onde estamos nós constringíndolles o espazo ás mariscado-

ras? Vaia falar con algunhas confrarías, coa da Coruña, por exemplo, ou coa Asociación de Mariscadoras do río Anllóns. Alí téñense caducado parques de cultivo a persoas particulares por incumprir as normas de concesión, e eses parques que lles caducaron aos particulares déronselles ás confrarías que se integraron no seu plan de explotación. Se iso é constringir, baixe Dios e o vexa.

¿Vaime dicir vostede que vai defender mellor as mariscadoras que a que lles está falando? Non o vou consentir. E co que estou dicindo non mentín nunca. Non dixen naquel momento que non íamos retirar a lei. ¿De onde vou retirar unha lei que non está posta en ningún sitio nada máis que arriba da mesa do debate, onde ten que estar, *(Aplausos.)* buscando a mellora desta lei? ¿Como me pode vostede dicir que estou intentando gañar tempo cando digo que non hai liñas vermellas, que todo se pode falar e que o que temos é que cubrir os ocos legais que a día de hoxe existen? Esta lei, este anteproxecto de lei, non cambia ningunha figura administrativa. O ordenamento xurídico español di que a explotación do dominio público se fará baixo dúas figuras: a concesión e a autorización. Non engane a xente co Ditame de acuicultura do Comité das Rexións, que llo encargaron facer a Galicia e que dende Galicia se fixo, pero hai que incorporar todas as figuras de xestión do dominio público que teñen todas as rexións da Unión Europea. Logo, cada rexión, dentro da Unión Europea, aplicará o seu ordenamento xurídico. En España non está contemplada nin a subasta nin a poxa, nin a encontrará en ningún dos puntos do artigo 10 do anteproxecto desta lei. Aquí fálase sempre de concesións e autorizacións.

Eu o que quero é restar arbitrariedade á persoa responsable á fronte da Consellería, sexa eu ou calquera outra; o que quero é restarlles arbitrariedade aos dirixentes dos representantes do sector; o que quero é que non se especule coa compra e venda das bateas. E por iso digo: ¿pódese facer un cambio de titularidade *inter vivos*? Si, pero quen a compre, como mínimo, manterase na actividade 10 anos para evitar que haxa un señor capitalista que estea comprando un día si e outro tamén unha batea e gañando cartos con vendela. *(Aplausos.)* ¿Iso é especulación? Non, señor.

Eu estou defendendo que se poida desenvolver unha acuicultura multitrófica. Non é obrigado nesta lei. Nesta lei contéplase, como se contempla no Plan director da acui-

cultura litoral e como se contempla na Estratexia galega de acuicultura. Contémplase a acuicultura multitrófica como unha posibilidade daqueles que a queiran desenvolver. Pero eu dígolle que os peixes carnívoros non son monstros de sete cabezas, é o rodaballo, é a lubina, é o muxo, é a sardiña, é a xarda... ¡Home, por favor!, non asustemos a xente. O único que se pretende é seguir defendendo o sector do mar, o sector bateiro, as mariscadoras, para que poidan ter mellor ordenada a súa actividade.

Nesa liña imos seguir sempre traballando, señor Fajardo.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira.

Suspendemos a sesión ata as 16.30.

Grazas.

Suspéndese a sesión ás tres e dous minutos da tarde e retómase ás dezaseis e trinta minutos da tarde.

Interpelación de D^a María Carmen Acuña do Campo e dous deputados/as máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en materia de atención psioxeriatría

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra a señora Acuña.

A señora ACUÑA DO CAMPO: Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías —escasas señorías—. Boa tarde, señor conselleiro.

Mire, antes de meternos no debate desta interpelación, eu quero facerlle unha pregunta. Dígame, señor conselleiro, cando vai comparecer vostede, tal como lle temos solicitado dende o noso grupo, para explicarnos as medidas que vai tomar o Sergas en relación coa entrada en vigor —por certo, o día de Noiteboa— do Real decreto de prescrición de enfermía, especialmente, señor conselleiro, agora que o Tribunal Supremo rexeitou a paralización, mentres se dirime o recurso interposto, entre outros, polos propios negociadores do decreto.

Mire, é intolerable, señor Almuíña, que o persoal do sistema sanitario público galego continúe sen saber a que aterse ante algo tan determinante para a súa actividade diaria, para o desenrolo da súa actividade diaria. Eu non sei que pasa, non sei se é que vostede non sabe que dicir ao respecto ou, o que é peor, non sabe vostede que facer.

Mire, eu voulle pedir que espabile —que espabile, si, señor conselleiro—, porque ten a toda a enfermía aos pés dos cabalos. Mire plántelle cara a esa barbaridade dun ministerio de Sanidade saínte e pídalle, exíxalle a Madrid, que retire ese decreto como, por certo, xa fixeron dende outras comunidades autónomas. Non pode esquecer que a enfermía é clave para o funcionamento do noso sistema sanitario e, por suposto, a enfermía de saúde mental tamén. Por iso tampouco entendemos como estamos formando enfermía especializada en saúde mental e, sen embargo, despois non a temos en conta nin nas listas de contratación nin para as prazas da OPE.

E, mire, señor Almuíña, son tantos e tan variados os problemas que ten a saúde mental que, aínda que rematamos o anterior período de sesións falando de saúde mental, pois temos que reiniciar este seguindo a falar dos problemas de saúde mental, e aínda así quedannos moitos aspectos por tratar, como, por exemplo, este da enfermía especializada, o das esquecidas adiccións ou mesmo o que hoxe queremos tratar, que son as unidades de psioxeriatría.

Por certo, que falando de onde o deixamos no ano pasado, eu teño que contestarlle a algo que vostede me preguntou daquela. E si, señor conselleiro, si, efectivamente, eu estou nerviosa. Dende logo, paréceme imposible non estalo vendo como un ineficaz e un soberbio Partido Popular destroza, arruína e, sobre todo, privatiza, señor conselleiro, o sistema sanitario público galego; un sistema que tanto traballo e tanto esforzo necesitou para situarse onde estaba antes da chegada do señor Feijóo á Presidencia do Goberno da Xunta. Esforzo e traballo realizado a diario por todas e todos os profesionais, pero tamén por toda a cidadanía galega, que, por certo, señor Almuíña, está tan nerviosa coma min, como explica ou como demostra que máis de dous millóns e medio de persoas en España estean tomando ansiolíticos de forma regular e un 15 % da poboación galega o faga de forma esporádica.

Mire, a psioxeriatría, como vostede sabe ben, ocúpase da saúde mental das persoas maiores nun amplo espectro que vai dende a prevención, procurando iso que está tan en voga dun envellecemento psíquico saudable, ata o diagnóstico e o tratamento de situacións clínicas moi diversas; tan diversas que van dende as causadas pola propia deterioración cognitiva ata os trastornos afectivos dos anciáns, os trastornos da personalidade, os problemas de ansiedade, de depresión, as demencias, as psicoses e mesmo as adiccións, señor conselleiro, que tamén están presentes nestas idades. Patoloxías moi variadas e moi complexas que necesitan dunha especialización para coñecelas e para ser tratadas adecuadamente. Temos, e vostede seguro que o sabe ben, que empezar a diferenciar todas estas patoloxías para rematar con ese caixón de xastre chamado “demencia senil”. E tampouco podemos esquecer nos casos da comorbilidade e da pluripatoloxía, que, sen dúbida, veñen complicar as cousas na terceira idade.

Por todo isto cada día temos máis claro que para poder prestar unha atención xeriatrica de calidade é imprescindible unha abordaxe multidisciplinar, onde ten, sen dúbida, que estar presente a psioxeriatría, pola alta incidencia destas patoloxías na persoa anciá.

Pero todo isto que eu estou a dicir xa se sabía o 15 de decembro do ano 1994 cando se aprobou o Decreto 389/1994, co que se regulaba a atención en saúde mental en Galicia. Por iso, señor conselleiro, nese decreto xa se contemplaban as unidades de psioxeriatría como un dispositivo asistencial básico e necesario en cada área sanitaria. E tamén se sabía cando o Consello da Xunta do 5 de novembro do 2006, presidido polo señor Touriño, aprobou o Plan estratéxico de saúde mental de Galicia 2006-2011, elaborado, por certo, coa participación de máis de 200 profesionais da nosa comunidade. E como se sabía, señor conselleiro, nel, nese Plan estratéxico de saúde mental, desenroláronse esas unidades. Por certo, señor conselleiro, estamos, como vostede debe saber tamén ben, no ano 2016, cinco anos máis tarde, e seguen vostedes sen darlle continuidade a ese plan. Díganos tamén cando pensan elaborar un novo plan de saúde mental.

Pero como ademais nas unidades de psioxeriatría está previsto que se preste apoio e atención psiquiátrica a residencias da terceira idade, estas unidades resúltannos agora

máis necesarias que nunca, porque lle recordo que foi o Partido Popular o que pechou as deterioradas –e iso non o imos negar– unidades hospitalarias de rehabilitación psiquiátrica que tiñamos en Ourense, en Vigo, en Lugo..., pero mandando os doentes que alí estaban a tratamento a residencias da terceira idade, sen preparar uns coidados específicos.

Señor conselleiro, dado que o decreto que regula a atención de saúde mental en Galicia contempla entre os dispositivos básicos de atención as unidades de psioxeriatría e dado que na súa Estratexia Sergas do 2014 tamén se recollen, aínda que cun escueto “desenrolar os programas de psioxeriatría”, díganos: ¿cantas unidades están funcionando a día de hoxe en Galicia? ¿Hai psioxeriatría en todas as áreas sanitarias –non nas EOXI, señor conselleiro, en cada área sanitaria–, tal e como estaba previsto no decreto? ¿Hai máis dunha unidade nas áreas sanitarias máis grandes? De ser así, ¿en cales e cantas? ¿Cantas unidades crearon vostedes e cantas suprimiron dende que chegaron ao Goberno? ¿Con que dotación conta cada unha desas unidades? ¿En todas as unidades se conta co mesmo número de profesionais e co mesmo tipo de profesionais? ¿En todas as unidades eses profesionais desas diferentes categorías están a tempo parcial?, ¿ou están a tempo completo? ¿En cantas residencias públicas se presta esta atención, señor Almuíña?, ¿cantos días á semana? E díganos, porque teño curiosidade por sabelo, como se fan eses coidados nas residencias privadas e nas concertadas. E remato xa, ¿pensa talvez o Goberno incrementar estas unidades?

Espero as súas respostas e, de momento, máis nada, moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Acuña.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):
Moi boas tardes, señor presidente.

Señora Acuña, señorías, moi boas tardes a todos.

A verdade é que me pregunta, señora Acuña, por algo que... Eu estou aquí neste caso porque hai unha petición formal súa e de dúas deputadas máis para estar aquí.

Do Decreto de enfermería non hai ningún problema en falar. Simplemente hoxe estou aquí porque me pediron que falara da psicoxeriatría. E tamén me parece que non hai ningún problema. Desde logo, o Goberno galego considera a enfermería fundamental –e así o dicimos sempre– no sistema público galego, e o que non se di, salvo que sexa adiviña a señora deputada, é se o Goberno saínte é o que fixo o decreto. Non o sei; non sei se vostede ten máis información a estas alturas. Pero, desde logo, a Xunta de Galicia non estivo presente nas negociacións, e estamos en disposición de poder informar e saber fundamentalmente as accións que ten que tomar cada un no momento en que ten a negociación, que estiveron durante meses, e teoricamente chegaron a un acordo que se plasmou nun acordo do Consello de Ministros.

O que si –por non dilatar a información que nos pideño que dicir é que a atención sanitaria integral aos trastornos psíquicos e ás drogodependencias é unha das áreas de actuación prioritaria da Administración sanitaria galega, segundo queda reflectido na revisión do Plan de prioridades sanitarias 2014-2016. A Estratexia do Sergas contempla as accións específicas en saúde mental. O Servizo Galego de Saúde está a realizar nos últimos anos importantes avances na atención aos pacientes con necesidades no ámbito da saúde mental. Nese contexto os anciáns constitúen un colectivo de especial risco para o padecemento dun trastorno mental. Por iso, a referida revisión do Plan de prioridades sanitarias inclúe entre os seus obxectivos diferentes accións para mellorar o diagnóstico precoz e a calidade asistencial e aumentar a prevención das complicacións do trastorno depresivo e do trastorno neuropsiquiátrico, que, xunto coa demencia, con maior frecuencia se presentan nesta franxa de idade. Por tanto, en consonancia coas recomendacións internacionais, o Plan de actuacións sobre saúde mental 2013-2020 da OMS e a Estratexia do Sergas identifican os anciáns como un colectivo específico e con necesidades diferenciadas e formulan como obxectivo o desenvolvemento de programas asistenciais en psicoxeriatría.

Diferentes paneis de expertos como o *Consenso de la Sociedad española de psicogeriatría para el tratamiento de la depresión en el anciano* e o *Consenso español de tratamiento de demencias de la OMS*, subliñan que é necesaria unha formación específica para o manexo destas patoloxías, que supera o ámbito da atención primaria, e a necesidade dunha abordaxe comunitaria integral que garanta a accesibi-

lidade. Sen embargo –e isto é moi importante, señoría–, non definen baixo que estrutura ten que realizarse a dita asistencia. Din que debe realizarse a asistencia, pero non cal é a estrutura que debe garantir a dita asistencia.

E nesta liña a *Estrategia de salud mental del Sistema Nacional de Salud* establece que “*las comunidades autónomas adecuarán sus servicios a las necesidades de las personas con edad avanzada*”. Non existe, por tanto, un modelo único no nivel nacional nin internacional para atender os problemas de saúde mental deste colectivo.

A Organización Mundial da Saúde, a través do Plan de actuación sobre saúde mental –que antes comentei– 2013-2020, recomenda neste senso corrixir as disparidades e tomar medidas activas para identificar e prestar apoio adecuado aos colectivos que presenten especial risco de enfermidade mental e teñan difícil acceso aos servizos.

Cómpre salientar que tan só 4 das 17 comunidades autónomas –incluíndose nestas 4 Galicia– contan con dispositivos específicos para a atención comunitaria á saúde mental do ancián. No resto das comunidades os programas son levados a cabo nos dispositivos comunitarios de adultos; é dicir, desde o punto de vista asistencial, o fundamental é prestar este servizo con solvencia e calidade, independentemente da denominación ou da estrutura concreta do dispositivo. No noso medio, como saben, a reordenación asistencial do territorio galego deu lugar á conformación de sete estruturas organizativas de xestión integrada (EOXI). En todas elas existen unidades de saúde mental. Vostede fai diferenza entre área sanitaria e estrutura organizada, as EOXI. Nós funcionalmente desde hai xa un tempo temos a integración total da primaria e da especializada nesas estruturas. A nivel de Galicia son exactamente, como moi ben sabe, sete. Como digo, temos unidades de saúde mental en todas as EOXI, garantindo o disposto polo Plan estratéxico de saúde mental 2006-2011 en relación coa accesibilidade de toda a poboación nunha isócrona menor a unha hora.

En conxunto, contamos en Galicia actualmente cun total de 38 unidades de saúde mental de adultos, que son os dispositivos básicos para o tratamento ambulatorio dos problemas de saúde mental. Existen, ademais, en Galicia dispositivos específicos e programas en psicoxeriatría. Como dicía anteriormente, non existen na maioría das comunidades

autónomas –catro das dezasete–, e, loxicamente, a estrutura que temos en Galicia busca fundamentalmente un modelo que facilite a accesibilidade aos servizos, tanto de primeiro como de segundo nivel, e proporcionar unha atención de calidade centrada no doente e na súa familia desde unha perspectiva multidisciplinar, incluíndo a participación de diferentes especialidades sanitarias e dos servizos sociais.

Tras estas consideracións, en resposta ás súas preguntas, os recursos dos que dispoñemos nas diferentes EOXI para a atención da saúde mental do paciente ancián, tanto básicos como específicos, son os seguintes, variando en función das dispoñibilidades e das necesidades concretas de cada área. Loxicamente, hai unhas diferenzas importantes a nivel de poboación e de envellecemento en Galicia, como ben coñece, e hai provincias como Ourense e Lugo cun maior número de porcentaxe de anciáns na poboación.

Na Coruña, na estrutura integrada da Coruña, como dispositivos básicos, temos dez unidades de saúde mental de adultos, e, como dispositivo complementario, un programa sociosanitario dotado cun psiquiatra, cun psicólogo e cunha traballadora social; é dicir, o que parece lóxico e evidente, unha función multidisciplinaria de actuación con estes pacientes. Os tipos de centros que reciben asistencia son aqueles de discapacidade intelectual e dano cerebral, albergues e fogares residenciais e residencias de maiores de 65 anos. Hai 14 centros sociosanitarios atendidos e un número de pacientes aproximado que recibiron atención de 344. As unidades responsables son as unidades de saúde mental de Carballo e o programa de psicoxeriatría, e desempeñano dous psiquiatras.

En Santiago de Compostela temos, como dispositivos básicos, sete unidades de saúde mental de adultos e, como dispositivo complementario, a unidade de psicoxeriatría e o programa sociosanitario, dotado con dous psiquiatras, un psicólogo, unha traballadora social e unha administrativa. Reciben asistencia 14 centros sociosanitarios, e o número de pacientes atendidos é de 200. As unidades responsables son a unidade de saúde mental de Lalín, A Barbanza e Arzúa, e a unidade de psicoxeriatría, e o programa desempeñao o psiquiatra, o psicólogo, a enfermeira, e a asistente social.

En Ferrol, como dispositivos básicos, temos tres unidades de saúde mental de adultos; como dispositivo comple-

mentario, unha unidade de psicoxeriatría e un programa sociosanitario, dotado cun psiquiatra, un administrativo e unha traballadora social, e reciben asistencia sete residencias de maiores de 65 anos. As unidades responsables son a unidade de saúde mental de Ferrol, da praza de España, e a unidade de psicoxeriatría, e desempeñano psiquiatras.

En Lugo, Cervo e Monforte de Lemos, como dispositivos básicos, temos catro unidades de saúde mental de adultos e, como dispositivo complementario, unha unidade de psicoxeriatría e un programa sociosanitario, dotado cun psiquiatra. Reciben asistencia 12 residencias de maiores de 65 anos. E as unidades responsables son a unidade de saúde mental de Monforte e Burela, a unidade de psicoxeriatría, e desempeñano psiquiatras.

En Ourense –que coñece vostede perfectamente– dispositivos básicos, catro unidades de saúde mental de adultos; como dispositivo complementario, un programa de psicoxeriatría e...

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ...un programa sociosanitario, dotado con dous psiquiatras, un psicólogo e unha traballadora social, e reciben asistencia centros de discapacidade intelectual e residencias de maiores de 65 anos; un total de vinte centros. A unidade responsable, o programa de psicoxeriatría, e desempeñao un psiquiatra.

En Vigo, como dispositivos básicos, temos sete unidades de saúde mental. Como saben, na área de Vigo, estase a producir unha reordenación integral da atención hospitalaria da área e a reorganización de recursos. *(Soa un teléfono móbil na tribuna.)* No caso de psiquiatría, si se trasladan os dispositivos de rehabilitación e de media estancia, sitos no hospital do Rebullón...,

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ...e tamén está xa en pleno funcionamento a unidade de hospitalización psiquiátrica no Álvaro Cunqueiro, centralizando os recursos, o que favorece o seu mellor aproveitamento. No contorno desta reorganización afrontárase tamén a atención psico-

xeriátrica, contando neste caso cun valor engadido que é o Chuvi, ao dispor dun servizo de xeriatria acreditado.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Réplica, señora Acuña.

A señora ACUÑA DO CAMPO: Grazas, presidente.

Señor conselleiro, creo que o chamaban dunha unidade de psicoxeriatria para advertilo de que os estaba confundindo cunha unidade de saúde mental e de que non é o mesmo.

Comezaba vostede dicindo que estaba moi preocupado pola enfermería, pois o disimula vostede moi ben. A verdade é que, para estar tan preocupado, tena vostede moi esquecida.

Dicía que eu estaba moi informada porque falaba dun goberno saínte, dun goberno en despedida. Non se trata de estar moi informada. Eu creo que foi o propio señor Rajoy o que declinou facer goberno, aínda que llo pediu o Rei. Logo, será un goberno saínte, digo eu.

Pero, de verdade, o que me parece que está moi pouco informado é vostede. Mire, si que hai regulación da saúde mental na nosa comunidade –non sei noutras nin no Estado–, aquí, señor conselleiro, e precisamente era do que eu lle falaba, do Decreto galego do 1994, que regula a atención de saúde mental na nosa Comunidade Autónoma. E nese decreto, señor conselleiro, contéplanse como dispositivos básicos as unidades de psicoxeriatria, ademais das unidades de saúde mental, dos hospitais psiquiátricos, etc. Se quere, vémolos un día xuntos, pero contempla como dispositivos básicos –insisto na idea– as unidades de psicoxeriatria. E non só iso, senón que tamén se detalla a composición e as funcións desas unidades. E ese decreto, señor conselleiro, está en vigor.

A verdade é que non me contestou ao que eu lle preguntaba, e o que me respostou téñolle que dicir que non se axusta á verdade. Mire, voulle poñer un exemplo: O Barco de Valdeorras, que eu o coñezo ben. Pois é –din vostedes– unha área sanitaria porque nos din todos os días que non suprimi-

ron as áreas, que non modificaron o mapa. Pois ben, na área sanitaria do Barco de Valdeorras, segundo o decreto vixente que regula a atención de saúde mental, teríamos que contar cunha unidade de psicoxeriatria, e non a temos; si, efectivamente, temos unha unidade de saúde mental, pero non de psicoxeriatria, o que demostra que non hai unha unidade de psicoxeriatria en cada área como, insisto, regula ese decreto.

Pero mire, ademais, onde as hai están infradotadas. ¿E sabe, señor conselleiro –que vostede falaba de Ourense–, como está dotada a unidade de psicoxeriatria de Ourense, a provincia máis envellecida de Europa? Pois conta cun psiquiatra nada máis; nin psicólogo nin educador social nin terapeuta nin enfermeira especialista en saúde mental. Por certo, que falando de Ourense, tamén debería vostede explicarnos qué motivou o peche desa unidade de psicoxeriatria, que alí si que había. A señora Núñez, a xerente –“a primisima”, como a chamamos alí cariñosamente–, decidiu pechala na primavera pasada, cando levaba funcionando, señor conselleiro, dende 1999. Por certo, xerouse tanta contestación, tantas protestas, que a volveu reabrir o 16 de xaneiro, e debeu de aproveitar para dotala convenientemente, pero non, volveuna reabrir infradotada.

Estas unidades, señor conselleiro, deben contar cun ou dous psiquiatras, un psicólogo, un traballador social e un profesional de enfermería, por suposto especialista en saúde mental, pero na práctica non é así. Onde hai unha unidade, como moito, teñen asignado un psiquiatra e, con sorte, unha praza de psicoloxía, pero a tempo parcial.

Díganos, conselleiro, xa que está vostede tan preocupado pola enfermería desas unidades, incluso das unidades de saúde mental...

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

A señora ACUÑA DO CAMPO: ... –póñollos máis fácil, das unidades de saúde mental–, cantas contan con enfermería e, sobre todo, cantas contan con enfermería especializada; enfermería especializada en saúde mental, que foi creada no ano 2007 e foi recoñecida na OPE do 2009, onde se convocaron nove prazas desta especialidade de enfermería. Dende entón, cero. Trátase dunha enfermería ben formada, e só a están contratando vostedes, por acúmulo de tarefas, un máximo de seis meses.

E díganos, señor conselleiro, que pasa coas residencias privadas e coas concertadas. ¿Como se lles presta esta atención, sexa dende a unidade de saúde mental...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora ACUÑA DO CAMPO: ...sexa dende as unidades de psioxeriatría?, ¿a través da rede pública? Díganos como se fai iso. ¿Como se lle dá a medicación? ¿Como se lle dá historia clínica? ¿Como se lles dá a atención médica e psiquiátrica dende a rede pública ás residencias privadas e concertadas sen que iso sexa ilegal?

Por certo, écheselle a boca co sociosanitario...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora ACUÑA DO CAMPO: Pois, mire, as unidades de psioxeriatría son unha boa maneira de empezar...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Acuña.

A señora ACUÑA DO CAMPO: ...remato— o camiño na atención correcta, na atención correcta sociosanitaria. Pero, sobre todo, son imprescindibles, insisto, para vaciar ese caixón de xastre da demencia senil. Se queremos dar unha boa atención en saúde mental da terceira idade, temos que distinguir as enfermidades, temos que dar unha especialización...

O señor PRESIDENTE: Remate xa, señora Acuña, por favor.

Grazas.

A señora ACUÑA DO CAMPO: ...e vostede sábeo tan ben ou mellor ca min. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Turno de peche, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Señora Acuña, empeza sempre dicindo que non temos en Galicia, e despois di que non é completo, que debería ter máis persoal e mellor atención... Bueno, polo menos partimos xa de que recoñece que temos unha atención especia-

lizada en Galicia. Como dicíamos, só en catro comunidades autónomas das dezasete hai esta ordenación en psioxeriatría.

O decreto está en vigor desde o ano 94. Decía vostede que incluso dentro dos catro anos do Bipartito tamén estaba vixente o decreto; é dicir —o tempo esgotóuselle na primeira intervención—, que quedaba a área de Pontevedra e O Salnés, que ten tres unidades de saúde mental de adultos, un dispositivo complementario cunha unidade de psioxeriatría, un programa sociosanitario, dotado cunha psiquiatría, un psicólogo e un administrativo, e reciben asistencia residencias de maiores de 65 anos, prestando atención a aproximadamente 100 pacientes. A unidade responsable é, neste caso, a unidade de psioxeriatría e desempeñana psiquiatras.

Quero dicir que claro que estamos preocupados. De feito, firmouse un convenio no ano 2011 onde hai unha colaboración e se establecían liñas de traballo entre a Consellería de Traballo e Benestar naquel momento co Sergas para, precisamente, a atención a pacientes con trastorno mental de duración prolongada e curso crónico estabilizados dende o punto de vista sanitario. Porque cando se fixo o cambio e se deixaron os vellos psiquiátricos, tratouse que os pacientes psiquiátricos segundo a norma científica estiveran dentro dos recursos familiares e que só en tratamentos agudos acabaran nos servizos especializados, salvo aqueles que non tiñan soporte familiar ou os que debido a outro tipo de doenzas tiñan que estar en residencias, e para iso creouse perfectamente este convenio... (*A señora Acuña do Campo pronuncia palabras que non se perciben.*) Este convenio estase estendendo, non está finalizado e rematado, pero xa a día de hoxe, no ano pasado, se atenderon aproximadamente uns 1.300 ou 1.400 pacientes destes que estaban institucionalizados nun, creo, inadecuado tratamento, polo menos os especialistas así o consideran. Por lo tanto, se ha avanzado de forma muy importante.

Como digo, o noso obxectivo é integrar o máximo en saúde mental dentro da planificación e estratexia asistencial común para todo o Sergas.

No campo da atención psioxeriatrica, como dicía anteriormente, onde temos que mellorar fundamentalmente é na Upsi de Vigo, e nos cambios sufridos nos últimos anos estamos reorganizando toda a existencia da área de Vigo, e de

feito a área psiquiátrica era unha das que necesitaba un maior empuxe.

Neste sentido, dende hai xa uns escasos días, pois os doentes que estaban no Hospital Rebullón –como sabén situado no concello de Mos– foron xa trasladados a novas unidades, á nova unidade que está no Nicolás Peña, o antigo Hospital Municipal de Vigo, e aí teño que anunciar, á parte de que tamén, como dicía antes, se integrou todo o servizo de psiquiatría de adultos no Hospital Álvaro Cunqueiro, que no segundo semestre deste ano se vai constituír a unidade de psicoxeriatría da área de Vigo, co cal queda completado o mapa galego, o mapa de atención á saúde mental, e que evidentemente, como todo, ten que ter unha revisión periódica en dotación, en tipo de asistencia para melloralala, como, loxicamente, é o noso obxectivo.

En Ourense, que dicía vostede que era a provincia máis envellecida de Galicia, modificouse o programa de psicoxeriatría previo, que pasa a integrarse no programa de interconsulta e enlace. Isto facilitou a posta en marcha da vía rápida de atención á demencia, xunto co servizo de neuroloxía, para dar unha resposta preferente ás alteracións condutuais en demencia.

O número de facultativos dedicados á atención de poboación psicoxeriátrica aumentou en dous facultativos a tempo parcial, manténdose os previos.

Para completar estes datos, temos que dicir que é fundamental o apoio dos especialistas aos pacientes que están ingresados na residencia, porque, como dicía, aqueles que non teñen un soporte familiar, ou que debido a algún que outro dos problemas de saúde concomitantes teñen que estar en residencias, loxicamente nós dámoslles un apoio constante a estes doentes.

En definitiva, señorías, o Servizo Galego de Saúde está a realizar, e seguirá a facelo, importantes avances na atención aos pacientes con necesidades no ámbito da saúde mental, incluíndo o que atinxe á atención psicoxeriátrica.

A saúde mental é unha das áreas prioritarias da Administración sanitaria galega, e conxuntamente cos nosos profesionais seguiremos traballando nestas liñas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor conselleiro.

Interpelación de D^a María Montserrat Prado Cores, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a precarización do mercado laboral

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Para formular a interpelación, ten a palabra a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Moi boa tarde.

Moi boa tarde, conselleiro.

En Galiza segue a haber miles de persoas inmersas no drama do desemprego, do emprego precario, dos empregos que non permiten saír de pobres.

A pesar dese discurso oficial, que tanto lles gusta repetir machaconamente, de que avanzamos raudos e veloces pola senda da recuperación, a pesar dese esforzo denodado do Partido Popular e do Goberno galego de impoñer o relato da recuperación, pois a realidade é que iso non é así; esa realidade non se comparece coa que viven miles e miles de galegos e galegas todos os días. A realidade é unha situación de perda de dereitos sociais, situación de emerxencia, situación que leva a miles de persoas a aceptar calquera traballo en calquera condición, por calquera salario, porque a doutrina oficial é que calquera traballo é mellor ca nada.

Hoxe pola mañá o presidente da Xunta, Núñez Feijóo, pintou un país multicolor, aquel que cantaba a Avella Maya ¿saben: “Un país multicolor, hai un presidente baixo o sol.” Un presidente que se esforza en pintarnos unha Galiza no país das marabillas.

Dixo textualmente: “volveuse crear emprego, diminuíu o paro, e o emprego e o paro teñen mellor comportamento que no Estado.” E quedouse tan tranquilo, ¿non? Quedouse tan tranquilo.

E nada máis lonxe da realidade, porque a situación da clase traballadora galega é alarmante, precarización das súas condicións de traballo, altos índices de desemprego, perda

de poder adquisitivo dos salarios, subcontratacións descontroladas, contratacións a través de ETT e contratos a tempo parcial.

A realidade é que en Galiza hai máis parados que cando o Partido Popular volveu ao Goberno da Xunta no ano 2009, 60.000 persoas, galegos e galegas, máis no desemprego. E a realidade é que Galiza ten menos ocupados que cando Núñez Feijóo e o Partido Popular volveron ao Goberno de Galiza no 2009.

No 2009 había 1.152.900 persoas ocupadas, e agora hai 1.032.000, é dicir, máis de 120.000 persoas ocupadas menos.

Núñez Feijóo tamén dixo pola mañá que 220.000 persoas seguen na crise económica, mais infelizmente non son 220.000 persoas, son moitísimas máis, son moitísimas máis as que viven na crise económica, porque a crise e as reformas laborais que levaron a cabo non só fixeron que haxa ese número indecente de persoas no desemprego, senón que levaron ao empobrecemento masivo doutras miles de persoas máis.

A devaluación salarial propiciada polas reformas do mercado de traballo, o auxe de emprego a tempo parcial, o único que fixo foi crear a pobreza laboral.

¿E sabe o que é pobreza laboral, señor Conde? Pois pobreza laboral son aquelas persoas que teoricamente tendo un emprego, pois non poden co que perciben por ese emprego desenvolver un proxecto de vida, que seguen sendo pobres, que non lles chega para desenvolver un proxecto de vida.

E o problema é que se está a converter en estrutural, pobreza laboral que se está a converter en estrutural, porque ese era o obxectivo das reformas laborais, ese era o obxectivo: man de obra barata, atomizada e desorganizada. Era o obxectivo, e vostede na parte que lle toca, aínda que é recente a súa responsabilidade á fronte da cuestión de traballo do Goberno do que vostede forma parte, si que colaborou entusiasticamente a esta realidade.

E mire, en Galiza xa son máis de 300.000 traballadoras as que ingresan menos do salario mínimo interprofesional,

que lle lembro que son 648 euros, é dicir, o 31 % das persoas que traballan en Galiza perciben menos do salario mínimo interprofesional.

Os datos revelan que en Galiza hai 70.000 persoas asalariadas, cunha retribución anual por debaixo dos 5.000 euros. ¿Iso que significa? Un salario mensual de 350 euros. Destes, 177.000 apenas chegan a 2.000 euros ao ano. ¿Isto que significa? Pois menos de 150 euros ao mes.

150 euros, 350 euros, salarios por debaixo do salario mínimo interprofesional, 700 euros. Do que estamos a falar é de miles de persoas que en Galiza están por debaixo do umbral da pobreza, iso é a realidade, esa é a realidade que vostedes pretenden agochar distorsionando e retorcendo as cifras todo o que lles dá a gana.

Un terzo dos traballadores en Galiza non chegan aos 1.000 euros, eses mileuristas de hai uns anos parecían pobres de pedir, pois hoxe máis dun terzo dos traballadores e traballadoras do noso país non chegan a cobrar 1.000 euros.

Os salarios en Galiza no ano anterior baixaron un 3,8 %, é dicir, poden seguir dándolle datos, señor Conde, pódolle seguir dando datos que avalan que estamos diante dun auténtico drama de desemprego, e tamén de pobreza laboral.

Temporalidade, o emprego a tempo parcial estase convertendo xa na maioría, nunha parte moi importante de emprego, e en moitas ocasións é a única posibilidade, é un emprego a tempo parcial non escollido voluntariamente. Non é unha opción voluntaria das persoas que acceden a este tipo de contratos, é o único contrato ao que poden acceder.

O 92 % das persoas co salario máis baixo teñen un contrato a media xornada, un contrato a media xornada que significa cobrar por media xornada e traballar por xornada enteira, ou aínda máis.

¿E sabe cal é a realidade dos contratos en Galiza, eses dos que vostedes se queren agochar dicindo que baixa o emprego? Unha parte importantísima dos contratos en Galiza son de 1 día, de 1 semana ou de 3 meses. Os de 1 semana son o 30 % e os de 3 meses o 50 %. Así vostedes conseguen que as cifras lles acaben dando e poidan subirse aquí, como supoño que fará despois, dicindo que baixou o desem-

prego en Galiza, pero esta é a realidade do emprego que están a crear no noso país.

A xornada laboral, a inflexibilidade laboral, ¿que significa?, ampliación de xornada *de facto*. ¿Que significa?, que sobre todo afecta os contratos eventuais. ¿Que significa?, significa irregularidade e significa explotación.

E logo a iso temos que sumar o drama dos parados e paradas de longa duración, case a metade desas duascenas e pico mil persoas que están no paro en Galiza rexistradas levan practicamente 2 anos nesa situación.

Para o BNG é un auténtico drama, igual que é un drama que o 27 % dos mozos e mozas nin estudan nin traballan, é dicir, están desempregados, en moitos casos non están nin sequera inscritos nas listas de desemprego, nin estudan nin traballan.

Seguinte drama, que a pobreza laboral ten cara de muller, ten cara de mozos e mozas e ten cara de maiores de 55 anos. A fenda salarial en Galiza, señor conselleiro, é a máis alta do Estado español e das máis altas da Unión Europea.

E non hai ningún indicador que nos faga albiscar que esta situación vai cambiar, co cal, conclusión: substitución de emprego estable con salarios máis ou menos dignos, por emprego precario e mal pagado.

Esa é a realidade do mercado laboral, ao que hai que engadir que as persoas que están no desemprego cada vez cobran menos prestacións, e cóbrana durante moito menos tempo, é dicir, persoas no desemprego, pobreza laboral, e os que están no desemprego cada vez teñen menores prestacións.

¿Cal é outra situación? Que soben os salarios máis altos e baixan os salarios máis baixos. Esa fenda salarial, fenda feminina que non deixa de medrar e fenda salarial que non deixa de medrar.

Mire, durante estes anos de crise, ¿cal é a situación? Que os salarios máis baixos cobran un 10 % menos. ¿E cal é a outra cara da moeda? Que os salarios máis altos aumentaron un 24 %, os que menos gañaban aínda gañan menos, e os que máis gañaban aínda gañan máis.

Dende logo, ao xeito de ver do Bloque Nacionalista Galego é un balance non para estar precisamente satisfeitos, cremos nós.

¿Que deixa todo isto detrás? Pois deixa precariedade e exclusión, deixa miles de persoas na estacada, señor Conde, na estacada, nesa estacada que está debaixo das estatísticas que vostedes manexan. 73.000 familias con todos os seus membros no paro, 30.000 fogares sen ningún ingreso, 11.000 nenos e nenas vivindo en fogares onde non hai ingresos, cobrando menos hoxe que hai cinco anos. É dicir, unha auténtica desfeita real, que só hai que saír á rúa para preguntarlle a miles de galegos e galegas.

Por iso hoxe o BNG o interpelamos preguntándolle que actuacións vai realizar o Goberno galego para rescatar os miles de galegos que están sumidos na pobreza salarial, señor conselleiro...,

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...sumidos na pobreza salarial. A industria 4.0 e o emprego 4.0, do que vostede tanto gusta de presumir, é dicir, que é a súa folla de ruta, concrétase nos datos que lle acabo de dar.

Agardo a súa contestación. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Prado.

Ten a palabra o conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señora presidenta.

Señora Prado, señorías.

Agradezo a súa iniciativa, porque son benvidas sempre todas as oportunidades para poder explicar nesta Cámara o que o Goberno está a facer pola recuperación económica e, sobre todo, para que esta recuperación económica chegue ás familias que aínda sofren os efectos do desemprego.

Sen embargo, señoría, convén que nesta Cámara sexa un pouco máis rigorosa nas súas afirmacións, porque tanto para os que estamos aquí presentes, coma para as empresas, coma para a cidadanía, creo que todos os que traballamos arreo para reverter esta situación merecemos un pouco de respecto, sobre todo cando falamos de datos e de cifras concretas.

E dígolle isto desde a cordialidade, porque eu estou convencido de que aínda que pretende dar a idea de que este Goberno non se preocupa polas persoas e de que este Goberno non se preocupa polas familias, creo —estou convencido— que vostede e mais eu compartimos o interese común polo benestar dos galegos e das galegas; dende logo, o noso grupo e o noso Goberno así o fan.

Pero para chegar ao debate das ideas, señora Prado, creo que a información debe ser veraz, e vostede sabe, e ocúltao nesta Cámara, que case todos os indicadores que miden a actividade económica e o emprego en Galicia están a mellorar. E vostede sabe —e non o reflicte na súa intervención— que a evolución de Galicia é máis positiva ca a rexistrada polo conxunto de España. Aínda así, señorías, sabemos que, efectivamente, os pasos que temos dado son insuficientes e non é a primeira vez que así o reflexamos nesta Cámara. Pero, dende logo, eu creo que hai que falar da realidade, unha realidade que eu lamento que vaia en contra dos intereses do seu partido, pero créanme que ao negala tan só se están enganando a vostedes mesmos, e xa coñecen —creo— as consecuencias.

Consecuencias que tamén se deben á falta de memoria do BNG, porque vostedes cando me falan do ano 2009 —e foi vostede a que fixo esa referencia— parece que esquecen que vostedes estiveron gobernando a Xunta de Galicia durante catro anos, ocupando carteiras —como vostede coñece perfectamente— en materia de industria, en materia de innovación, en materia de medio rural ou en materia de benestar.

E xa que me quere comparar co ano 2009, voulle facer eu tamén algunhas comparacións. Mire, no último ano do Bipartito rexistráronse 51.304 persoas máis na Oficina de Emprego de Galicia, ata acadar máis de 211.000, o que supuxo unha subida interanual do 32 %. Con este antecedente vostede non amosa ningún tipo de reparo en desacreditar os avances dos últimos anos, obviando que Galiza pechou o ano 2015 con 41.000 desempregados menos que

hai un ano, o que supón unha baixada do 15,6 %. E afirma que Galicia é a comunidade que peor evoluciona, cando esta baixada do paro é mellor en tres puntos porcentuais que a media de España. E, de feito, vostede tamén omite que a nosa taxa de paro é do 17,7 %, tamén tres puntos inferior á do Estado.

E vostede tampouco fala de que no último ano do Goberno bipartito, 2009, as afiliacións á Seguridade Social caeron un 4,7 %, cando agora están a crecer, señoría, un 2 %. (*Murmurios.*) O mesmo que non fala de que no ano que deixaron de gobernar o crecemento do PIB galego era negativo, en concreto, caeu un 2,6 %; é dicir, xusto a porcentaxe na que creceu este ano 2015, pero, señoría, en positivo

E se falamos da industria, a comparación ofrece un resultado análogo; no ano 2009 —ao que vostede facía referencia— o índice de produción industrial caía un 12,6 % en marzo do 2009, encadeando oito meses de baixadas interanuais, case sempre de dous díxitos. Hoxe, señoría, o índice de produción industrial pecha o ano 2015 cun crecemento do 4,1 %.

E se falamos de comercio estamos na mesma situación, en marzo de 2009 as vendas de comercio de proximidade caían en Galicia un 4,6 % e en decembro deste ano, señoría, creceron un 4,5 %. Poderíamos seguir facendo as comparacións que tanto a vostede lle gustan, pero eu creo, sinceramente, que hai que falar cun pouco de rigor e cun pouco de seriedade.

E non, desde logo, por parte deste Goberno, onde sabe, perfectamente, que estamos a desenvolver unha política que non concorda coa súa, iso é certo. E é certo tamén, señoría, que, efectivamente, hai unha gran diferenza ideolóxica entre o seu partido e nós. Os galegos saben que somos un goberno que, primeiro, cumpre as leis; segundo, respecta e valora a iniciativa privada igual que a iniciativa pública; terceiro, un goberno que apoia os investimentos que xeren emprego e riqueza en Galicia; e, por último, un goberno, señoría, realista, porque nós non enganamos con demandas e propostas irrealizables, porque para iso, señoría, xa están vostedes.

Ao igual que están a defender unha política intervencionista e unha malentendida galeguidade que só busca illar Galicia do resto do mundo. E ademais está, señoría —e lamento profundamente—, a súa oposición a todo o que pro-

pón este Goberno, a todo, mostrando permanentemente un absoluto desprezo polas iniciativas que este Goberno traslada ao Parlamento e pola confianza que os galegos depositaron nel.

De feito, señoría, fáleme vostede de que se este Goberno vive nun determinado país. Eu o que creo é que vostedes viven nunha burbulla e a xente non sabe a que aterse co BNG. Non sabe a que aterse porque vostedes prefiren que milleiros de persoas se vaian á rúa en Pontevedra; porque vostedes, señoría, se opoñen á carga de traballo que supón a eólica mariña para Ferrol; porque vostedes van en contra, permanentemente, da política de minería, incluso con proxectos de investigación. Xa non queren nin que se investigue, cando estamos falando dunha actividade que emprega a 7.000 persoas e que supón o 1,2 % do PIB. E tamén se opoñen, por exemplo, á planta de Reganosa.

Eu creo que, señoría, esta é unha pequena mostra tanto reflectida en Ence, coma na mariña eólica de Ferrol, coma na minería, coma en Reganosa, dos plantexamentos que ten o BNG nesta Cámara. E eu creo que conviría –e dígollelo con todo o respecto– que puxeran en orde as súas ideas e que presentaran un modelo de país sólido. (*Aplausos.*) Un modelo que –se mo permiten– debería estar lonxe da autocracia que o BNG promulga, porque, do contrario, ninguén fóra da súa burbulla entende como imos vivir en Galicia.

Pero, loxicamente, vostede fáleme do que está a facer este Goberno, este Goberno segue a traballar na mesma dirección que ata o de agora. Iso si, señoría, cun 20 % máis de recursos dedicados á política de fomento empresarial e do emprego, con moita máis axilidade. E para iso sirva como exemplo que xa activamos nestes momentos o 70 % de todos os programas de axuda para este ano 2016, con convocatorias abertas e publicadas no *Diario Oficial de Galicia*, que suman preto de 200 millóns de euros.

E, loxicamente, tamén temos un novo escenario onde estamos a traballar para promover novas oportunidades de emprego. Unha folla de ruta –como vostede coñece– que se está a desenvolver en consenso cos axentes económicos e sociais, e que subxace da Estratexia de especialización intelixente en materia de innovación, da Estratexia de internacionalización e tamén da Axenda de Competitividade Galicia Industria 4.0, da que vostedes non queren falar. Porque

vostedes cando falan de industria tan só falan de despedimentos e de peches de empresas. (*Aplausos.*)

Instrumentos, señorías, aos que pronto se sumará unha nova axenda de emprego acorde e adaptada á situación e ás necesidades que ten o noso tecido produtivo, que ten como obxectivo que esta recuperación chegue a todos os fogares a través do emprego, que ese é o noso obxectivo. Que fomen-te máis emprego de calidade, que fomente máis emprego en igualdade e que, dende logo, os traballadores recuperen tamén o seu poder adquisitivo. Unha axenda, señorías, que xorde do convencemento de que a inserción laboral é, dende logo, a mellor política social que un goberno pode ofrecer á cidadanía.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor conselleiro.

Para a réplica ten a palabra a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Bueno, señor conselleiro, se quere cambiamos e en vez de ser unha sesión de control ao Goberno convertémola nunha sesión de control ao BNG. É que, bueno, mire, é bastante ridículo; é ridículo, nun país normal vostede acabaría de retratarse, acaba de retratarse.

Mire, eu fixenlle un balance de sete anos de Goberno do Partido Popular, é do que vostede ten que dar conta aquí. Se vostede por toda resposta só é capaz de falar dun goberno que deixou de ser goberno hai sete anos: dende logo un retrato perfecto; iso demostra bastante da súa xestión, demostra bastante, ¿verdade? (*Murmurios.*) Se vostede como único recurso ten que remontarse ao que xa deixou de existir hai sete anos, dende logo os galegos e galegas deberían pensalo un pouquiño. E vostede debería facerse mirar, a ver se é que ten un problema de personalidade e non sabe que é vostede do Goberno, a ver se é que non o sabe; dende logo, actúa como se non o fora, é así de triste para o país. Eu se non fora porque quen sofren as consecuencias son miles de persoas ata me riría, como vostede, pero é que non, a situación é dramática.

E, efectivamente, vostedes están para cumprir as leis, e se as leis non lles gustan cámbianas, se as leis non lles gus-

tan ou non son suficientes para beneficiar as súas empresas van e cámbianas. Como fixeron coa Lei do solo para poder entregarlle en bandexa miles de euros e a ría de Pontevedra a Ence. Claro que cumpren as leis, e se non cámbianas e fanas a medida, iso é o que fan vostedes, señor conselleiro.

E, evidentemente, estou moi orgullosa de ter unha ideoloxía diferente á súa, moi orgullosa, moi orgullosa do que represento. (*Murmurios.*) Si, son nacionalista, de esquerdas e do BNG, efectivamente, represento algo moi diferente ao que representa o Partido Popular. (*Murmurios.*)

Mire, vostede hoxe repetiu aquí todas as cousas das que está en contra o BNG, pois xa sabemos de todo o que está en contra o BNG. Tamén a min me gustaría saber a favor de que está o Partido Popular, a favor de que empresas.

Hoxe pola mañá os traballadores da empresa concesionaria do transporte de residuos de Sogama reuníronse cos diferentes grupos parlamentarios para trasladarnos a súa enorme preocupación polo eminente despido de 69 persoas que neste momento forman a plantilla da empresa concesionaria. Resulta que unha empresa pública como é Sogama quita unhas plicas para unha nova concesión e nas centos de páxinas que teñen esas plicas resulta que non atoparon espazo para ocuparse das condicións laborais do persoal que ten que desempeñar o seu labor ao fronte da empresa, e resulta que non tiveron nin un só oco para falar da subrogación destes traballadores e traballadoras. Unha empresa pública dependente do Goberno galego.

¿E con que nos atopamos a esta altura, señor Conde? Dígollo porque lle vou pedir que se poña a favor, xa que o BNG está en contra de todo, que o Partido Popular e vostede, como conselleiro de Traballo, se poñan a favor de algo. E dígolle, pídlle aquí en nome dos traballadores, que foron os que nolo trasladaron aos grupos políticos, que se poña vostede do seu lado, que os convoque. Que convoque a empresa, a administración e os traballadores a través dos seus representantes sindicais a unha mesa para que intenten evitar o despido destas 69 persoas e evitar un deterioro gravísimo das condicións laborais.

Porque, mire, este é un claro exemplo da pobreza laboral á que lle fixen eu referencia. Un caso práctico, estes traballadores ata o día de hoxe coa empresa na que estaban tiñan un

salario medio de 11.900 euros ao mes. Neste momento, ¿cal é a oferta que lle fai a empresa que vai coller a concesión, Copasa? (*Murmurios.*) Pasar a cobrar a metade, e das condicións laborais de momento non falamos, no caso de que os vaia contratando de un en un e nada en grupo. Co cal eu hoxe aquí, señor Conde, o emprazo a que vostede non sexa dos do non, sexa dos do si, e sexa o Goberno ao servizo dos traballadores e traballadoras de Galiza e non só das empresas. E que os convoque, que convoque esa mesa para evitar 69 despidos e para evitar unha precarización sen límites no mercado laboral.

E eu fíxenlle antes unha pregunta, ¿que vai facer para rescatar todos eses miles de galegos e galegas en situación de pobreza laboral? Non foi capaz de negarme...

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

A señora PRADO CORES: ...que hai eses miles de homes e mulleres que están en situación de pobreza laboral. Non foi capaz de negarmo nin foi capaz de dicir nin unha soa cuestión que vaia poñer en marcha para solucionalo, señor Conde, non foi capaz. (*Murmurios.*) ¿Será porque non as ten ou será porque, efectivamente, o obxectivo do seu Goberno é favorecer as empresas?

O seu negocio, multiplicar o seu negocio; ou sexa, que vostedes se suman entusiasticamente a iso que é que o 1 % da poboación ostente o 99 % dos beneficios. (*Murmurios.*) Será que vostedes se suman...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...—xa remato, señor presidente—, que vostede está no Goberno para consolidar a situación de que o 1 % da poboación —como están a denunciar diferentes ONG— é que nos últimos anos os ricos cada vez máis ricos e a clase traballador cada vez máis clase traballadora e con menos recursos e cunha situación máis precaria.

Agardo, xa que se acabaron as preguntas para o BNG, se non contestareillas noutra ocasión.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES: Se se acabaron as preguntas para o BNG, que sexa quen de contestar ás que lle formule.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Turno de peche. Señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Prado, eu entendo perfectamente que non queira entrar no fondo do debate que vostede mesma plantexa, eu non lle trasladei ningunha pregunta; eu fíxenlle un relato concreto dos resultados que está a ter este Goberno, das políticas que está a ter este Goberno.

O único que lle trasladei dunha forma obxectiva é que vostedes están claramente en contra de todo, están en contra da política industrial, están en contra da creación de emprego, están en contra das iniciativas que, efectivamente, poden reverter a situación de crise económica, e simplemente lle fago este relato.

Este Goberno, señorías, está cos traballadores, está co emprego, e, efectivamente, nós estamos impulsando políticas concretas en materia industrial, en materia de innovación, en materia de política económica, en materia de internacionalización concretas nas que vostedes non queren, en ningún momento –xa non digo nin apoiar–, entrar no debate.

Nós imos continuar con estas políticas, porque entendemos que son políticas que xeran emprego, que xeran oportunidades para a nosa xente, e vostedes lamento que sigan instalados no non, seguen instalados no non á política industrial, seguen instalados no non á política enerxética, seguen instalados no non á industria mineira, seguen instalados no non á industria papeleira e seguen, en definitiva, instalados no non á industria, en xeral, aquí en Galicia.

Polo tanto, seguiremos con políticas concretas que traemos a debater e presentar neste Parlamento, loxicamente, aínda que non contemos, loxicamente, xa non digo co apoio, senón simplemente coas aportacións do seu grupo parlamentario, pero nós seguiremos dando resultados concretos.

Porque eu deille os datos da evolución actual, actual, señoría, non lle trasladaba ningunha pregunta do índice de

producción industrial en Galicia, do produto interior bruto de Galicia, da taxa de paro, das afiliacións á Seguridade Social... E dígolle máis, Galicia, señoría, foi a terceira Comunidade Autónoma con maior incremento no gasto de I+D no ano 2014.

Dende o punto de vista da exportación están a situar a Galicia en cifras récord neste ano 2015, o pasado 2015, fronte aos datos de 2013 e 2014. En definitiva, estamos claramente nunha dirección, ou no que estamos é a recuperar a evolución da situación económica en Galicia, e imos traballar nunha axenda de emprego. Unha axenda de emprego que vai revisar e que vai orientar as políticas desenvolvidas en Galicia en favor dunha maior inserción laboral, que vai seguir adiante coas axudas para a contratación, primando, señoría, o emprego estable a tempo completo. Buscará outras fórmulas para estimular a calidade no emprego e, dende logo, tamén introduciremos medidas que se sumarán ao traballo da Inspección Laboral, que este ano porá o foco na vixilancia das contratacións.

Fálame vostede que lle traslade cal é a avaliación do Goberno en termos de pobreza laboral. Sabe perfectamente, e non o quere traer a este Parlamento, que a taxa de risco de pobreza en Galiza no ano 2014 é do 15,4 %, sábeo perfectamente. Pero tamén sabe que esa taxa de risco de pobreza en Galicia se sitúa moi por debaixo do risco de pobreza no conxunto do Estado, que está no 22,2 %. De feito, señoría, sabe, e non o quere reflectir nesta Cámara, que tan só tres comunidades melloran o resultado galego: País Vasco, Navarra e Madrid.

Datos concretos, e esa taxa de risco, señoría, en Galiza experimentou, ademais, unha baixada de 5 puntos porcentuais dende o ano 2009. Se quere, tamén podemos falar da evolución dos salarios. Un salario medio anual no ano 2014 que supera en 1.100 euros o salario medio de 2008; é unha evolución á que cabe engadir o incremento salarial pactado en Galicia en novembro de 2013, que foi do 1,07 % en termos medios, datos que vostede debería revisalos, cando menos se quere facer un debate cun mínimo rigor.

Polo tanto, señoría, coincidimos na necesidade de mellorar as retribucións dos nosos traballadores, unha situación que está moi lonxe da situación de emerxencia que vostede quere reflexar. Porque como sabe, señoría, é que vostede

conta os datos á súa maneira. No ano 2015, señoría, houbo unha caída de 13.300 fogares con todos os seus membros en paro, que é unha nova que se suma a eses 8.100 fogares que saíron desa situación o ano anterior.

Polo tanto, os fogares galegos, señorías, seguen a sufrir...

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): ...unha falta de emprego só do 6,9 %. Unha cifra que, por pequena que sexa, dende logo, é intolerable, por iso seguiremos traballando, señoría, a través das políticas activas de emprego e doutras medidas, para, efectivamente, estar, señoría, coa xente. Porque este Goberno, este partido, señoría, está coa xente, vostedes non, láméntoo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Pasamos ao punto sétimo da orde do día, que se corresponde co de preguntas ao Goberno.

Pregunta de D^a María Tereixa Paz Franco, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a xestión da Presidencia da Deputación provincial de Ourense

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Paz Franco.

A señora PAZ FRANCO: Boas tardes, señoras e señores deputados.

Señor vicepresidente da Xunta, hai algo máis de tres meses que os galegos e as galegas asistimos, con moito estupor por certo, a un novo episodio de instrumentalización das institucións por parte do Partido Popular, unha instrumentalización tanto persoal coma política que tanto se estila na Deputación provincial de Ourense.

Facendo honra á súa herdanza, neste caso no sentido máis literal da palabra, o señor Baltar Blanco fixose acreedor dunha tradición familiar, pero tamén dunha tradición política en Ourense, que consiste en pensar que a Deputación é a leira do Partido Popular e que, en consecuencia, se pode utilizar mesmo vulnerando calquera principio de legalidade para contratar ou despedir traballadores en función dos inte-

reses persoais ou políticos, ben sexa das persoas que ostentan alí o poder ou do Partido Popular.

Tres meses sen que ata a día de hoxe, máis de tres meses, o Goberno da Xunta de Galiza, nin vostede, nin o presidente, se pronunciasen en relación con que opinión lle merece este asunto. Tres meses nos que estiveron eludindo asumir calquera tipo de posicionamento, escudándose en que non había ningún tipo de caso xudicial, a pesar de que desde a oposición sempre manifestamos que aquí o que se dirimían son responsabilidades políticas. O Goberno presidido por un señor que hai algo máis dun ano, o 27 de xaneiro do ano 2015, nun pleno para rexenear a democracia neste país, nos dixo que viña aquí ese día dicirnos o que vai facer para seguir loitando contra a presenza desas persoas que utilizan a política para o seus intereses.

Emprazounos, señorías, díxonos, en definitiva, contar con vostedes tamén para facer unha administración transparente, para ter un maior control interno e externo da actividade política, para reducir a marxe de manobra dos indesexábeis. Estaremos á altura, os galegos exíxennolo, iso dicía o señor presidente.

Eu preguntolle, señor Rueda, ¿non lle parece indesexábel que o señor Baltar ofrezca postos de traballo na deputación, ofrezca mesmo manipular os resultados dos procesos selectivos a cambio de conseguir favores sexuais?; ¿non lle parece que despois de máis de tres meses, e cando agora está citado por dous delitos, un de suborno e outro de tráfico de influencias en calidade de investigado, vai sendo hora de que por parte do Goberno da Xunta de Galiza se exixa a depuración de responsabilidades políticas?

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Paz.

A señora PAZ FRANCO: Se exixa que... (*A señora Paz Franco pronuncia palabras que non se perciben.*) (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Paz, terminou o seu tempo. Grazas.

Resposta por parte do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administración Pública e Xustiza.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Paz, di vostede que non me pronunciei sobre este asunto. Si, vostede preguntoume por este asunto hai tres meses, e pronuncieime clarisimamente, igual que me vou pronunciar agora.

Pregunteille naquel momento a vostede de que xulgado era titular, que casos estaba instruindo como representante da Administración de Xustiza. Dime aquí que instrumentalizamos as institucións, pois máis instrumentalización que vir aquí ditar sentenza substituíndo os tribunais non se me ocorre ningunha, sinceramente. Polo tanto, o que lle dixen naquel momento vólvollo dicir exactamente agora, tamén.

Vostede fai xuízos sumarísimos, condena a todo o mundo que cre que debe condenar, e despois mira a ver como están os temas. E hai tres meses dicíame que que íamos facer contra o señor Baltar, porque vostede xa o condenaba por acoso sexual, e despois resulta que chegou o fiscal e dixo o que dixo. Claro, iso, podía ser, ¿a vostede iso lévaa á prudencia?, a pensar que no estado de dereito é o Poder Xudicial o que ten que determinar as culpabilidades, e no seu caso escondelas.

Non, non, iso non a leva á prudencia, en absoluto, lévaa agora mesmo a dicir outra vez... —outra vez vostede é xuíza e parte, porque isto vai moito de parcialidade, e vostede parcialidade política ten toda a do mundo e máis—, a vir aquí ditar condenas en casos xudiciais que simplemente están no estado no que se atopan, a exixir responsabilidades políticas, porque vostede como xuíza xa ditou as condenas, e a dicir que todos actuemos en consecuencia e bailando a música que vostede toca.

Mire, señora Paz, os xuízos políticos, afortunadamente, acabáronse hai moito tempo, estamos no estado de dereito, o que pasa é que vostede aínda non chegou a iso.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Réplica, señora Paz.

A señora PAZ FRANCO: Grazas, señor presidente.

Señor Rueda, non son xuíza, aínda que quixera non podería, porque non cumpo os requisitos para selo. Ao mellor se o señor Baltar fose quen me examinase podería selo, porque parece que a el o dos requisitos “se lo pasa por aquel sitio”, *(Aplausos.)* precisamente.

Mire, señor Rueda, eu creo que xa dixen cincuenta veces, polo menos, falando deste asunto, que non estamos aquí para dirimir responsabilidades penais, e volví dicir hoxe que estabamos falando de dirimir responsabilidades políticas, e fíxenlle mención, a propósito, a unha manifestación feita polo presidente da Xunta de Galiza neste hemiciclo, na que di que estamos aquí todas as persoas que estamos neste hemiciclo para garantir que poñemos en marcha todos os instrumentos para que os indesezábeis non estean en política e para poñerllelo difícil ás persoas que intentan aproveitarse das institucións no seu beneficio.

O xuízo político, que é o que facemos nesta institución, é o que me leva a preguntarlle se vostedes, como Goberno e tamén como partido, non abominan do comportamento do señor Baltar en relación non só coa utilización e coa aceptación de favores sexuais a cambio de dar un posto de traballo arbitrariamente —que el mesmo reconece nas gravacións—, e á marxe de toda a legalidade, e se, en consecuencia, non van pedir a súa dimisión como responsable político na Deputación provincial de Ourense.

O seu compañeiro de Goberno na interpelación anterior dicía que os do BNG estamos instalados no non, e vostedes están instalados no si. Efectivamente, acabo de constatar que o Goberno da Xunta de Galicia e vostedes están instalados no si a amparar prácticas corruptas e abominables á fronte das institucións públicas.

Nós estamos e seguiremos... *(A señora Paz Franco pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Paz. Terminou o seu tempo.

Turno de peche, señor vicepresidente e conselleiro de Presidencia e Administracións Públicas.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Paz, pois acaba vostede a súa intervención ditando unha sentenza outra vez, fáltalle o mazo, vostede é a que xulga, é a que dita sentenzas. Di vostede que non é xuíza, ¡menos mal!, afortunadamente para todo o mundo, se non vólvolle dicir que teríamos aquí os xuízos políticos contra o estado de dereito, e afortunadamente abolidos pola Constitución, e vostede faríalos en primeira persoa e dun xeito, bueno, como os vén facendo sempre que ten que falar destes temas.

Mire, é que se unha persoa que non soubera deste tema lera o enunciado da súa pregunta e a escoitara a vostede hoxe aquí, pensaría que xa houbo sentenza, porque vostede está falando como si xa houbera unha (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) sentenza, e pensaría que aquí...

O señor PRESIDENTE: Silencio, señora Martínez. Silencio. A pregunta é da señora Paz. ¡Silencio!

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Tamén pensaría que non respecta demasiado o que din os demais cando non lle gusta o que din, pero niso consiste a democracia, señora Paz, niso e en non ditar sentenzas, ¡precisamente niso!

Entón, ao escoitar o que di vostede pois pensaría que xa está ditada a sentenza, e que aquí estamos, que somos os responsables de executala. E nin vostede é responsable de ditar sentenzas, nin nós somos os responsables de executar ningunha sentenza. Escoitándoa a vostede é o que parece, afortunadamente non é así, porque temos un estado de dereito.

Tamén se unha persoa non soubera do caso e a escoitara a vostede falar, cando falou moitas veces do que pensa e do que dixo o señor fiscal con respecto ao primeiro pronunciamiento que houbo que facer cando a acusación era outra, ao mellor vostede pensaba que non lle merece ningunha confianza nin ningún respecto a institución da fiscalía.

Claro que cando foi para coller as palabras, como se fora o catecismo, do que dicía o señor fiscal respecto a outro caso

que houbo na Deputación de Ourense, respecto ao anterior presidente, aí si lle valía o fiscal, e é que a vostede lle valen os procedementos xudiciais segundo lle vaian ou non lle vaian, e así non podemos crer nun sistema democrático, e se calquera, señora Paz, que non coñecera este tema a escoitara a vostede falar da xustiza, pensaría que cre na xustiza, non sei se na súa, pero que cre na xustiza.

Pero claro, pensando que vostede dixo unha sentenza que lle afectaba, e o que dixo o seu grupo, que a acataba, pero non a compartía, ao final ao mellor é que non a coñecía, pero eu como xa a coñezo bastante ben, non son capaz de falar de xustiza con vostede en serio, sinceramente. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Pregunta de D. Ramón Vázquez Díaz e cinco deputados/as máis, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre as manobras da OTAN na provincia de Lugo

O señor VÁZQUE DÍAZ: Boa tarde, señor Rueda.

Señor vicepresidente, coincidirá comigo en que a mentira admite diferentes roupaxes, diferentes formas e diferentes categorías. Está o embuste, a calumnia, o engano. Con todo, dende o meu punto de vista, a categoría máis baixa é, sen dúbida, a patraña. A patraña presupón incapacidade e falla de sagacidade no outro e esta é unha das especialidades do Partido Popular.

AGE ten denunciado reiteradamente o emprego do aeródromo de Rozas como base de drones militares ao servizo da OTAN. O Goberno galego sempre o negou. A pesar de todo, o 12 de setembro o grupo GROSA do Exército probaba en Rozas o dron Secher para acadar as certificacións exixidas e poder participar así nas manobras da OTAN en Zaragoza.

AGE denunciou, así mesmo, a instalación de concertinas, ese arame vergoñento no campamento militar de Parga, a 20 quilómetros escasos de Rozas. Agora, en datas recentes, coñecemos que a finais do mes de xaneiro 6 batallóns, con efectivos de 6 países que conforman a forza de intervención rápida da OTAN, realizaban manobras no campamento militar de Parga, coa finalidade, segundo o propio Ministerio de Defensa, de planificar operacións de alta intensidade integrando as diferentes funcións de combate.

Realizábanse estas probas sen previo aviso, sen comunicar nin sequera o seu inicio á veciñanza, unha veciñanza que dun día para outro veu aparecer decenas de vehículos blindados militares e centenaes de soldados. Leváronse a cabo estas manobras da OTAN nun espazo e nunhas instalacións non concibidas para este fin, con vivendas a escasos 300 metros, que sufriron fendas pola potencia do tiro empregado. Unhas manobras (*Murmurios.*) desenvolvidas nuns montes veciñais que foron obxecto dunha cesión forzosa durante a ditadura franquista, coa finalidade de establecer unha escola de enxeñeiros, nunca un campo de tiro.

Invadíronse terreos e camiños veciñais, provocando destrozos e desperfectos coa maquinaria militar pesada empregada. Ocultouse información aos veciños, ocultouse información á cidadanía, pero o máis grave de todo é que se está a agochar que a Terra Chá de Lugo se está a remilitarizar como zona estratéxica para o control da Cornixa atlántica por parte da OTAN. Esa é a realidade. (*Murmurios.*) Agóchase que se están a poñer territorio e recursos galegos ao servizo da OTAN.

¿Son conscientes, señores do Goberno, do risco que isto implica para Galicia? ¿Saben vostedes que o Grupo de intervención rápida da OTAN preparou en Parga os vindeiros exercicios previstos en xuño na fronteira con Rusia? ¿Sábeno vostedes? ¿Son conscientes do papel que estamos a xogar nesta segunda guerra fría ao servizo da OTAN, na que se nos está a servir a todos un cóctel explosivo mesturando ameaza yihadista, a crise dos refuxiados, o control das fronteiras, a guerra de Ucraína, os conflitos de Oriente Próximo e África? ¿Son vostedes conscientes da gravidade e implicación destes feitos?

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Vázquez. (*O señor Vázquez Díaz pronuncia palabras que non se perciben.*)

Grazas, señor Vázquez, terminou o seu tempo. (*Murmurios.*)

Grazas, señor Vázquez. (*Aplausos.*)

Resposta do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Vázquez, vostede xa empeza a súa pregunta falando de patrañas. Bueno, pois eu non lle vou contar patrañas, imos falar de exactitudes, e para falar de exactitudes vou facer unhas preguntas, xa sei que o que pregunta é vostede e eu respondo, pero unhas preguntas retóricas e para intentar responder con exactitude ao que vostede me pregunta.

O primeiro, ¿estamos de acordo en que a Constitución, no seu artigo 149.1, di que o Estado ten competencia exclusiva en materia de defensa? ¿Si ou non? Dende logo, vostede pode non estar de acordo coa Constitución, pero a Constitución é o que di e, polo tanto, iso hai que acatalo como se fora unha sentenza, que diría a señora Paz.

Segundo, ¿estamos de acordo en que o campo de manobras, que se chama exactamente Campo de manobras e tiro de Santa Cruz de Parga é un campo de manobras titular do Ministerio de Defensa? ¿Si ou non?

Terceiro, ¿estamos de acordo en que o Estado español, España, forma parte da Alianza do Tratado do Atlántico Norte dende o ano 1982, cos aliados que están na Alianza do Tratado do Atlántico Norte? ¿Si ou non?

Pois se estamos de acordo en todo iso, cústame, de verdade, entender como vén aquí o Goberno galego a responder por que o Ministerio de Defensa, o Estado español con competencia exclusiva, fai unhas manobras nun campo de manobras militar cos seus aliados que están na OTAN dende o ano 1982. Vostede vénme preguntar por que é iso.

Pois mire, dígollo exactamente, porque é o Estado español o que ten competencia exclusiva en defensa, faino nun campo de manobras militar para facer iso cos seus aliados que están na OTAN. Esa é a razón pola que..., e esa é a valoración que lle dá o Goberno da Xunta de Galicia.

A partir de aí, señor Vázquez, dáme a oportunidade para responder a unha serie de cousas, porque non son verdade. Mire, non existen concertinas nese campo de manobras dende hai tempo. Agora hai unha valla metálica dun metro e medio de altura que rodea todo iso. Xa non hai concertinas,

hóuboa, vostedes trouxéronme aquí para preguntar por elas e esas concertinas xa non existen; na súa pregunta di que seguen existindo e vostede acaba de dicilo.

Fálame tamén dos usos militares que se fan dos drones. Non existen usos militares. Acabamos de ver como é algo que moitísimas empresas queren utilizar, é como un polo de atracción para o impulso económico de Lugo e de Galicia, que boa falta nos fai. Vostedes están empeñados en destruír todo iso, eu non sei por que.

En todo caso, claro, se de todos eses adornos que vostede fai na súa pregunta respecto ás concertinas, respecto de usos militares, respecto de por que se fan manobras militares nun campo de manobras militares, e todo iso, respondemos con lóxica, probablemente a pregunta carecería de sentido na miña opinión, humildemente; pero claro, non lle quedaría tan ben, e ao mellor non a podía facer.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Réplica, señor Vázquez.

O señor VÁZQUEZ DÍAZ: Semella, señor Rueda, que a vostede lle causa estrañeza que despois da realización dunhas manobras militares da OTAN en Galicia nós, no exercicio da nosa función de control ao Goberno, lle preguntemos por elas, é algo tremendamente estraño que nós preguntemos, pero é algo que non acontece todos os días, supoño, que unha forza multinacional de milleiros de homes con vehículos blindados se desprace a un lugar onde previamente se instalaron concertinas —eu non dixen en ningún momento que estiveran presentes aínda esas concertinas—, e retiráronse en xuño cun custo de 220.000 euros; retiráronse en xuño cun custo de 220.000 euros a petición do Bloque Nacionalista Galego, cunha emenda que tamén presentamos nós.

Por favor, non dexeneren os argumentos ata ese punto e infórmense un pouco. *(Murmurios.)*

E esta é a forma que ten de entender o Partido Popular a función de control. Si, señor, evadir a resposta, facer circunloquios e circularidades. Vostedes mentiron e sábeno, nós

sabemos por que instalaron as concertinas, non foi casualidade, nós sabémolo; como tamén sabíamos o que estaba pasando en Rozas, e tamén sabemos que o que pasa en Rozas está relacionado co que está pasando no campamento de Parga. O que non entendemos é por que vostedes o ocultan e por que vostedes enganan a cidadanía. Eu respondo ás preguntas, non fago como vostede.

Con respecto á súa primeira pregunta, si, estou de acordo. Con respecto á segunda pregunta, non, non estou de acordo; o convenio de cesión dos terreos dos montes veciñais realizados na década dos corenta polos veciños de Parga foi para a instalación dunha escola de enxeñeiros, non dun campo de tiro. Estase a incumprir ese convenio de cesión. Non estou de acordo.

Terceira pregunta, si estou de acordo. Co que non coincide con vostede é que as competencias en materia de defensa de España sexan da OTAN, non son da OTAN, son do Estado español.

Polo tanto, a min non me causa estrañeza que haxa un exército español no campamento militar de Parga, o que si me causa estrañeza, e por iso eu llo pregunto aquí, é que pinta unha forza multinacional...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Vázquez. Grazas. *(O señor Vázquez Díaz pronuncia palabras que non se perciben.)*

Grazas, señor Vázquez. *(Aplausos.)*

Turno de peche, señor vicepresidente.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Vázquez, dicíalle antes que eu son perfectamente consciente de que a pregunta a fai vostede, pero alégrome de que me conteste ás preguntas que lle fago eu, porque así podemos centrar o tema un pouco.

Está ben que saian as preguntas para ver o que son patrañas. Agora sabemos que o das concertinas era unha patraña, vostede dime que me informe ben ou que non me informe. *(Murmurios.)* Vostede dixo hai un momento que

había concertinas todavía... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Para iso está o *Diario de Sesións*, afortunadamente. Xa non as hai, xa non as hai, afortunadamente. (*Murmurios.*)

Dime que evado a resposta. Vólvolle dicir, a pregunta é, ¿que opina o Goberno galego de que se fagan unhas manobras polo Goberno español nun campo de manobras para facer manobras ou que valoración facemos cos aliados da OTAN? Pois paréceme que están cumprindo a súa función.

Eu acórdome cando me dicía algún deputado do BNG, que agora non está, respecto ás actuacións que había na Brilat, que é que o problema era que a Brilat era un exército invasor. Claro, se ese é o plantexamento, non nos imos poñer de acordo nunca. E se ese é o seu plantexamento, tampouco nos poñeremos de acordo nunca.

En todo caso, señor Vázquez, vostedes que falaban da Syriza galega (*Murmurios.*), se o modelo é... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Se o modelo é poñer as liñas vermellas dicindo que en ningún caso, como acaban de dicir en Grecia, se sae da OTAN, non se baixan os gastos militares, que se nomea ministro de Defensa a un representante do partido da ultradereita que está gobernando co partido de Syriza en Grecia, se ese é o seu modelo, ese non é o noso; entón, tampouco nos poñeremos de acordo ao falar de manobras militares.

Mire, eu simplemente me pregunto, para centrar a cuestión e ver onde estamos cada un. Se fora o Goberno do Partido Popular... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) o que estivera dicindo que 37 anos despois, ou os que vaian, se volva recuperar para o ministro de Defensa non un civil, senón un militar, que foi o que coordinou a participación, a través da OTAN, por certo, de España en Afganistán e en Libia, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*), se llo estiveran poñendo como ministro de Defensa e se me dixera que ese é o seu modelo de defensa, diríalle que o noso non. Polo tanto, nisto tampouco nos poñemos de acordo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Pregunta de D. Ricardo Vicente Docasar Docasar e catro deputados/as máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as queixas formuladas respecto da resolución da Secretaría Xeral de Igualdade referida ás axudas ás ANPA dos centros educativos públicos e destinadas á realización de actividades extraescolares e complementarias para facilitar a conciliación da vida persoal, laboral e familiar

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Docasar Docasar

O señor DOCASAR DOCASAR: Moi ben, grazas, presidente.

Señorías, boas tardes.

Señor Rueda, benvido.

Nas últimas semanas teñen chegado ao Grupo Socialista unha morea de queixas dende as ANPA dos centros educativos, por mor dunha resolución da Secretaría Xeral de Igualdade publicada no DOG o pasado 28 de decembro, curiosamente o día dos inocentes. Esa resolución tiña como obxecto conceder axudas financiadas nun 80 % polo Fondo Social Europeo ás ANPA de centros educativos galegos sostidos con fondos públicos, e destinadas a realizar actividades extraescolares e complementarias para facilitar, supostamente, a conciliación da vida persoal, laboral e familiar.

Na citada resolución da Secretaría Xeral de Igualdade dise textualmente que só se poderán subvencionar aquelas familias que teñan uns ingresos menores a 6,5 veces ao IPREM, convertendo *de facto* as ANPA en sucursais das delegacións de Facenda, ou mesmo en oficinas de detectives privados.

Contempla tamén a citada resolución, señor Rueda, que a subvención a cada neno ou nena terá un importe de 1,10 euros, cantidade totalmente insuficiente para poder atender axeitadamente unhas actividades que veñen custando, en moitos casos, entre 5 e 7 euros, e que poden chegar, en determinadas circunstancias, en actividades máis novidosas, ata 20 euros por hora.

Consideran tamén os colectivos das ANPA, señor Rueda, que os criterios de avaliación son en moitos casos surrealistas, pois pensan que van mesmo en contra dos propios fins da subvención.

Outra das cuestións que poñen en cuestión os beneficiarios das axudas teñen que ver coa propia tramitación da xustificación para o cobro das subvencións, xa que hai unha infinidade de conceptos e documentacións que exceden por completo o labor das propias ANPA.

E sirva como exemplo, señor Rueda, do que dicimos a petición de axuntar a declaración da renda de cada familia, polo rexeitamento que ten, por unha banda, que un particular ceda a outro a súa declaración da renda e, por outra parte, a propia normativa existente en relación coa protección de datos. E todo iso sen contar tampouco o enorme traballo burocrático e administrativo que terían que desenvolver os responsables das ANPA.

Hai tamén outro dato que debería facerlle reflexionar, señor Rueda. Estoume a referir, en concreto, ao feito de que tiveron vostedes que enviar unha comunicación aos centros educativos para pedirles que incentivasen a participación das ANPA neste tipo de axudas. Entende o Grupo Socialista que as cuestións que vimos de expoñer merecen, en primeiro lugar, unha explicación e, posteriormente, unha rectificación por parte da Xunta de Galicia, e precisamente por iso lle preguntamos: ¿que teñen previsto facer vostedes, se é que teñen previsto facer algo, para arranxar esta anómala situación que denuncian as ANPA dos centros educativos galegos?

Por certo, señor Rueda, se realmente teñen vontade de arranxar esta situación, séntense con Confapa Galicia e atendan as súas sensatas suxestións. Aquí teño, por certo, dúas cartas que me gustaría despois entregarlle, se non ten vostede inconveniente, co que lles enviaron: unha carta é para o señor conselleiro de Educación e outra é para vostede.

Pola miña parte, máis nada neste primeiro turno, e agardo que teñan sensibilidade de resolver esta situación.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Docasar.

Resposta do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Señor presidente.

Señor Docasar, efectivamente, son consciente deste problema, porque é un problema, ademais, que o reflectiron os medios de comunicación bastante nas últimas semanas a raíz, efectivamente, da convocatoria que fixo a Secretaría Xeral de Igualdade para as subvencións deste ano.

Eu creo que estará vostede de acordo comigo, seguro, en que todo o que faga a Administración por loitar contra a violencia de xénero e por favorecer a igualdade e a non discriminación, e pola conciliación, que tamén é un xeito, aínda que sexa indirecto, de loitar contra todas as cuestións anteriores, estará ben.

E esa foi a razón de dirixirnos hacia as ANPA para incentivar que pediran estas subvencións, ante a confusión que somos conscientes, porque é lóxico, cando se dirixen a nós dicindo que hai cousas que non están claras. Somos perfectamente conscientes de que hai cousas que necesitan, efectivamente, ser clarificadas, e que non se queden subvencións sen pedir por un mal entendemento dos requisitos da subvención.

Efectivamente, este ano houbo un cambio de criterio, e estará de acordo comigo, tamén, en que a obriga da Administración é contar con cantos máis fondos mellor para, precisamente, incentivar este tipo de actuacións cos cartos suficientes.

E igual que ata o de agora, no período que acaba de rematar de financiamento europeo estas actuacións se subvencionaban co Fondo Social Europeo, agora tamén é así; o caso é que no novo período 2014-2020 —empezou a efectos prácticos con esta convocatoria— os criterios de utilización do Fondo Social Europeo teñen mudado e, polo tanto, a nosa obriga é reflectir eses cambios á hora de pedir as xustificacións da orde, e intentar suavizalos e facilitalos na maior medida posible.

É certo que estamos pedindo, e que se está pedindo, porque —insisto— son criterios do Fondo Social Europeo, co cal se nutren e se nutrían este tipo de axudas, establecer un custo simplificado, —obriga do Fondo Social Europeo—, establecer tamén un custo máximo subvencionable —obriga do Fondo Social Europeo—. Na réplica podemos falar de se as cifras son acaídas ou non. Pero tamén é certo que se pedía agora que se acreditasen os ingresos das familias que están pedindo. É

certo que isto foi –polo menos, o que a nós nos chegou– a maior dificultade que poñían as ANPA, non a única, pero si a que lles producía máis molestias ou máis impedimentos á hora de poder solicitar a subvención. E iso sábeo vostede, que houbo unha reunión da Secretaría Xeral de Igualdade cos afectados na que se acordou que ou ben o facían directamente, ou ben o autorizaban. E iso haino que falar cos pais, pero iso pódeo facer unha ANPA; creo que ata aí se pode chegar. E á parte insisto en que é necesario para acceder aos fondos que autoricen á Secretaría Xeral de Igualdade para que poidan consultar os datos na Axencia Tributaria.

Creo que isto é un paso importante; a moitas asociacións de pais isto satisfíxolles, polo menos no problema fundamental que tiñan. Somos conscientes de que hai outros e intentaremos ir solucionándoos, pero creo que a obriga fundamental e o obxectivo a seguir dispoñendo destes fondos son que os criterios para utilizalos son outros, e entre todos espero que sexamos capaces de ir facilitando que se pidan estas subvencións, porque o que nos interesa a todos é a conciliación, e a conciliación é certo que se logra a través destes fondos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Réplica, señor Docasar.

O señor DOCASAR DOCASAR: Grazas, presidente.

Señor Rueda, por suposto que comparto o obxectivo dese tipo de axudas, ¡faltaría máis!, do tema da conciliación da vida laboral e familiar das familias, pero o que non se pode dubidar é que as familias teñan un malestar, e hai que procurar darlles unha solución. Por iso me gustaría saír hoxe de aquí coa idea de que isto se vai abordar en serio para intentar solucionalo e ser capaces de que isto que nos din as familias, que é moi razoable, se poida solventar.

Os motivos que eles din están claros, hai trámites que son engorrosos e inasumibles –vostede tamén o acaba de recoñecer–, que os levan a preferir, ás veces, a non pedir as axudas antes que pedilas polos trámites que lles supoñen. Aí está esa circular que se mandou aos centros precisamente

para incentivar, para pedirllas ás ANPA que se puxeran a pedir as subvencións, porque non as estaban pedindo, señor Rueda, esa é a realidade.

E poñerei tamén algúns exemplos máis de cousas que non lles gustan, as subvencións que se lles ofrecen son incompatibles con calquera outra axuda pública. Resúltalles imposible, señor Rueda, facer unha previsión de cantos nenos e nenas van acudir a unha determinada actividade, polo que establecer un orzamento é practicamente imposible. Pídeselles ás ANPA que fagan estudos das contornas familiares e laborais de cada familia que participa nas actividades, todo iso se lles está pedindo.

Pídeselles, tamén, que se establezan obxectivos de mellora da súa situación, a través da propia actividade, datos moi sensibles, por certo, que poucas familias están dispostas a compartir, nin as ANPA as xestionar. Pónselles a condición de facer declaración da renda a todas as familias que sexan subvencionadas.

En definitiva, señor Rueda, obríganse as ANPA –para acadar as subvencións– a realizar toda unha serie de actuacións para as que non están preparadas, dando toda a impresión –ou iso é o que senten eles– que hai as axudas pero que non se van poder gastar eses importantes fondos, precisamente porque a xente non as vai pedir, e de feito non as están pedindo.

Polo tanto, señor Rueda, rectifiquen, séntese coas ANPA escoiten os seus razoables argumentos e tamén se están interesados en solucionar este asunto. Confapa Galicia, insisto, tenlles pedido unha audiencia dende o 22 de xaneiro, tanto a vostede coma ao señor conselleiro de Educación; recíbanos e arranxen, dunha vez por todas, esta lamentable situación.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Docasar.

Turno de peche, señor vicepresidente.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Señor Docasar, as axudas si que se están pedindo, á

parte preguntei como, loxicamente, pero os criterios cambian, é lóxico que ata que iso se aclare poida baixar o número de solicitudes, e tamén é unha obriga da Administración poñerse a disposición das ANPA e dicirlles que se hai algún tipo de dificultades que estaremos para solucionarlos no que se poida.

Hai outras, vólvollo dicir, e non enganamos a ninguén, que son novas exixencias do Fondo Social Europeo. Intentemos entre todos facilitar os trámites para que se poidan cumprir, pero tamén estará de acordo comigo en que cumprilas hai que cumprilas.

Xa digo, eu recóllolle esas cartas con moito gusto, creo que coñezo as demandas, e estamos intentando solucionarlas. Insisto que a principal, que era a petición dos datos fiscais ás diferentes familias que se han de acoller ás subvencións, iso xa está solucionado, pode pedilos á Secretaría Xeral de Igualdade, simplemente se ten que autorizar, pero iso está pasando noutras subvencións e creo que se soluciona gran parte do problema.

E o de que non son compatibles con outras axudas, efectivamente, xa pasaba antes, non nesta axuda concreta, pero si noutra parecidas, e o único que podemos dicir é que hai que diversificar as peticións e o que se pida por aquí, pois, loxicamente, pódese pedir para outra actividade concreta que fagan as ANPA outro tipo de axuda respecto doutra orde de subvención. Aquí é certo que son incompatibles, porque as incompatibiliza o propio Fondo Social Europeo.

Pódense facer outras cousas, en cambio, que nos pediron, como cando se pedían máis de dez alumnos por actividade. Xa puxemos unha excepción –e ademais é certo que era necesaria para aquelas vilas máis pequenas, unidades de escola máis pequenas–, onde ao mellor era difícil reunir a dez alumnos poder excepcionalo cando se dan unha serie de circunstancias. Polo tanto, creo que atendemos unha das peticións principais que, efectivamente, podería ser difícil nalgúns casos: xuntar a dez alumnos para unha actividade.

Respecto ao que se pide agora, que tamén é unha das cousas que dicían as ANPA, que a partir dun certo nivel xa non se poden pedir axudas. Oia, eses seis veces e medio de IPREM

son case 50.000 euros por unidade familiar, que se son monoparentais ou numerosas soben a 55.000.

¡Home!, sempre os límites son discutibles, pero creo que é un límite bastante razoable para poder acudir a axudas, non pode todo o mundo, pero creo que seis veces e medio de IPREM estaremos de acordo, ou polo menos eu así o penso sinceramente, que acolle a moitísimas das familias que poden necesitar unha axuda para que os seus fillos poidan facer unha actividade na ANPA e, polo tanto, poidan conciliar.

Respecto a outras cousas que dicían as ANPA: o custo simplificado –xa digo– obriga ao Fondo Social Europeo; calcúlase en 10 euros por hora de actividade, e eses datos están sacados do Instituto Nacional de Estatística. Dalgún sitio haberá que tomar de referencia o obxectivo para calcular o custo. E falaban vostedes custo-actividade entre 15 e 25 euros por mes. É que vostede eu non sei na pregunta, pero eu teño escoitado algunha declaración de membros do seu grupo que falaban de 110 euros por mes custo de actividade, pois se non é así quedome tranquilo, porque non sei de onde poden sacar esa cifra, que se empezamos a obxectivar estes temas creo que teremos a solución.

Insisto, hai requisitos que non imos poder obviar, outros coa axuda da Secretaría Xeral de Igualdade por suposto, ¡faltaría máis! O que nos interesa, efectivamente, e que se iso lles parece mal, que creo que non, se estarían equivocando. O que nos interesa, efectivamente, é que todos os que queiran pedir estas axudas que as pidan, que os cartos se esgoten, e a pena é non poder ter máis. E dende logo creo que sería un fracaso para todos, pero creo que non vai ser que sobren os cartos dos que se ofrecen porque a xente non os poida pedir, ou porque non se queiran coller, ou porque non saben pedir. Para iso estamos, para axudar, e sinceramente,...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): ... creo que co nivel de peticións, ao final os cartos non van chegar para todas as cousas que vai haber.

Moita grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Pregunta de D^a María Julia Rodríguez Barreira e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para solucionar os problemas de conexión do sistema de saneamento no Porto Seco de Monforte de Lemos para facilitar a implantación de empresas

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Rodríguez Barreira.

A señora RODRÍGUEZ BARREIRA: Grazas, señor presidente.

Boas tardes, señorías.

Señora conselleira, o Porto Seco de Monforte naceu coa vocación de ser un revulsivo que revitalizaría a economía da terra de Lemos, unha gran plataforma loxística avalada pola súa estratéxica ubicación ferroviaria e tamén pola súa equidistancia aos portos e aeroportos de Galicia.

O convenio que lle daba saída firmouse no ano 2000, pero non foi ata o ano 2010 cando este Goberno da Xunta o impulsou coa realización e execución das obras de urbanización que posteriormente adosa accesos, estando rematado actualmente o acceso coa LU 933, a pesar da situación de crise que vivimos nestes anos.

A redución do prezo do solo e a declaración de proxectos singulares a dúas empresas interesadas fixo que os monfortinos recuperamos a confianza neste proxecto e na posibilidade de que esa realidade da infraestrutura se convertera pronto nunha realidade empresarial; unha realidade empresarial que se materialice en postos de traballo, en investimentos, en actividade económica. En definitiva, nunha comarca que está moi afectada polo paro e pola recesión.

Nembargantes, en datas recentes vimos de coñecer que o mal estado do mantemento e da conservación que presentan a rede e as instalacións do saneamento urbano de Monforte impiden conectar o saneamento do porto seco á rede urbana, e, polo tanto, isto está imposibilitando a obtención de licenzas e a implantación de empresas no porto seco.

E neste punto, señora conselleira, gustaríame facer referencia, efectivamente, a que temos unha rede obsoleta, froito dunha ausencia total de renovación, de mantemento e de conservación nos últimos doce anos, e gustaríame facer unha reflexión, porque constantemente nesta bancada estamos a soportar que nos carguen con ese trato de favor ás empresas.

Pois ben, esta situación na que nos atopamos, conselleira, é consecuencia dun trato de favor, como non se viu outro, dun goberno do BNG a unha empresa concesionaria, permitindo durante doce anos que incumprira sistematicamente as súas obrigas, mesmo que desaparecera a oferta e o documento no que sostiñan os seus compromisos e as súas obrigas, e polo tanto iso foi o que nos trouxo ata aquí.

Ben, o BNG pagou o seu custo electoral, pero os monfortinos herdamos esta situación que está impedindo que as empresas que están interesadas en instalarse no porto seco o poidan facer.

Chegamos a un límite, conselleira, no que mesmo algunha destas empresas ameaza con que se non se soluciona esta situación se poderían instalar e buscar solo noutra localidade. Sabemos que estamos ante unha competencia municipal, sabemos que isto é consecuencia dunha inacción e unha mala xestión dun anterior goberno, e sabemos que o concello non está dando solución a esta problemática, de maneira que non está autorizando ou outorgando as licenzas necesarias.

Pero tamén sabemos que esta situación do saneamento municipal do concello de Monforte pode estragar os esforzos inversores feitos pola Xunta de Galicia, poñendo en risco a implantación destas empresas. Por iso lle pregunto, ¿que medidas vai adoptar a Xunta de Galicia para atopar solucións aos problemas de conexión do sistema de saneamento para facilitar a implantación de empresas no Porto Seco de Monforte?

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Barreira.

Resposta da conselleira de Infraestruturas e Vivenda.

**A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVEN-
DA (Vázquez Mourelle):** Grazas, presidente.

Señoría, na Xunta de Galicia estamos traballando con intensidade para desenvolver políticas e medidas para impulsar o crecemento económico en Galicia. O obxectivo último: máis e mellores oportunidades para todos os galegos, independentemente do lugar onde vivan, e, dende logo, dentro deste desenvolvemento económico que estamos a impulsar Monforte ocupa un lugar destacado, así o demostran os fortes investimentos que estamos a realizar en Monforte nos últimos anos, dotándoo de solo industrial, tamén pola posta en marcha do Porto Seco de Monforte e tamén polas melloras significativas das comunicacións.

Dende logo que foi a actual Xunta de Galicia quen impulsou o Porto Seco de Monforte en decembro de 2010, iniciando e activando as obras de urbanización que remataron en decembro de 2013.

Dende entón non deixamos de traballar para potenciar o Porto Seco de Monforte e que se converta, realmente, nunha plataforma loxística intermodal en Galicia. Fíxemolo coas melloras das comunicacións viarias: saben que estamos a punto de rematar a conexión do porto seco coa estrada autonómica LU 933, 6 millóns de euros da Xunta de Galicia, e tamén a finais de novembro pois a totalidade da vía de altas prestacións Sarria-Monforte estará aberta ao tráfico grazas a 135 millóns de euros da Xunta de Galicia.

Ademais das conexións, tamén fixemos o porto seco máis accesible coas bonificacións do 50 % do solo con respecto ao prezo inicial. Temos adxudicados 40.000 metros cadrados á empresa Abiga para desenvolver un proxecto empresarial cun investimento de 20 millóns de euros, e para xerar 35 postos de traballo directos e 105 postos de traballo indirectos.

Pero o certo é que esta empresa está a ter moitos atrancos, moitos atrancos e non é posible obter a licenza municipal, licenza municipal totalmente necesaria para desenvolver ese proxecto para xerar emprego e riqueza, e sabe vostede que o proxecto sectorial aprobado, co visto e prace dos servizos municipais do concello, prevía a conexión do saneamento do porto seco á rede municipal.

A situación da rede de deterioración, a da rede de saneamento, e polo tanto a Confederación Hidrográfica, levou a solicitar instar o Concello de Monforte a que redactara un plan de redución da contaminación que impida novas cargas e vertidos a esa rede.

Estamos preocupados porque a rede de saneamento lastre o futuro do Porto Seco de Monforte, e a pesar de non ser competencia da Xunta de Galicia, dende logo dixemos que pola Xunta de Galicia nin unha soa empresa ía deixar de instalarse no Porto Seco de Monforte. Polo tanto, estamos a traballar para acadar unha solución ao Porto Seco de Monforte.

Pola miña parte nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira.

Réplica, señora Barreira.

A señora RODRÍGUEZ BARREIRA: Grazas.

Señora conselleira, pois non podemos amosar máis que a nosa satisfacción porque estea a traballar en dar solucións, en buscar solucións para este problema que entendemos que é un problema grave, porque en definitiva é certo que o concello elaborou un plan de eliminación de verquidos, pero a pesar do tempo transcorrido pois non parece que este plan estea a dar solución ou sexa unha solución suficiente, por si mesmo, para resolver esta problemática.

Polo tanto, dito isto —e conscientes de que estamos ante unha problemática importante que afecta o futuro do porto seco e a implantación de empresas—, gustárame que se confirmara se, efectivamente, o porto seco conta con toda a infraestrutura necesaria para conectar o saneamento. Polo tanto, estamos no punto de que isto estea afectando a unha competencia estritamente municipal.

E dado que vén de manifestar a súa disposición para achegar solucións a un problema, como dicimos, tan importante para Monforte, pero tamén para toda a súa comarca, é por iso que se é posible me gustaría que nos amplíe información sobre esas posibles solucións —nas que dende a consellería se está a traballar— que permitan ou que poñan na liña de ver como podemos ou como se pode dar solución a esta problemática de conectar o saneamento do porto seco;

en definitiva, permitir que as empresas interesadas en instalarse alí pois poidan acadar as licenzas correspondentes e definitivamente implantarse.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Barreira.

Turno de peche, señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Como dixen na miña primeira intervención, no Goberno galego estamos apostando decididamente polo porto seco de Monforte. Investimos máis de 13 millóns de euros para adquirir os terreos, para urbanizalos, máis de 6 millóns de euros para que teña unha cohesión coa estrada autonómica LU-933, con 13 millóns de euros, e tamén con bonificacións do 50 % do prezo das parcelas, que é un bo incentivo para que veñan as empresas a xerar emprego e riqueza.

Tratamos de facilitar a instalación de novos proxectos empresariais para desenvolver actividade económica nesta plataforma loxística o antes posible, pero o certo é que actualmente estamos a encontrar moitos atrancos, e estase a dilatar a implantación de empresas neste parque empresarial como consecuencia do estado da rede de saneamento.

O porto seco conta con todas as infraestruturas previstas e necesarias para realizar a cohesión á rede de saneamento, tal e como estaba previsto no proxecto sectorial aprobado polo Bipartito, e dende logo que para completar esta conexión fai falta que a rede de saneamento cumpra os requisitos que marca a Confederación.

A Confederación, como sabe, condiciona a conexión do saneamento do porto seco de Monforte a que o Concello de Monforte presente, desenvolva e execute un plan de redución de contaminación, que ten que presentar ese organismo, pero que está pendente de materializar. Hai que arranxar a rede de saneamento; está deficitaria, está deteriora, e está, dende logo, saturada.

Esta demora na execución do Plan de contaminación preocúpanos moitísimo, porque está afectando negativa-

mente o desenvolvemento do porto seco de Monforte. Tamén afecta eses veciños de Monforte, porque aqueles que soliciten licenza non a poden ter, se queren facer unha nova vivenda, un novo local ou un novo establecemento hostaleiro.

A pesar de que o saneamento e a depuración é competencia municipal, dende a Xunta de Galicia estamos a colaborar e a traballar para achegar solucións. Non nos queremos desentender dun problema que pode lastrar o futuro e condicionar o futuro do porto seco, non podemos quedar á marxe, e, dende logo, dende a Xunta de Galicia non imos permitir que se perda esta oportunidade en Monforte.

Por iso, aínda que é unha competencia municipal, estamos a punto de rematar o proxecto construtivo dun saneamento independente; un sistema de saneamento que está falado coa Confederación, un sistema de saneamento autorizable pola Confederación Hidrográfica. Dende logo, estamos en disposición de que nos próximos días entreguemos este proxecto ao Concello de Monforte e poida contratar as obras o antes posible, para que esta empresa que vai xerar emprego e riqueza en Monforte poida instalarse de forma definitiva.

Estamos convencidos de que esta depuradora compacta e independente permitirá aproveitar estas oportunidades que ten o porto seco en Monforte, que estamos a piques de perder, e eu espero e agardo que, por parte do Concello, teña unha acollida responsable para poder desenvolver este proxecto de saneamento independente. Dende logo, deste xeito si que estará garantido o desenvolvemento do porto seco de Monforte e, por suposto, sobre todo, o progreso de Monforte e de toda a comarca de Monforte.

Pola miña parte, nada máis. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora conselleira.

Modificación da orde do día

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Quero informar, antes de pasar á seguinte pregunta, de que foi retirada a pregunta 45491 do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, que figura en último lugar.

Pregunta de D^a Carmen Adán Villamarín e D. Cosme Eladio Pombo Rodríguez, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas adoptadas polo Goberno galego para o desenvolvemento no ámbito educativo da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Para formular a pregunta ten a palabra a señora Adán Villamarín.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Moitas grazas, presidenta.

Boa tarde. Boa tarde, señor conselleiro.

Quero comezar condenando a agresión homófoba que tivo lugar onte en Compostela e lembrando todos os prexuízos que aínda temos que eliminar, e tamén pedir que se cumpran as leis, neste caso a lei galega, que recolle claramente que, en caso de que existan esas agresións, o Goberno se interesará ao respecto. Supoñemos que xa o fará, e igual o conselleiro de Educación non nos pode dar conta disto, pero si que agardamos que tivera en conta o Goberno esa agresión e que se poñan os mecanismos necesarios para falar coas persoas que a sufriron.

Mire, señor conselleiro, sabe vostede que o capítulo V da lei galega –na que chegamos a un acordo importante neste Parlamento, xa hai dous anos, da Lei pola igualdade de trato e non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais de Galiza– recolle diferentes medidas –se cadra escasas, efectivamente–, pero diferentes medidas no seu articulado, en concreto no artigo 22, a respecto da inclusión nos plans de estudo da realidade LGBT. E en concreto sabemos que asociacións de nenos e nenas trans se puxeron en contacto con vostede para saber se se incorporaría nos currículos escolares esta realidade dos nenos trans, que estes días, despois dunha xornada de análise e de estudo na universidade de Santiago de Compostela, está enriba da mesa. Agardamos que vostede nolo explique.

O mesmo no artigo 23, a respecto das actitudes, e no 24, a respecto da formación do profesorado. Pedíralle saber cantos cursos de formación se deron nestes dous anos ao profesorado de Galiza nestas realidades de lesbianas, gays e trans. Ademais, efectivamente, sabendo que temos ao redor de 380

nenos e nenas escolarizados trans en Galiza, nos diferentes centros escolares, gustaríanos saber se ese profesorado recibiu esa formación, se se vai recibir no futuro e cal é a situación, porque sabemos que é unha situación moi complexa, de difícil traballo na aula e nos propios centros escolares.

Tamén no artigo 25, a respecto desa divulgación desta realidade coas ANPA, as ANPA de Vigo, a través de diferentes comunicados e tamén incluso dunha concentración en fronte do Marco para mostrar a súa solidariedade co mozo Alan, que se suicida despois de sufrir acoso pola súa realidade trans. Pois iso tamén motivou esta pregunta; é dicir, ¿que accións de formación e de contacto coas ANPA leva realizado a Consellería de Educación?

E, por último, o artigo 26, que claramente di que hai que combater ese acoso que poden sufrir os nenos e as nenas que viven esta realidade, e visibilizar esta situación.

Quero lembrarlle que os estudos falan de que o 95 % dos nenos e das nenas trans sofren acoso escolar...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: ...o cal é unha realidade que nos debe de preocupar.

Polo tanto, respecto da lei que existe, ¿que medidas se adoptaron, en concreto, en relación coa posta en marcha da lei, pero dos nenos e das nenas que viven a realidade trans, por favor? *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Adán.

Para responder ten a palabra o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Moitas grazas, señora presidenta.

Señora Adán, por suposto que este goberno se suma e compartimos a condena dos acontecementos coñecidos. Eu persoalmente coñézoos só pola prensa, non entran no meu

ámbito competencial, pero estou seguro de que a Xunta de Galicia articulará os mecanismos necesarios e precisos, xa que estamos ante unha situación que, obviamente, desde o punto de vista xurídico e moral, é absolutamente condenable.

Dito isto, creo que en Galicia temos que, dalgún xeito, pór en valor e felicitar en certa medida o conxunto de Galicia de ter unha lei. Fomos a primeira comunidade autónoma que tivemos unha lei que se acadou cun enorme consenso político nesta Cámara. É unha lei de igualdade de trato e non discriminación por razón de orientación sexual e de identidade de xénero das persoas LGTBI. Creo que iso é un logro colectivo, algo do que debemos estar orgullosos como país, e, como vostede ben sabe, é unha lei integral que, dalgún xeito, pretende traballar neste ámbito cunha perspectiva transversal no eido xurídico, no eido policial, no familiar, no laboral e, por suposto, no eido educativo, tendo en conta que a educación é quizais unha das peculiaridades sociais máis importantes, para, dalgún xeito, inculcar valores nos cidadáns do futuro; valores que, obviamente, vaian na liña que a sociedade demanda e que entendemos todos como positivos.

Dende o ano 2014, cando se aprobou esta lei, a propia Secretaria Xeral de Igualdade ten posto en marcha diferentes accións, unha en concreto moi vinculada co ámbito educativo, que ten que ver cunha campaña de información e sensibilización que en moi breve prazo de tempo se vai presentar e se vai difundir polos colexios e polos institutos, fundamentalmente dirixida á mocidade.

Agora ben, no ámbito especificamente educativo, eu pódolle dicir, señoría, que temos xa realizado o que son as adaptacións dos currículos, tanto no ámbito nacional como no ámbito autonómico, de xeito que o alumnado galego reciba unha axeitada formación en valores, tendo en conta que estamos falando tamén de valores fundamentais para a saúde social, dalgún xeito.

Dende unha perspectiva transversal, estes currículos o que nos plantexan son fundamentalmente tres cuestións, que teñen que ver coa concienciación e que teñen que ver coa prevención en certa medida destes sucesos:

Por unha parte, hai que intentar loitar contra os comportamentos e contra os estereotipos ou contidos sexistas de todo tipo.

En segundo lugar, tamén hai que loitar e frear todo tipo de discriminación por razón de orientación sexual, e, por suposto, hai que favorecer a visibilidade e normalizar unha situación que, con base na diferenza de xénero, a temos que interpretar todos como bastante normal.

Quero tamén dicirlle, señoría, que en moi breve prazo de tempo tamén imos presentar un protocolo –que o presentaremos ao conxunto de Galicia e, por suposto, á comunidade educativa–no cal se vai dar unha resposta a todo o que ten que ver co dereito á identidade de xénero. É un protocolo no que estamos traballando con asociacións especializadas nesta materia. Eu mesmo tiven reunións con persoas destas asociacións. Estao facendo o equipo técnico da Consellería, e creo que o máis importante é que fixemos unhas liñas de traballo para os profesores e para os alumnos, que informemos, que concienciemos e en certa medida que sexamos capaces de educar en valores a sociedade do futuro...,

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): ...tendo en conta unha cousa moi importante: que a escola ten que educar, e na escola os nenos e as nenas, os alumnos e as alumnas, están cinco horas. Este é un problema do conxunto da sociedade, onde o sistema educativo é un pilar fundamental. Pero temos que facer entre toda a sociedade un chamamento a que estas situacións que todos coñecemos, obviamente, non se repitan. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor conselleiro.

Turno de réplica.

Señora Adán, ten vostede a palabra.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Si, evidentemente, señor conselleiro, toda a sociedade ten que educar. Esta lei recolle medidas para os medios de comunicación no ámbito da saúde, pero, en concreto, estamos falando do ámbito educativo, e vostede coñece perfectamente que o ámbito educativo é fundamental. Estoulle falando dunha realidade de 380 nenos –calculados polas propias asociacións–, nenos e nenas

transexuais que viven unha realidade que eu creo que necesita detemento, pararse a analizala, e modificar, efectivamente, todos os currículos, e non soamente deixarllo á asignatura de valores, senón a toda a adaptación curricular nos plans de estudos, tal e como contempla a lei, e incluso nos plans de estudos relacionados con outra disciplinas, como poden ser as ciencias sociais.

Polo tanto, agardo que concrete un pouco máis a pregunta, ou, se non, formularémoslla tamén en comisión.

Pero non soamente quedamos aí, preguntolle: formación do persoal docente. A formación do profesorado é fundamental neste tema, porque non podemos deixalo á boa vontade dese profesorado. ¿Cantos cursos de formación se deron? ¿Cantas actividades se deron nos centros? E tamén lle pregunto se por parte do profesorado se pediu material específico a ese respecto.

E os másteres de formación de profesorado, ata onde eu sei, preguntando aos másteres de formación de profesorado, non incorporaron materias ou aspectos incluso sobre esta realidade, que si que consta na lei. Gustaríanos que vostede, como conselleiro de Educación, aínda que sabemos da autonomía da universidade, se dirixa á universidade para que incorpore nos másteres de formación do profesorado xa estas cuestións, porque unha cuestión é a formación continua do profesorado e outra é a necesaria que se dea nestes másteres. Igual que na identidade, non soamente a referida á identidade de xénero, senón tamén ao ámbito da igualdade en xeral.

Na divulgación en relación coas ANPA, se pode, concretamente. E, sobre todo, para combater o acoso, se vostede cre que debemos xa modificar esta lei ou a Lei de convivencia escolar para incluír a respecto da realidade que se está vivindo nos centros posibles acosos por identidade de xénero e por realidade transexual...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Se cre que debemos ter cuestións máis concretas nesta lei ou na Lei de convivencia.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Adán.

Réplica do Goberno.

Ten a palabra o señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Moitas grazas, señora presidenta.

Señora Adán, estamos de acordo en que o ámbito educativo é fundamental para a divulgación e a concienciación respecto destes valores no conxunto da sociedade, comezando polos cidadáns do futuro, que son os nosos escolares.

Tamén estamos de acordo en que nós estamos traballando da man das asociacións especializadas en pór en marcha medidas, a través deste protocolo que acabo de citar anteriormente, para concienciar, dalgún xeito, informar e regular esta situación nos centros educativos.

Señoría, estamos ante un asunto tremendamente complexo, moi delicado, que debemos afrontar con moitísimo mimo e con moitísima sensibilidade, porque cada caso é diferente. Vostede citou un número, pero todos sabemos que cada caso é diferente; mesmo o entorno familiar ou o entorno social de cada un destes nenos é diferente, e teñen unha percepción diferente de como afrontar esta realidade. Nós, obviamente, sendo conscientes da existencia desa diversidade, temos que actuar nesa materia.

Vostede trouxo aquí un asunto que celebramos, que é o que ten que ver coa formación dos profesores no futuro. De feito, hai moi poucos días puxemos en marcha un grupo de traballo entre a Consellería e as tres universidades, representadas polos 6 decanos de Educación, para, dalgún xeito, adecuar os contidos formativos do grao e tamén dos másteres de profesorado ao que son as novas realidades sociais e educativas. E un dos puntos máis importantes que tratamos, ademais das novas tecnoloxías, do ensino plurilingüe, etc., é o tratamento da diversidade para os futuros profesores, e neste tratamento da diversidade, obviamente, tamén todo o que ten que ver coa liberdade de xénero ten, ou está chamado a ter, un papel fundamental.

Os currículos que se citaron xa lle comentei que están adaptados neste sentido. Esta é unha cuestión transversal, que está en todas as asignaturas, e o que é fundamental é que se faga información e que se faga formación no profesorado. Estase facendo, estase facendo información e formación de carácter transversal, e tamén se está traballando moito co alumnado. Debemos ser conscientes dunha cuestión; é dicir, o propio neno con quen está máis en contacto é co propio alumnado, e, ás veces, os comportamentos máis vencellados ao que pode ser o acoso ou as burlas están vencellados ao propio alumnado. Co cal, o traballo tamén co alumnado, a sensibilización do alumnado e a información ao alumnado é moi importante, e neste sentido estámolo traballando.

Creo que cunha perspectiva integral é como se deben facer as cousas. Isto non é unha asignatura que se poida estudar, senón que é un conxunto de valores que se deben trasladar ao sistema educativo, ao profesorado, ao alumnado, ás familias. Debemos ser conscientes de que sempre se debe apostar por unha non-discriminación, de ningún tipo, pero moito menos por un carácter de xénero. Debemos apostar por unha integración e por protexer sobre todo a estes nenos, que son tremendamente vulnerables, co cal creo que necesitamos unha sensibilización da sociedade, do alumnado, do profesorado.

En definitiva, eu quixera facer un chamamento ao conxunto da sociedade no sentido de que a educación en valores como a convivencia, como o respecto aos demais, como o respecto ao diferente, como a integración na diversidade, é unha tarefa de todos. ¿No ensino? Por suposto, pero é fundamentalmente unha tarefa de todos. Os nenos están na escola un tempo...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): ...o resto están coas súas familias, cos seus amigos, están na sociedade, e creo que toda a sociedade ten que ser consciente da necesidade de respectar, de estimular e de favorecer ese tipo de valores.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor conselleiro.

Pregunta de D^a María Consuelo Martínez García, do G.P. Mixto, sobre as medidas previstas polo Goberno galego para recuperar o dinamismo demográfico e económico nos concellos do medio rural

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Para formular a pregunta ten a palabra a señora Martínez García.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Grazas, presidenta. Boa tarde.

Señora conselleira, ao longo desta crise, o rural galego padeceu unha sangría de poboación froito da marcha das persoas máis novas e do envellecemento das que permanecen. A poboación do rural en Galiza diminuíu máis que en calquera outra comunidade, un 7,35 % entre o 2008 e o 2014, o que supón 25 persoas menos cada día e un total de 55.000 habitantes menos. A finais de 2014, a poboación que vivía nalgún dos 230 concellos galegos do rural era de 750.719 persoas, o que supón o 27,2 % dos habitantes de Galiza; é dicir, o 72,8 % da poboación galega concéntrase en tan só 86 concellos.

En Galiza existen 184 concellos rurais con menos de 5.000 habitantes, nos que vive o 14 % da poboación. O número de habitantes entre o 2008 e o 2014 neste ámbito diminuíu un 10,3 %, a maior porcentaxe de todo o Estado. Galiza pasou de perder un 2,4 % da súa poboación rural entre o 2008 e o 2011 ao 7,3 % actual. E nos concellos máis pequenos, pasou dunha perda do 4 % de poboación nese período ao 10,3 % actual.

O maior problema poboacional de Galiza é o seu envellecemento. A proporción de habitantes con máis de 65 anos case duplica os menores de 16. No medio rural, o 31,7 % dos habitantes son maiores de 65 anos, e só o 9,2 % ten menos de 16.

Como consecuencia deste declive demográfico e da falta de oportunidades no rural, dende o 2000 ao 2014 o número de persoas ocupadas en Galiza no sector primario reduciuse en dous terzos, pasando de 171.696 postos no sector primario a 65.000 no terceiro trimestre de 2015. Os datos do IGE que analizan o PIB municipal mostran que entre o 2010 e o 2012 as comarcas do rural nas que o sector primario é a súa principal actividade ceden en renda

per cápita a pesar de perder poboación; unha realidade que se explica pola grave crise da rendibilidade do sector lácteo, as políticas agrarias e forestais que se están levando, a ausencia dunha aposta por unha industria ligada ao medio rural e pola evolución das pensións, que é a principal renda nestas áreas, onde a maior parte da poboación supera os 65 anos.

Ademais, transmiten tamén os datos do IGE unha profunda brecha entre a franxa atlántica e o interior, xa que as provincias da Coruña e de Pontevedra xeran o 77 % da produción final de Galiza. No ano 2012, o 44 % do PIB concentrábase nos sete grandes municipios galegos, e case a cuarta parte de toda a riqueza está nos concellos de Vigo e da Coruña. Por iso lle pregunto: ¿que medidas vai adoptar a Xunta para recuperar o dinamismo demográfico e económico nos concellos do rural?

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Martínez.

Para responder, ten a palabra a conselleira de Medio Rural.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejueto): Señora presidenta. Señorías.

Efectivamente, para poder vivir no rural hai que vivir do rural e, polo tanto, hai que contar con servizos. Nesa liña é na que está traballando este Goberno, promovendo a economía no rural, e isto exige complementar esta aposta, que leva aparelhada medidas tamén de ámbito social. Por iso dende o Goberno galego quixemos seguir desenvolvendo, de forma conexas e horizontais, as liñas estratéxicas que permitan completar esta oportunidade económica e laboral que dá o rural coa achega de condicións de vida que a fagan equiparable a calquera área da nosa comunidade. Lévese traballado moito, o cal non quere dicir que non teñamos que seguir incentivando e incluso impulsando moito máis.

Neste senso, o fenómeno da volta ao rural ligado á crise económica e á resistencia que ela supuxo nas actividades do sector primario, está a ofrecer, e ofreceu durante este tempo, un ámbito onde moita xente tivo que volver aos seus fogares, e é un dos fíos condutores que nos están ligando e guiando dentro da nosa actividade para este período.

Así, estivemos a traballar nas políticas que posibilitan unha dinamización diversificada da economía nestas áreas e naquelas de mellora da calidade de vida da poboación que vive no rural. Por iso dende a Consellería de Medio Rural desenvolvemos unha importante aposta a través da liña dos plans de desenvolvemento rural que xeran proxectos dinamizadores e daqueles realizados a través dos plans Leader. Dentro destes últimos, do 2007 ata o 2015 resolvéronse positivamente 2.183 proxectos, aos que se lles concedeu unha axuda de 92 millóns de euros, o que supuxo unha inxección e un investimento inducido de 226 millóns de euros. Estes datos supuxeron unha axuda media por proxecto de 42.000 euros e un 40,77 % da porcentaxe de axuda sobre o investimento total dos proxectos. Ademais, este investimento traducíuse na consolidación de 4.949 postos de traballo e na creación de 957 novos empregos.

Así mesmo, o Leader permitiulles aos grupos que, como regra xeral, o 25 % da súa estratexia poida ir destinada a proxectos de carácter non produtivo que redunden na mellora da calidade de vida da nosa poboación rural. Iso quere dicir mellora de infraestruturas sociais, como locais sociais, centros de día, escolas infantís, equipamentos informáticos ou melloras no patrimonio histórico, artístico e medioambiental, destinándose a este tipo de proxecto, cuxos promotores foron basicamente concellos ou asociacións sen ánimo de lucro, 18,6 millóns de euros para un total de 706 proxectos.

Esta é a liña que estivemos seguindo nos últimos anos, e, por suposto, temos nova proxección de aquí ao ano 2020. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora conselleira.

Para a réplica, ten a palabra a señora Martínez García.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Señora conselleira, eu realmente é que non sei de onde sacan vostedes os datos. Eu acábolle de dar os datos da perda de poboación, da perda de emprego, da desertización no que se está convertendo o rural; e vostede dime que se fixeron ata o ano 2015, dentro do Plan de dinamización do rural, 2.183 proxectos. Gustaríame que me dixera cales son eses proxectos, porque se vostede lle chama proxecto a montar un quiosco, pois é un proxecto, claro, pero eu estoulle falan-

do, de verdade, de economía que dinamice o rural, de industria relacionada co medio rural. ¿Cal é a súa aposta? Gustaríame saber en que proxectos están traballando para esa Industria 4.0 no mundo rural. Porque o mundo rural tamén ten dereito á Industria 4.0, ¿ou non? (*Murmurios.*) Entón, a min gustaríame que me contestara realmente cales son os proxectos de futuro.

E non me veña con que hai proxectos non produtivos en infraestrutura social, cando levamos toda a lexislatura falando dos medios de infraestruturas sociais no rural. Non hai atención primaria para atender o rural –quedan lonxe–, non hai ADO, non hai servizo de coidados paliativos, non hai garderías, non hai escolas para os nenos, non hai medios de transporte.

O rural está illado da costa, está illado da industria, está illado do futuro, non hai nin sequera un tren de proximidade, porque vostedes non apostan por achegar o rural ao resto de Galiza. Non hai acceso á internet, falámolo mil veces. A conexión á internet é imposible no medio rural, e é algo imprescindible para poder establecer industria, para poder establecer futuro e para poder establecer formación. Polo tanto, realmente co que me quedo é que a súa aposta polo rural é a que hai ata agora: un gran eucaliptal, cheo de anciáns, que acabará sendo un deserto, porque o que pretenden é vender o territorio galego ás multinacionais como ENCE para que nos planten eucaliptos, (*Murmurios.*) ou agora tamén ás industrias da acuicultura.

Si, señores, ese é o seu proxecto de país, e por iso van perder as próximas eleccións galegas...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor, señora Martínez.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: ...porque o proxecto dos galegos e das galegas é un proxecto...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Señora Martínez, remate, por favor.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: ...de futuro, de cultura.... (*A señora Martínez García pronuncia palabras que non se perciben.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Martínez.

Réplica do Goberno. (*Pausa.*)

Señora conselleira, ten vostede a palabra.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejueto): Grazas, presidenta.

Señoría, dicirlle que os proxectos Leader nunca poden estar tildados de proxectos quiosco porque son proxectos que saen da base, son proxectos que saen do medio rural; non son proxectos impostos por ninguén. Son proxectos nos cales hai unha base, que é a propia persoa que vive no rural, para despois desenvolverlo a través duns estudos previos. Co cal, cando vostede queira, eu convidareina a que visite algúns deses proxectos, como fixen eu no día de onte en Sober, (*Murmurios.*) por exemplo, nunha adega que é ante todo singular, con moita xente que son promotores do rural, xoves que cren no rural, nese lugar onde viviron.

Dicir, ademais, que vostede vive nun rural que eu non coñezo, eu vivo nun rural totalmente distinto. E créame que, a pesares de vivir eu no rural, tamén ando por todas as parroquias, as aldeas e os currunchos, (*Aplausos.*) e, dende logo, podo dicirlle que hai centros de saúde, que hai escolas infantís, que hai transporte. (*Aplausos.*) E dígollo eu, que teño os meus fillos que utilizan o transporte escolar dende unha aldea para ir a un pobo e poder estudar. (*Aplausos.*)

Miren, señorías, fixar poboación no medio rural; fomentar iniciativas empresariais que contribúan á creación de emprego no territorio; potenciar a instalación no rural de servizos asistenciais á poboación e favorecer a conciliación laboral e familiar; así como a atención básica aos colectivos máis desfavorecidos son preceptos básicos que seguiremos desenvolvendo dentro das actuacións que a Xunta de Galicia ten programadas, tal e como se define no Plan estratéxico de Galicia ata o 2020.

Así mesmo, espérase que, coa aplicación das diferentes accións do novo PDR, se poñan as condicións necesarias para consolidar neste período 3.000 empregos no rural e crear en torno a uns 1.000. Xa sei que os datos dun mes non reflexan o que poden ser os de todo un ano, pero direilles

que a tendencia é boa. O paro rexistrado no sector da agricultura caeu, respecto de xaneiro do 2015, nun 3,59 %. (*Murmurios.*) Polo que respecta á contratación, formalizáronse 2.009 contratos neste sector; un incremento do 17 % respecto do mes de xaneiro do 2015. Salientando que a contratación indefinida creceu nun 25 %, fronte ao incremento do 14 % de contratación temporal.

Para acadar un desenvolvemento territorial equilibrado —e agora veño de facelo—, acábase de aprobar no consello de Agader o novo Plan Leader a desenvolver, 2014-2020, ao cal destínanse 84 millóns de euros, sendo a propia poboación, a do rural, quen vai presentar os seus proxectos, que de ningún xeito eu podo permitir aquí que se diga que son quioscos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora conselleira.

Pregunta de D. Pablo García García e dous deputados/as máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para facilitarlle ás persoas interesadas o acceso á formación necesaria para a obtención do carné de manipulador de produtos fitosanitarios de nivel básico

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Para formular a pregunta ten a palabra o señor García.

O señor GARCÍA GARCÍA: Grazas, presidenta. Boas tardes, conselleira.

Eu creo que calquera se conformaría con que do rural deixase de saír xente, antes de plantexarnos que volvera outra ou de crear 3.000 postos de traballo.

Señora conselleira, xa hai bastante tempo que ninguén espera por este goberno para solucionar os problemas, pero agora xa estamos na fase de que, cando menos, non os dea. É dicir, xa a xente se conforme con que non os cree. Non pide xa solucións, xa hai tempo que a iso se renunciou, pero que non os cree.

Mire, ano 2012 —vostede sábeo—. Hai unha normativa europea desde o ano 2009, e introdúcese unha novidade con

respecto ao que había antes, que era a obrigatoriedade, para comprar os produtos fitosanitarios, de ter un carné, polo tanto, para acceder a eses produtos. Xa estaba, dalgún xeito, controlado o que é a aplicación deses produtos, pero como novidade tamén se prohibe a súa venda á xente que non teña o carné. Polo tanto, ano 2009-ano 2012.

Dende o ano 2009, sobre todo dende o ano 2012, a 26 de decembro do ano 2015, que era cando definitivamente entraba en vigor esa norma que impedía a venda de produtos fitosanitarios, ¿a que se dedicou este goberno? ¿Que fixeron neses tres anos? Dificultar, entorpecer, non dar información, ocultar, non abrir a oferta formativa o suficiente ás entidades, non poñer nin deixar poñer acceso á formación de forma telemática, restrinxindo as prácticas e a valoración das probas do exame aos seus centros de formación, que implicaba que a xente se tivese que desprazar moitos quilómetros para ir facer o exame e para ir facer as prácticas. En definitiva, fixeron aquilo ao que facía antes referencia, que é ese concepto máis arcaico da Administración de facerse notar para entorpecer algo. É dicir, se non existimos para solucionar problemas, ímonos facer notar, entorpecendo e poñendo todas as trabas posibles para dicir que existimos.

Mostraron unha vez máis que non se ocupan dos problemas deste país, que non coñecen este país, e non o coñecen porque non o escoitan. Polo tanto, ao non escoitar, nin se sabe ni se aprende nunca. Centos e centos de persoas, señora conselleira —e vostede sábeo—, nestes últimos dous meses desde ese 25 de decembro, están peregrinando as fins de semana ao Bierzo para obter ese carné; ese carné ao que durante tres anos vostedes lle puxeron todas as dificultades para poder obtelo e para poder facelo. Polo tanto, téñense que meter nun autobús, pagar 150 euros, ir ao Bierzo e sacar o carné, cando deberían ter unha administración que durante estes tres anos se dedicase a facilitarlle a vida a esa xente para non ter que pagar eses cartos e non ter que desprazarse a outros sitios.

Polo tanto, señora conselleira, nós vimos aquí con iniciativas, dicíndolle que solucionen o terrible, difícil e complexo problema do sector lácteo, do sector forestal. Señora conselleira, ¿se vostedes...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

O señor GARCÍA GARCÍA: ...non xestionarían nin un despacho de pombiñas de millo!, como di o outro, con todo o respecto para aqueles que xestionan despachos de pombiñas de millo.

¿Van poñer algunha medida...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

O señor GARCÍA GARCÍA: ...para solucionar este grave problema dunha vez por todas e rápido –porque estes produtos suelen aplicarse previos á cosecha, non sei se o saben–?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor García.

Para responder, ten a palabra a señora conselleira do Medio Rural.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejueto): Grazas

Efectivamente, a raíz da Directiva 2009/128, todos os países europeos estamos sometidos ao compromiso dun uso racional de produtos fitosanitarios. Na actualidade, 173 produtos fitosanitarios están autorizados para a xardinería exterior doméstica; é dicir, para que os poidan utilizar aquelas persoas que non precisen un carné.

Estes produtos teñen os principios activos necesarios para atacar distintas pragas, tanto da pataca como do viñado, que é o que máis se utiliza nas pequenas hortas, e son, polo tanto, para aquelas persoas que, tendo a súa produción moi limitada, non teñen que ter o carné, nin o básico nin o especializado. Aínda así, e a pesar de que esta listaxe de 173 produtos fitosanitarios debería ser suficiente para garantir un estado fitosanitario correcto, debemos atender a outra xestión de pragas. Dentro disto, aí están os usos profesionais; usos profesionais que non precisa todo o mundo. Polo tanto, estáselles notificando ás distintas organizacións para que haxa xente que non sexa enganada. É dicir, aquelas persoas que teñen catro vides ou sementan unhas patacas non precisan ter este carné.

Hai que dicirlles que a Consellería leva anos dando continuamente cursos de capacitación para obter o carné básico e tamén o cualificado. En concreto, non só o fai a Consellería do Medio Rural, senón que, como ben dixo, hai entidades de formación autorizadas, e non se lle pon atranco a ningún, simplemente han de cumprir coa lexislación vixente. Concretamente 20 entidades o teñen solicitado agora mesmo para formación presencial, e unha –en concreto, Unións Agrarias UPA– para impartir formación *on line*. Hai catro máis que pediron esa autorización, das cales dúas xa teñen a mesma e outras dúas terana antes de que remate este mes.

No ano 2015, e dentro do Plan de formación continuada da Consellería, aprobáronse 68 cursos de nivel básico, 122 de renovación deste nivel básico, 21 de nivel cualificado, 4 de renovación de nivel cualificado e 173 cursos que se impartiron a través de entidades homologadas. ¿E que fixo este goberno ao longo destes anos? Pois fixo tanto como permitir que 63.252 profesionais teñan ese carné xa e que o ano pasado se expediran 7.359 carnés. Para o ano 2016, e tras consultar entre o sector e as distintas organizacións das súas necesidades...,

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejueto): ...vaise dar prioridade aos cursos de nivel cualificado, así como ás renovacións dos niveis básico e cualificado. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora conselleira.

Réplica do señor García.

O señor GARCÍA GARCÍA: Señora conselleira, mire, a lexislación xa a coñecemos e, efectivamente, isto é para a aplicación de profesionais, pero na práctica, os produtos, case a totalidade de produtos que se usan hoxe en día e que se comercializan hoxe en día teñen un carácter comercial, e, efectivamente, parece que quen ten catro viñas tamén necesita comprar o produto, e non lle venden o produto fitosanitario. E non existe outro tipo de produtos aínda na industria que suplan, os, digamos, profesionais. Polo tanto, ese é o problema que temos.

Mire, señora conselleira, ¿sabe quen pediu a autorización para impartir *on line*, hai nove anos, por parte de Unións Agrarias como entidade colaboradora, para que a Xunta lle outorgara a licenza para poder impartir información *on line*? Un servidor, quen lle fala. Hai nove anos. Autorizárona o mes pasado porque se encontraron co problema. Hai nove anos que eu deixei Unións Agrarias, e eu fixen esa solicitude, efectivamente, para impartir. Non era unha eminencia, simplemente era facer o que estaban facendo o resto de comunidades autónomas, que era poder impartir esa formación de forma *on line*. A Xunta de Galicia tardou nove anos en facer a autorización, sen pagar un duro. Non se pedía unha subvención, nin se pedía que se puxesen cartos, simplemente que se autorizase. Tardou nove anos en facelo, e fíxoo este ano.

Señora conselleira, ¿vostedes este ano van facer todo aquilo que dixeron ou non? Vostedes este ano van permitir a formación *on line*, vostedes este ano van permitir que os exames se fagan fóra dos seus centros de formación, vostedes este ano van permitir que se despracen os cursos ás localidades, vostedes este ano... Señora conselleira, vólvolle ao mesmo, eu recordo cando pedíamos 30 cursos e nos daban 5, igual que ao resto de entidades colaboradoras; 5 cursos por ano.

Polo tanto, van facer todo aquilo que non fixeron o resto dos anos, porque, efectivamente, se encontraron cun problema. ¿Ou quéreme dicir que os que van a Castilla-Léon, ao Bierzo, o sábado á mañá é que non teñen outra cousa que facer e que se aburren? Polo tanto, van dar un paseíto a Castilla-León, de paso fan un exame de fitosanitario e traen o carné. Non, señora conselleira. Vostedes non fixeron nada do que había que facer durante estes tres anos, non se enteraron nin sequera de que había que facelo, e agora teñen un tremendo problema. ¿Que iso é un problema para nós? Xa llo teño dito, o problema non son eu, o problema é toda a xente que está aí, que desde o 25 de decembro non pode comprar os produtos. E repítolle, é que nisto dos produtos non vale de nada telo solucionado en agosto, porque xa non hai a quen botarlle o produto. Normalmente empézanse a...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

O señor GARCÍA GARCÍA: ...botar agora, e é a dificultade que temos.

Deberían, aínda así, máis alá de que se reúnan cos deputados e digan que vai haber moitos cursos, dar información. Falen coas entidades porque hai moita xente preocupada por este tema, e hai moita xente que xa hoxe está recorrendo a veciños para que compren o produto no seu nome. Están aplicándoo de forma irregular. E vostedes...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor García.

O señor GARCÍA GARCÍA: ...son os responsables desa chafallada que fixeron durante estes anos.

Grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas.

Turno de réplica para o Goberno.

Señora conselleira, ten vostede a palabra.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejueto): Grazas, presidenta.

Señoría, volto repetir o que se fixo durante estes tres anos. Grazas ao traballo desenvolto pola Consellería, 63.252 persoas teñen o carné básico expedido pola Xunta de Galicia. E o último ano, o pasado, 7.359 carnés expedidos por parte da Consellería. Toda esta información está dispoñible para os usuarios nas oficinas agrarias comarcais, tamén na *web* da Consellería. Na *web* da Consellería sábese detalladamente onde se vai impartir cada un dos cursos e o mes no que se van impartir, e non vai ser no verán. Empezáronse a impartir xa os cursos, e aí está toda a súa relación.

No que se refire concretamente ás entidades colaboradoras, na actualidade, e aínda que hai 69 autorizadas pola Consellería para impartir formación presencial de cursos fitosanitarios, só 31 destas entidades tiveron actividade ao longo do ano 2015, e non porque o prohibira a Consellería. Co cal, non se pode dicir que non se autorizou ás entidades.

Neste momento hai 34 entidades que solicitaron cursos presenciais para desenvolver ao longo do ano 2016, neste primeiro trimestre, das cales 20 entidades xa están autorizadas e as 14 restantes están pendentes de distintos requiri-

mentos. Tamén temos novas solicitudes de alta no rexistro de entidades colaboradoras, e estase axilizando o máximo posible de xeito administrativo para poder facelo nun tempo récord. Ademais, imos adiantar no tempo os cursos aprobados de cara á primavera; é dicir, teñen vostedes a relación e aí poden consultala. Pero dígolles xa, para que a teñan de primeira man: na área de Betanzos-Ferrol, en Ferrol, 4; na área de Carballo: outros 4 en Carballo, 3 en Baio, 2 en Corcubión e 9 en Cambre; na área de Arzúa: 8 en Ordes e 5 en Arzúa; na área de Noia-Santiago: 2 en Santiago, 2 en Negreira e 4 cursos en Santa Comba. Podemos pasar a Lugo —aínda que poderíamos seguir dando a relación dos que se van impartir na provincia da Coruña—: están 6 en Lugo, 4 en Castroverde, 2 en Friol e 3 en Sarria; na área de Monforte de Lemos: 2 en Chantada e 1 en Quiroga; na área de Mondoñedo, 1 en Mondoñedo, 2 en Viveiro e 1 en Foz... E un longo etcétera; co cal, non se pode dicir que esta consellería non se

preocupara. E preocupouse dende o momento en que nos orzamentos deste ano se incrementou considerablemente o orzamento, pasando de 405.000 euros a 1,4 millóns de euros; é dicir, un incremento de 189,48 %.

Non só nos centramos nestes cursos, que, por suposto, son imprescindibles, senón que se abre o abano á formación exixible e tamén á non exixible.

Moitas grazas.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora conselleira.

Esgotada a orde do día, érguese a sesión.

Remata a sesión ás sete da tarde.

RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Acuña do Campo, María Carmen	(S)
2. Adán Villamarín, María do Carme	(BNG)
3. Arias Veira, Pedro Manuel	(PP)
4. Baamonde Díaz, Agustín	(PP)
5. Balseiro Orol, José Manuel	(PP)
6. Beiras Torrado, Xosé Manuel	(AGE)
7. Blanco Paradelo, Moisés	(PP)
8. Blanco Rodríguez, Noela	(S)
9. Burgo López, María Concepción	(S)
10. Camino Copa, Angel	(PP)
11. Cancelo Márquez, María Teresa	(PP)
12. Castiñeira Broz, Jaime	(PP)
13. Devesa Bouzas, Sandra María	(PP)
14. Docasar Docasar, Ricardo Vicente	(S)
15. Dorado Soto, Javier	(PP)
16. Fajardo Recouso, Juan Manuel	(AGE)
17. Fariñas Sobrino, Hipólito	(PP)
18. Fernández Fernández, Raúl	(S)
19. Fernández Gil, César Manuel	(PP)
20. Fernández Macías, Jackeline Elisabeth	(PP)
21. Fernández Rodríguez, Mónica	(M)
22. Ferreiro Vidarte, María de los Angeles	(S)
23. Freire Abeijón, José Santiago	(PP)
24. Gallego Calvar, María Carmen	(S)
25. Gallego Lomba, José Manuel	(S)
26. García García, Pablo	(S)
27. García Pacín, María Isabel	(PP)
28. Goldar Güimil, Jesús Antonio	(PP)
29. Gómez Alonso, Alejandro	(PP)
30. González Sánchez, Elena Cruz	(PP)
31. González Santín, Juan Carlos	(S)
32. Guerra Fernández, Javier Jorge	(PP)
33. Iglesias Sueiro, Carmen	(M)
34. Iniguez Martínez, Jaime	(PP)
35. Jorquera Caselas, Francisco Xesús	(BNG)
36. Losada Álvarez, Abel Fermín	(S)
37. Martínez García, María Consuelo	(M)
38. Martínez-Sierra López, Vidal	(PP)
39. Méndez Romeu, José Luis	(S)
40. Moreira Ferro, Jacobo	(PP)
41. Mourino Villar, Antonio	(PP)
42. Nóvoa López, Enrique	(PP)
43. Núñez Centeno, Aurelio Alfonso	(PP)
44. Núñez Feijóo, Alberto	(PP)
45. Oubiña Solla, Rosa	(PP)
46. Paz Franco, María Tereixa	(BNG)
47. Pérez Hernández, Berta	(PP)
48. Pombo Rodríguez, Cosme Eladio	(BNG)
49. Pontón Mondelo, Ana Belén	(BNG)
50. Pouso Maneiro, María Herminia	(PP)
51. Prado Coreas, María Montserrat	(BNG)
52. Prado Patiño, Jesús Miguel	(PP)
53. Puy Fraga, Pedro	(PP)
54. Quintas Alvarez, María Remedios	(S)
55. Rodas Chapela, Daniel	(BNG)
56. Rodríguez Arias, Marta	(PP)
57. Rodríguez Barreira, María Julia	(PP)
58. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(PP)
59. Romero Fernández, Cristina Isabel	(PP)
60. Ron Fernández, José Javier	(AGE)
61. Rueda Valenzuela, Alfonso	(PP)
62. Sánchez Bugallo, José Antonio	(S)
63. Sánchez García, Antón	(AGE)
64. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(PP)
65. Santos Pérez, Ramón	(PP)
66. Santos Regueiro, José Francisco	(PP)
67. Solla Fernández, Eva	(AGE)
68. Soneira Tajas, María Soledad	(S)
69. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	(PP)
70. Trenor López, Gonzalo	(PP)
71. Val Alonso, José Ramón	(S)
72. Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luis	(PP)
73. Vázquez Blanco, Emilio	(S)
74. Vázquez Díaz, Ramón	(AGE)
75. Vilán Lorenzo, Patricia	(S)



DIARIO DE SESIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25